




Axenda Dixital de Galicia 2014.gal

Informe 2013

XUNTA DE GALICIA

Edita:


Xunta de Galicia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

Lugar: Santiago de Compostela

Ano: 2014

Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons 3.0 Spain **Recoñecemento-Compartir baixo a mesma licenza**
dispoñible en:
<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.gl>



2014.gal Axenda Dixital de Galicia

Informe 2013

INDICE

Axenda Dixital de Galicia 2014.gal	
Iniciativas transformadoras	6
Converxencia con Europa	9
Mecanismos de aforro e eficiencia	12
Liñas estratéxicas da Axenda Dixital	
Administración intelixente	16
Administración eficiente	40
Cidadanía dixital	46
Transforma TIC	62
EconomiC-IT	67
InfraTeleCom	75
Medidas instrumentais	81
Outros datos da Axenda Dixital	
Orzamentos	89
Indicadores	91
Imaxes e eventos	99

A Axenda Dixital de Galicia 2014.gal

Iniciativas transformadoras

Un novo modelo económico para Galicia

A Comisión Europea estableceu para as rexións e os Estados membros que desexen optar a fondos estruturais no período 2014-2020, a necesidade de identificar as áreas de especialización susceptibles de recibir financiamento comunitario para a realización de proxectos de I+D, innovación e TIC.

Este cambio de paradigma na xeración das políticas de innovación a escala europea responde á necesidade de facer un uso eficiente dos recursos. Ademais, atisbando a recuperación económica, o informe presenta catro escenarios que demostran como as TIC poden ser unha importante fonte de crecemento para a Unión Europea.

Ante os retos económicos actuais, coa máxima atención no emprego, o crecemento e a competitividade e a pesar das reducións xerais de gasto, permítese un aumento dos recursos orientados ao futuro tales como a investigación, a innovación e a educación. Así mesmo, estímase afondando no mercado único, as TIC suporían máis da metade do crecemento do PIB.

Estratexia de Crecemento Dixital de Galicia

Neste nova contorna, a Amtega definiu a Estratexia de Crecemento Dixital, unha estratexia aliñada coa Estratexia de Especialización Intelixente RIS3, cumprindo así cos requirimentos establecidos pola Unión Europea, onde as estratexias de investigación e innovación para especialización intelixente incorporan un capítulo destinado ás TIC. Ademais establece relacións sinérxicas entre ambas para a captación de fondos europeos en proxectos tecnolóxicos no período 2014-2020.

A estratexia RIS3 incorpora as TIC como un dos motores para a especialización e competitividade dos sectores produtivos galegos, poñéndose ao servizo de todos os galegos con tres retos: un novo modelo de xestión de recursos naturais e culturais baseado na innovación, un novo modelo industrial sustentado na competitividade e o coñecemento e un novo modelo de vida saudable cimentado no envellecemento activo da poboación con base no desenvolvemento tecnolóxico.

Ademais, a Estratexia de Crecemento Dixital é unha estratexia deseñada para dar continuidade aos logros acadados nos últimos anos e establece unha folla de ruta para converxer coa UE en 2020. Da prioridade a cinco grandes liñas de actuación que darán continuidade ás actuacións da Axenda Dixital 2014.gal: a consolidación da Administración electrónica e a modernización tecnolóxica dos servizos públicos, a consolidación do sector TIC, a mellora da competitividade do tecido empresarial, e por último, o impulso ao despregamento de redes ultrarrápidas, a promoción do uso da banda larga móbil e o desenvolvemento dos servizos do fogar dixital.

Unha sociedade dixital

Pero ademais de traballar cara adiante, determinando as liñas de traballo do futuro, os novos camiños por onde desenvolver as actuacións no eido tecnolóxico, a Xunta de Galicia no ano 2013 continuou co avance da Axenda Dixital 2014.gal en todos os ámbitos.

Administración electrónica

Así, o informe deste ano recolle o progreso acadado coa adaptación de estándares, tanto para a creación dunha mensaxe sinxela, accesible a través do portal corporativo, como para a creación dunha sede electrónica na que se están a incorporar cada día máis procedementos (39% do total), ao tempo que se revisan para a redución das cargas administrativas a cidadáns e empresas (941 procedementos revisados), cos correspondentes aforros en tempo e custos económicos.

Ademais, no 2013 deuse un salto tecnolóxico co desenvolvemento de aplicacións para ser usadas en mobilidade (10 aplicacións) e coa xeolocalización dos centros de servizos públicos da Administración en Galicia (6.300 recursos). Tamén son destacables os avances nos mecanismos para a promoción da participación cidadá, onde o uso das redes sociais é fundamental (210 canles nas diferentes redes sociais).

Sanidade e benestar

A utilización das TIC para a prestación de servizos públicos como a sanidade e a xustiza é fundamental e forman parte esencial dos mesmos. No ámbito sanitario os avances na historia clínica dixital, a imaxe dixital, a ereceita teñen feito que Galicia sexa unha das rexións europeas de referencia nos proxectos de envellecemento activo.

Tamén, no 2013 púxose en marcha o Plan Trabe, para a planificación tecnolóxica dos servizos sociais públicos e a creación da historia social única para cada usuario.

Xustiza

No ámbito da xustiza, segue a camiñar o Plan Senda para a dotación de medios tecnolóxicos a Administración de Xustiza: tanto no equipamento básico como no especializado, sistemas de videoconferencia (100% salas), ou de gravación de vistas (15 salas no 2103) e nas aplicacións informáticas correspondentes. Tamén comezou a funcionar o portal eXustiza, un portal para facilitar a relación da cidadanía coa administración xudicial.

Educación e formación tecnolóxica

En canto á formación, as iniciativas continúan en varias direccións. Por unha banda na formación dos máis novos, o Plan Abalar para a introdución das TIC na practica diaria das escolas, que está a chegar a 49.000 alumnos. Por outra, na formación dos colectivos en risco de exclusión a través da rede CeMIT, máis de 32.000 persoas asistiron ás 3.300 actividades formativas realizadas e da rede de Voluntariado Dixital, un programa que xa conta con 340 voluntarios e 78 entidades de acción social. Tamén se puxo en marcha no 2013 o blog “Xente dixital”, un espazo para compartir as vantaxes da tecnoloxía na vida diaria.

Sector empresarial das TIC

Ademais do mencionado Plan TransformaTIC, no 2013 asinouse un Pacto Tecnolóxico entre a Xunta de Galicia e inicialmente o Cluster TIC e 11 das

grandes empresas TIC que operan en Galicia, un pacto que incorpora un decálogo para o desenvolvemento dixital de Galicia. Os primeiros resultados son a posta en marcha dun Centro de Emprendemento TIC e a extensión da cobertura de redes 4G ás sete cidades galegas.

Por outra parte, destacar a continuidade do programa de axudas Interconnecta, que no 2103 tivo unha dotación total de 75 millóns de euros, máis do 10% adicados a proxectos TIC.

Aplicación das TIC nas empresas

O Centro Demostrador das TIC leva desenvolvidas 57 actividades, entre sesións demostradoras e de formación, nas que participou persoal de 778 empresas. Ademais celebrouse a semana sectorial do textil-moda, a primeira deste tipo, na que se presentou o catálogo de solucións tecnolóxicas modaTIC.gal.

Son novidades do 2013, o Plan SmartTurismo, para a aplicación das TIC na promoción, comercialización e fidelización dos viaxeiros, así como fomentar a innovación no sector e potenciar os Camiños de Santiago. Tamén o sistema para a localización das flotas de autobuses e mellora da información aos usuarios do Transporte Metropolitano de Galicia, no que en 2103 se emitiron case 16,5 millóns de billetes.

Infraestruturas de telecomunicación

O Plan de Banda Larga permitiu chegar a fin de ano a unha cobertura do 97% da poboación e para o 3% restante dotáronse liñas de axudas para a instalacións de sistema de conexión vía satélite. Ademais as actuacións do plan acadaron que máis do 50% da poboación de Galicia poida acceder as redes de nova xeración (NGA), así como diminuír a menos de 2 puntos a fenda territorial entre as provincias galegas, cando en 2009, ao inicio do plan era de 20 puntos.

Outros fitos do 2013 nesta liña, son o inicio da instalación do equipamento da Rede de Emerxencias de Galicia que entrará en funcionamento no 2014 e a publicación da Lei 3/2013 de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicación de Galicia.

Colaboración con outras administracións

Ademais das iniciativas da Xunta no ámbito da propia Administración autonómica, na cidadanía e nas empresas, estanse a desenvolver varias actuacións para favorecer a desenvolvemento da administración electrónica noutras administracións galegas como as Deputacións provinciais e os Concellos. Así temos que o portal eidolocal ten case 4.000 usuarios rexistrados, elaborouse a Axenda Dixital Local, está a desenvolverse un sistema de licitación electrónica para concellos, e o proxecto ARPAD, un proxecto da euronrexión Galicia-Norte de Portugal vai desenvolver o Arquivo Dixital de Galicia.

Dotación orzamentaria

Malia que a redución orzamentaria xeral que a Xunta de Galicia tivo que facer nos últimos anos por mor da crise, o orzamento para novos investimentos, gastos e liñas de axudas relacionadas coa aplicación e difusión das TIC na sociedade acada case 610 millóns de euros dende o inicio da Axenda Dixital no 2010.

Ademais as empresas receptoras das liñas de axudas realizaron uns investimentos adicionais de 277 millóns de euros que conforman un importe total de 887 millóns de euros en proxectos ligados ao uso das TIC en Galicia.

Converxencia europea

No cadro seguinte faise unha avaliación do impacto das liñas da Axenda Dixital de Galicia 2014. gal respecto aos piares da *Digital Agenda for Europe*, remarcando así un dos obxectivos plantexados no documento inicial de presentación da estratexia galega, a integración co Plan Estratéxico Galicia 2010-2014 e a converxencia con Europa, expresado en tres prioridades:

- Crecemento intelixente: desenvolvemento dunha economía baseada no coñecemento e a innovación.
- Crecemento sustentable: promoción dunha economía que faga un uso máis eficaz dos recursos, que sexa máis verde e competitiva.
- Crecemento integrador: fomento dunha economía con alto nivel de emprego que teña cohesión social e territorial

Así, facendo un repaso por cada un dos oito piares da axenda europea, pódense identificar unha serie de proxectos galegos que teñen gran vinculación coa estratexia europea e que enumeramos a continuación.

Piar nº1 : Mercado Único Dixital: eliminar as barreiras ao libre fluxo de servizos en liña e entretemento a través das fronteiras nacionais, actualizar as regras do mercado único para a era dixital, crear un espazo único de pagamento en liña, e protexer os consumidores no ciberespazo.

Piar nº2: Interoperabilidade e Estándares, facer que os dispositivos e aplicacións traballen en conxunto en calquera lugar do mundo, asegurar que os arquivos de datos e servizos interactúen en Internet, mediante o uso de estándares.

Piar nº3: Confianza e Seguridade, facer que os usuarios das web poidan sentirse seguros ao realizar transaccións en liña, eliminar as ameazas como o software malicioso e fraudes on-line que impiden o incremento da economía en liña.

Piar nº4: Internet rápida, para conseguir a provisión de novos servizos que necesitan un acceso moito máis rápido a Internet, estimular investimentos e propoñer unha mellor utilización do espectro radioeléctrico.

Piar nº 5: Investigación e Innovación, para atraer aos mellores á investigación, e transformalas en produtos e servizos comercializables.

Piar nº6: Mellora das competencias dixitais, aínda hai moitas persoas con dificultades para beneficiarse plenamente dos contidos e servizos electrónicos, polo que é preciso aumentar os coñecementos e eliminar esta fenda dixital.

Piar nº7 : As TIC para os retos sociais, as tecnoloxías para reducir o consumo de enerxía, dar soporte aos servizos de saúde e ofrecer mellores servizos públicos. Tamén para impulsar a dixitalización do patrimonio cultural.

Pilar nº8: Internacionalización, facer de Europa unha potencia de crecemento intelixente, sostible e inclusivo no escenario global. Os sete piares deben ter dimensións internacionais.

No cadro, establécese unha marca graduada sobre o nivel de desenvolvemento da iniciativa plantexada, estado ou nivel inicial (●), nivel medio (●●) e nivel alto (●●●) de xeito que se poda visualizar de modo rápido o avance do proxecto na consecución dos obxectivos.

 Principais proxectos do 2013 da Axenda Dixital de Galicia 2014.gal con impacto nos piares da Digital Agenda for Europe 	PIAR. 1 Mercado Dixital Único	PIAR. 2 Interoperabilidade e estándares	PIAR. 3 Seguridade e confianza	PIAR. 4 Redes máis rápidas de acceso a Internet	PIAR. 5 I+D	PIAR. 6 Alfabetización dixital, competencias	PIAR. 7 Estender os beneficios da SI á sociedade	PIAR. 8 Internacionalización
Plan de Modernización Desenvolvemento normativo, sede electrónica, ..							● ● ● ●	
Plan de Modernización Servizo de atención ao cidadán, eparticipación, ...							● ● ● ●	
Plan de Modernización Diario Oficial de Galicia dixital, ...	● ● ● ●						● ● ● ●	
Plan de Modernización Sinatura dixital, licitación e factura electrónica, ...			● ●				● ● ● ●	
Plan de Modernización Accesibilidade, uso de estándares, ..		● ●				● ● ● ●		
Proxecto Kronos Identidade dixital do empregado público, ..			● ●					
Plan eConcellos Intercambio de datos entre Administracións		● ●	● ●					
Xustiza: Senda 2014 Equipamento, aplicacións, formación		● ●					● ● ● ●	
Sanidade Historia clínica dixital, ereceita, telemedicina							● ● ● ●	
Benestar e dependencia Tecnoloxía innovadora para o benestar					● ●		●	
Emprego Portal do emprego			● ● ● ●				● ● ● ●	
Abert@s OpenData, reutilización da información pública		● ●					● ●	
green-IT Aforro de enerxía mediante as TIC							●	
CPDI Centro de Procesos de Datos Integral da Xunta		● ● ● ●	● ● ● ●				● ●	
Outros servizos públicos Calidade do aire, do uso do solo, do territorio, ...							● ●	

 Principais proxectos do 2013 da Axenda Dixital de Galicia 2014.gal con impacto nos piares da Digital Agenda for Europe 		PIAR. 1 Mercado Dixital único	PIAR. 2 Interoperabilidade e estándares	PIAR. 3 Seguridade e confianza	PIAR. 4 Redes máis rápidas de acceso a Internet	PIAR. 5 I+D	PIAR. 6 Alfabetización dixital, competencias	PIAR. 7 Estender os beneficios da SI á sociedade	PIAR. 8 Internacionalización
Plan Abalar Aulas dixitais, espazoAbalar, formación de familias		●●		●●●●			●●●●		
Rede CeMIT Alfabetización dixital,							●●●●		
Competencias Dixitais Decreto, recoñecemento oficial, etc.							●●		
Formación on-line Plataforma da EGAP, temarios públicos,							●●●●		
Voluntariado Dixital Formación e inclusión dixital							●●●●		
TIC e Lingua Formación e inclusión dixital		●●●●					●●●●		
Transforma TIC Liñas de apoio ao sector, internacionalización						●●●●			●●
Sector audiovisual e de contidos dixitais Liñas de apoio ao sector, internacionalización		●						●●	●●
FLOSS Oficina de apoio, difusión e promoción software libre						●●		●●●●	●
CDTIC Centro Demostrador das TIC							●●●●		
Oficina agraria virtual (OAV) Datos de movementos de animais				●●●●			●●●●		
TICPESC Lonxas e os documentos de produtos				●●●●			●●●●		
Plan de Transporte Metropolitano Tarxeta transporte, sistemas de información							●●●●		
Xeodestinos Aplicación das TIC no turismo							●●●●		
Plan de Banda Larga Redes de nova xeración e redes no rural					●●●●				
Rede de emerxencias Apoio aos colectivos de xestión de emerxencias					●			●	
Retegal Operador público de telecomunicacións					●●●●				

Mecanismos de aforro e eficiencia

A novo modelo integrado de xestión da política tecnolóxica da Xunta de Galicia, liderado pola la Amtega está a consolidar importantes aforros e xerar eficiencias no uso dos servizos e as infraestruturas tecnolóxicas. Como exemplo:

Consolidación de contratos de infraestrutura e hardware

Redución de máis dun 25% dos custos de mantemento e adquisición de sistemas e infraestruturas

¿Cómo?

Mediante a agrupación de pedidos, o incremento do volume de compra e a optimización da xestión grazas a:

- A consolidación e homoxeneización de infraestruturas tecnolóxicas e de soporte.
- O impulso da virtualización e do uso do Software Libre.
- Evitar duplicidades no gasto.
- A xeración de economías de escala por volume de pedido, contratos corporativos de compra de hardware ou servizos.

Aforro acadado	Actuación desenvolvida
Aforro do 60,4% en telefonía fixa , o que supón 1,8 millóns de euros ao ano	Centralizando desde o ano 2011 o pago por consellerías dos centros que tiñan contrato directo co operador
Aforro en infraestrutura hardware de 1,4 millóns	Grazas á compra centralizada de equipamento, obtendo os beneficios de economías de escala
Aforro do 43%, 257.000 euros, en contratos de mantemento de hardware	Consolidando os contratos de mantemento nun único contrato
Aforro del 60% en custo de consumibles e do 20% en mantemento e adquisición de equipamento de impresión	Formalizando un novo contrato corporativo do servizo de impresión no ámbito de Xustiza, Consellería de Presidencia e delegacións territoriais.

Ademais, integráronse todos os contratos de administración que tiña cada consellería nun único contrato corporativo e asináronse novos contratos de administración de sistemas de aplicacións corporativas e de administración de sistemas de aplicacións sectoriais.

Consolidación de contratos de software


De forma xeral reduciuse nun 30% o custo de adquisición e mantemento de licenzas. Especificamente merecen mención:

Aforro acadado	Actuación desenvolvida
Aforro de un 50% en licenzas de ofimática con una redución media anual de 1,7 millóns de euros	Asinando un novo contrato corporativo que da cobertura a diferentes produtos do fabricante de software (software de servidor, backoffice e escritorio). Empregando economías de escala e apostando polo software libre, substituíndo de forma progresiva a suite de ofimática por LibreOffice (software libre).
Aforro 1 millón euros a 4 anos en xestión de bases de datos e servidores de aplicacións	Asinando un novo contrato corporativo de licenzas de BBDD e a unificación de contratos
Aforro de 3,7 millóns de euros no período 2010-2012, supoñendo un aforro anual en custos de mantemento de case un millón de euros	Impulsando a utilización de ferramentas de software libre en iniciativas estratéxicas da Administración autonómica como o Proxecto Abalar (ámbito educativo), a Rede de Aulas CeMlt (formación á cidadanía) e en actuacións da administración electrónica.
Aforro estimado de 3,5 millóns de euros de inversión e soporte en software de base de infraestruturas baseados en software libre	Potenciando o uso do software libre en backups, xestores de bases de datos, software de servidor do proxecto Abalar.
Aforro aproximado do 40% en custos de mantemento de equipamento hardware	Contratando un servizo unificado y consolidado para el mantemento da infraestrutura hardware existente nos centros de proceso de datos dependentes da Xunta de Galicia
Aforros de ata un 50% na ferramenta de virtualización	Grazas á migración da ferramenta de virtualización a unha plataforma baseada en software libre (Red Hat).

Optimización da estrutura e economías de escala

Outras actuacións

Aforro acadado	Actuación desenvolvida
Aforro de 37 millóns de euros en 10 anos na Rede dixital de Emerxencias de Galicia	Maximizando o uso das infraestruturas existentes en vez do uso de redes comerciais. A solución inclúe aplicacións e funcionalidades estendidas, tanto de voz como de datos, entre as que destaca o servizo TEDS que permite a transmisión de datos en redes de emerxencia a alta velocidade
Redución dun 50% en custos en coordinación de proxectos	• Creando un novo perfil de xerentes de proxecto, con competencia e especialización por tipoloxía de proxecto e sector. • Consolidando e racionalizando os proxectos das Consellerías. • Reducindo os cargos de estrutura organizativa. • Favorecendo un uso máis eficiente de recursos
Aforro dun 20% de unificación de aplicacións e soporte de los sistemas corporativos	• Mediante a unificación de sistemas de xestión, de persoal, ofimática, etc. • Concentrando os contratos de desenvolvemento. Por exemplo: 6 contratos do ámbito de educación cun aforro dun 7%. • Consolidación de contratos de servizos de atención ao usuario • Consolidación de contratos de soporte microinformático
Redución dun 20% no consumo enerxético	• Mediante o peche de corredores de aire, un aforro enerxético de entre o 10 e o 12%. • Incrementando en 5 grados a temperatura do CPD, grazas a que as novas máquinas están preparadas para traballar a pleno rendemento a temperaturas de ata 27°C. • Free Cooling, o que supón un aforro de entre o 7% e o 15% na factura enerxética.



2014.gal Axenda Dixital de Galicia

Liñas Estratéxicas

Administración intelixente

A administración electrónica camiña con paso firme cara adiante, son moitas as vantaxes e poucos os riscos. Nunha sociedade como a actual onde estamos case permanentemente conectados, dispor de acceso as 24 horas dos 365 días do ano comeza a verse como algo normal, pero detrás hai moito deseño, organización de procesos e procedementos legais, hai que mudar hábitos e costumes tradicionais e transmitir seguridade para gañar a confianza da sociedade. Ademais nun momento de falta de recursos públicos, as políticas para facer máis con menos son irrenunciáveis.

Por iso, os plans desenvolvidos nos últimos anos desde a Xunta de Galicia, o plan de Modernización, os plans de e-saúde, e-xustiza, etc. ademais de responder aos obxectivos plantexados están a servir de modelo para proxectos europeos ou a recibir premios polo seu carácter innovador e de xestión dos recursos públicos.

Como elementos destacados nesta liña, e desenvolvidos no ano 2013 poderíamos destacar a posta a disposición de novos servizos no portal corporativo, e novos procedementos na sede electrónica. A porcentaxe de procedementos que se poden iniciar de modo telemático xa chega ao 38,6%, o que supón 6,5 puntos máis que no 2012.

Outro elemento fundamental na sociedade actual é a comunicación bidireccional que están a ofrecer as redes sociais, un elemento de participación cidadá. Os organismos da Xunta de Galicia promoven a relación coa sociedade a través de 210 sitios nas principais redes sociais: Facebook, Twitter, etc.

No ámbito interno e para dar cobertura legal e axilidade na execución dos procedementos están a ser fundamentais aplicacións como o portasinaturas, o uso da tarxeta de empregado público, que xa usan o 38% dos empregados da administración xeral autonómica e o 100% da administración de xustiza; os sistemas de interoperabilidade para acceder e dar validez á información que xa obra en mans das administracións públicas, xa hai 12 servizos interoperables. Ademais fixéronse 383 novos informes para a redución da carga administrativa.

En canto, a sanidade Galicia é unha das CCAA con maior implantación da receita electrónica (97,5%) e do aproveitamento das súas vantaxes, ademais case o 100% dos centros de atención primaria poden acceder a imaxe dixital e compartir os sistemas de telemedicina. A porcentaxe de cidadáns que usan a rede para a solicitude das citas médicas xa alcanza ao 26,8%, 4 puntos máis que no 2012.

Polo que se refire a xustiza, continúa a implantación do plan Senda para introducir o uso dos TIC na xestión da información dos procesos xudiciais. No 2013 púxose a andar o portal eXustiza, instaláronse sistemas de gravación dixital nas salas de vistas, implantouse novo equipamento, o 85,5% ten menos de 5 anos de antigüidade, novas liñas de comunicación, liñas de respaldo, etc.

Outro elemento do ámbito tecnolóxico desenvolvido no 2013 é o acceso as aplicacións en mobilidade. A dispoñibilidade de cobertura e o cada día maior número de teléfonos intelixentes fan desta prestación unha obriga. A finais de ano pasado, 10 aplicacións xa estaban deseñadas para ser usadas dende o móbil.

604

procedementos
electrónicos,
38,6 % do total

210

canles en
redes sociais

10

Aplicacións deseñadas
para o uso en mobilidade

O portal corporativo xunta.es

- O portal integra novas funcionalidades: “Servizos no mapa”, e comeza a adaptarse de xeito máis directo aos dispositivos móbiles
- Segue a aumentar o número de sitios nas redes sociais para promover a participación cidadá: 210 a finais do 2013, case un 50% máis que no 2012

Un dos obxectivos principais da Axenda Dixital no ámbito da Administración era aproveitar a capacidade das TIC para transformar as relacións entre goberno e cidadanía, de xeito que se mellore a prestación dos servizos e que se presten de xeito igualitario independentemente do lugar de residencia e facilitando o acceso as persoas con discapacidade.

Neste modelo, o portal corporativo xoga un papel fundamental, pasando de ser un elemento de comunicación, das novas e actuacións dos diferentes departamentos administrativos a ser “a Administración”, un portal aberto as 24 horas, os 365 días, un lugar onde poder realizar solicitudes ou presentar documentación, así como un espazo que facilita a transparencia e a participación cidadá.

O Decreto 201/2011, polo que se regula a presenza da Administración xeral e do sector público autonómico en Internet definiu o modelo de presenza na Rede, co que se pretende articular a relación entre a oferta e demanda dos servizos públicos, o impulso dos servizos públicos, etc. e desde esa data o portal corporativo está a ser o punto de encontro, onde procurar a localización de información e a iniciación dos procedementos electrónicos.


Portal Corporativo (xunta.es)

O Decreto 201/2011 define o portal corporativo como “o sitio web institucional da Xunta de Galicia constituído polo conxunto de páxinas web relacionadas entre si, estruturadas mediante un sistema de información de libre acceso e albergada na Rede corporativa da Xunta de Galicia”.

Engade, o devandito texto, que o portal debe recoller, xunto coa información institucional corporativa, a información administrativa e os servizos en liña facilitados ou prestados pola Administración xeral de Galicia para a súa difusión ás persoas interesadas.

Como resultado das visitas para a recollida de información e tramitación de procedementos administrativos o portal web institucional rexistrou no ano 2013 máis de 3,2 millóns de visitantes distintos e por riba de 10 millóns de visitas.

Ademais dos servizos que se describen a continuación o portal no corporativo no 2013 comezou a usar unha nova versión de buscador de información, que incorpora melloras desde o punto de vista de usabilidade como da presentación dos resultados, a nova indexación exclúe elementos duplicados e engade aqueles que son de uso máis frecuente polos usuarios do portal.



Novos servizos do portal corporativo

Durante o 2013 engadíronse como novidade os seguintes contidos e servizos que se detallan a continuación:


Servizos no mapa

En setembro comezou a funcionar un novo servizo na web corporativa, a información xeorreferenciada da localización dos servizos públicos da Administración pública, tanto autonómica como estatal e local. Esta funcionalidade dispón de máis de 6.300 recursos xeorreferenciados aos que se seguirán incorporando novos servizos.

O servizo permite as procuras de información por palabras, concellos, provincias, tipos de servizo e temáticas. O mapa pode visualizarse de forma reducida ou ampliada e para cada tipo de servizo ofrece iconas específicas sobre as que se pode premer para obter os datos relacionados de cada recurso (endereço, teléfono, correo electrónico, horario, etc.).

Comezou coa información e localización detallada dos centros educativos; farmacias; centros de saúde; de hospitais e centros de especialidades; a rede de arquivos de Galicia; da rede de aulas da rede de Centros para a Modernización e a Inclusión Tecnolóxica (CeMIT), da rede de bibliotecas de Galicia; das oficinas de rexistro e información da Xunta de Galicia; dos museos e coleccións visitables do sistema galego de museos; das oficinas de turismo; dos Centros de Información á Muller e das oficinas do Instituto Galego de Consumo.

A finais de ano, a información xa se estendía a casas de concellos, oficinas de emprego, centros sociais (para persoas con discapacidade, para a infancia, para persoas maiores), e edificios da administración de xustiza de Galicia.



Catálogo de portais


Logo da publicación do Decreto 201/2011, polo que se regula a presenza da Administración xeral e do sector público autonómico en Internet xurdiu o Catálogo de portais como un xeito de facilitar a recollida da información xeral, as características e as propiedades dos distintos portais e servizos nas redes sociais cara a definir elementos comúns que facilitasen a relación coa cidadanía dun xeito dinámico e proporcionando unha forma estruturada, sinxela e segura.

No último ano continuouse coa evolución esperada, unha redución do número de portais web, baixando a 235, e un incremento de iniciativas nas redes sociais, un novo modelo de participación cidadá que están a mudar as formas de relación e comunicación na sociedade actual, ao facilitar a relación dun xeito dinámico e continuo, subindo ata 210 canles, case un 50% máis que o ano anterior.


A elaboración do catálogo de portais ademais de procurar a redución do número de webs tamén está a simplificar a localización de contidos, por un lado en base a ofrecer unha imaxe homoxénea, organizando a información de modo estruturado e atractivo e por outro, desde un punto de vista técnico, facilitando a compatibilidade e interoperabilidade de contidos, ao definir uns estándares comúns para o seu desenvolvemento.

Por outra banda na seguinte gráfica móstrase a situación a finais do 2013 respecto ao número de portais e sitios nas redes sociais distribuídos acorde coa estrutura de Consellerías existentes na actualidade na Xunta de Galicia.

Evolución do número de portais e redes sociais



Presenza das Consellerías en webs e redes sociais



Novos portais do ano 2013

A continuación recóllese unha lista dalgúns dos portais máis relevantes postos en marcha durante o pasado ano 2013, seguindo as directrices da “Guía de políticas web da rede de portais da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia” publicada lodo do Decreto 201/2011 mencionado anteriormente.

	Plataforma de Contratos Públicos de Galicia http://www.contratosdegalicia.es/ Portal de acceso á consulta de anuncios de información previa, das licitacións en curso, das licitacións en curso, adxudicacións máis recentes, etc.
	Cidade da Cultura http://cidadedacultura.org Portal de referencia sobre a programación de eventos que teñen lugar na Cidade da Cultura. Incorpora tamén información da Fundación que xestiona este espazo.
	Administración de Xustiza de Galicia http://www.exustiza.es/ Publicouse a primeira sección do portal da Administración de Xustiza en Galicia: cidadáns.
	Administración Local de Galicia http://www.eidolocal.es/ Versión renovada do portal que xurdiu como plataforma informativa do programa de modernización e reforma da Administración pública galega.
	Centro Galego de Arte Contemporánea http://www.cgac.org/ Inclúe información sobre o espazo, destinado á difusión da oferta cultural. Inclúe actividades, cursos, xestión, etc. así como axenda de eventos e enlaces a redes sociais.

Aposta pola mobilidade tecnolóxica

O Consello da Xunta acordou en maio que a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) sexa o organismo encargado da tramitación, xestión, mantemento ou retirada de aplicacións para móbiles e outros dispositivos electrónicos de calquera organismo da Administración autonómica para plataformas Android e iOS que se publicarán baixo a denominación única de Xunta de Galicia.

O obxectivo desta medida, enmarcada no Plan de Modernización Autonómica, é facilitar a identificación das diferentes aplicacións publicadas pola Administración autonómica e contribuír a aumentar a confianza de quen as usa, ao actuar a Xunta como garante da súa fiabilidade e actualización.

Os teléfonos móbiles están a converterse no soporte máis empregado no mundo para conectarse á Internet, polo que a Administración non podía ser allea a esta tendencia, e facilitará o acceso móbil aos servizos da Xunta de xeito progresivo, un paso máis conseguir unha Administración aberta as 24 horas os 365 días do ano grazas ao uso de medios telemáticos.

A raíz deste acordo, e co obxecto de difundir cales son as aplicacións móbiles rexistradas e xestionadas nas plataformas corporativas creouse un novo espazo web no portal corporativo para dar acceso ás aplicacións móbiles rexistradas.

A finais do 2013 había 10 aplicacións dispoñibles, as que recolle a imaxe, que atenden tanto a temas de carácter institucional e legal como o acceso ao Diario Oficial de Galicia, a temas relacionados coa meteoroloxía: MeteoSix e MeteoRoute, de ámbito turístico: Turismo de Galicia, Enoturismo; Sendegal e mesmo aplicacións para realización de trámites administrativos como as da Oficina de Emprego ou para permitir a relación entre os axentes da comunidade educativa: profesores, alumnos e familias (espazo Abalar).

Por tecnoloxías, todas as aplicacións están desenvolvidas para terminais co sistema operativo Android (10), os de maior número en España, mais tamén hai aplicacións para iOS (9), Blackberry (2) e Windows Phone (1).

Catálogo de aplicacións móbiles

Filtrar aplicacións

- ☐ Android (10)
- ☐ BlackBerry (2)
- ☐ iOS (9)
- ☐ Windows Phone (1)

DOG
A aplicación da Xunta de Galicia para a consulta da información do Diario Oficial de Galicia. Todas as publicacións do DOG dispoñibles no móbil, coas mesmas opcións de localizar e organizar a información de interese para cada persoa usuaria.

abalarMóbil
Unha nova ferramenta para a comunicación entre as familias e os centros educativos. Enmarcándose no proxecto Abalar, unha iniciativa de integración das tecnoloxías da información e a comunicación na práctica educativa en Galicia.

Mobem
Aplicación dirixida a demandantes de emprego inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia. Permite á persoa usuaria renovar a demanda de emprego, consultar as distintas ofertas de orientación laboral, as próximas datas de renovación de demanda e as ofertas nas que é candidato.

Bono Iacobus
Unha aplicación móbil para o servizo turístico Bono Iacobus, da Axencia Turismo de Galicia, que permite percorrer o Camiño Iacobense en casas de turismo rural e gozando da gastronomía tradicional.

Carné Xove
O Carné Xove é unha tarxeta persoal e libremente utilizable que ofrece vantaxes á mocidade galega. Agora conta cunha aplicación coa que accederás ás últimas novidades e os establecementos máis próximos coas ofertas e descontos para os mozos e mozas.

MeteoSix
Unha aplicación que permite desde o móbil seleccionar calquera lugar do sueste de Europa, en terra ou no mar, e obter a predición para ese punto. Tamén é posible buscar entre máis de 29.500 localidades e 800 praias de Galicia.

Sendegal
Unha aplicación que permite coñecer as rutas oficialmente homologadas de Galicia para o sendeirismo, integrando a descrición de cada ruta de las coas súas características, perfil topográfico, grao de dificultade... así como as valoracións e comentarios dos usuarios que xa as percorreron antes.

MeteoRoute
MeteoRoute permite consultar a predición meteorolóxica e osanografía para rutas e etapas, tanto por terra como por mar. A partir da indicación da orixe e o destino, a aplicación calculará a ruta e indicarlle a persoa usuaria as condicións meteorolóxicas durante o traxecto.

Enoturismo
Esta aplicación é útil para coñecer todos os establecementos adheridos aos muros dos viños de Galicia, así como as distintas Denominacións de Orixe Protexidas, incluíndo as características dos seus territorios e dos seus viños.

Turismo de Galicia
Patrimonio cultural, museos, abacementos, artesanía, deportes, festas, gastronomía... todos os recursos turísticos de Galicia dispoñibles no móbil grazas a esta aplicación de realidade aumentada que engade datos verificados por ordenador sobre unha imaxe real.

Presenza nas redes sociais

O Decreto 201/2011 ademais de regular a presenza da Administración pública a través das canles tradicionais, tamén está a abordar as novas canles e mecanismos de comunicación que ofrece a tecnoloxía en cada momento. Así, a crecente presenza das chamadas redes sociais e o seu impacto na vida diaria da cidadanía levou a Xunta de Galicia a desenvolver sitios nas diferentes redes para promover a participación cidadá e mellorar a interrelación coa sociedade dun xeito máis dinámico.

A finais do 2013 o número de canles nas diferentes redes sociais chegaba a 210, case un 50% máis que o ano anterior.

En canto a número de seguidores, entre todas as canles xa hai máis de 416.000 seguidores. A canle de maior relevancia, atendendo a este parámetro é Facebook con 240.000, aínda que a que experimentou un maior crecemento no último ano foi Twitter, con case 150.000, máis do dobre do ano anterior. Tamén é salientable a actividade na canle de videos YouTube que xa supera as 192.000 reproducións.

Por número de canles en cada unha das redes sociais, o maior número de iniciativas está en: Facebook (67), Twitter (64) e Youtube (27), un 74% do total. A continuación Blogs (17), Flickr (14) e xa con menos de dez iniciativas está Issuu, Tuenti, Vimeo, Delicious, Netvibes, MySpace e Menéame.

Do total de iniciativas nas redes sociais, na táboa anexa móstrase a distribución por Consellerías e a evolución temporal nos últimos anos. Destaca o número de redes sociais dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (67) seguido dos organismos dependentes directamente da Presidencia da Xunta de Galicia (54). O maior crecemento no último ano tamén corresponde á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria con 38 novas canles no 2013.

Por último, neste apartado salienta a evolución dos últimos anos en Facebook e Twitter do portal corporativo, xunta.es que continúa crecendo a ritmos que superan o 100% anual, en ambas redes. A finais do 2013, o número de seguidores en Twitter era de 30.300, un 121% máis que no 2012 e o de Facebook era de 11.630, outro 122% máis que o ano anterior.



ORGANISMO	2011	2012	2013
Presidencia	18	43	54
Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións públicas e Xustiza	9	8	15
Facenda	0	2	2
Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas	7	10	10
Economía e Industria	13	20	27
Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	39	29	67
Sanidade	0	11	10
Traballo e Benestar	11	19	21
Medio Rural e Mar	1	1	4
TOTAL	98	143	210

Sede electrónica e e-administración

- A sede electrónica da Xunta xa integra máis de 600 procedementos, un 20% máis que o ano anterior e case un 39% do total
- A aplicación Portasinasaturas permitiu no 2013 que se asinasen máis de 89 mil documentos, un 32% máis que no ano anterior

A Lei 11/2007 de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos e o Decreto, 198/2010 que a desenvolve incorporaron ao noso ordenamento xurídico o dereito da cidadanía a relacionarse coa administración por medios electrónicos.

Guía de procedementos e servizos

A “Guía de procedementos e servizos” é un elemento fundamental para o desenvolvemento da Administración electrónica por canto supón de inventario dos procedementos, de estandarización dos principios de calidade na información, actualización permanente, así como no cumprimento da lexislación vixente. Por último, recolle os mecanismos de acceso á información entre procedementos e administracións baseándose no Esquema Nacional de Interoperabilidade.

A finais do 2013 o número de procedementos ascendía a 1.563, un 1% menos que o anterior. Sen embargo, o número de procedementos que poden iniciarse electronicamente aumentou case un 19%, pasando do 508 do ano 2012 a 604 no 2013.

En termos porcentuais, a porcentaxe de procedementos que poden iniciarse electronicamente aumentou máis de 6 puntos, pasando do 32,1% do ano 2012 ao 38,6% no 2013.

Ademais é salientable a distribución do número de procedementos que poden iniciarse electronicamente: 254 para cidadáns (36,5%), 243 para empresas (40,3%), 53 para entidades locais (68,8%), 19 para entidades sen ánimo de lucro (17,9%) e 35 para outras administracións (43,2%). Entre paréntese indícanse as porcentaxes respecto ao total da súa mesma categoría.

Por outra parte, alén da dispoñibilidade tamén é obrigado ollar cara o uso dos ditos procedementos, así mentres que no ano 2012 só se iniciaran 3.415 procedementos na Sede Electrónica, no ano 2013 a cifra acadou case 17.000 procedementos. Ademais, salienta que a web da sede recibiu no ano pasado máis de 266 mil visitas e unha media mensual de case 12.300 visitantes distintos.

The screenshot shows the Xunta de Galicia Sede Electrónica website. The header includes the 'e!' logo and 'SEDE ELECTRÓNICA'. Navigation tabs are 'PROCEDIMENTOS E SERVIZOS', 'QUE É A SEDE?', 'CARPETA DO CIUDADÁN', and 'AJUDAMOSLLE'. A search bar is on the right. The main content area features a 'Guía de procedementos e servizos' section with a search bar and tabs for 'Últimos publicados', 'Más consultados', 'En proceso', and 'Últimos días'. Below this, there are three columns of links for 'Verificación de documentos', 'Requisitos técnicos', and 'Certificado electrónico'. On the right side, there is a 'Carpeta do cidadán' section with 'Información sobre a sede' and 'Ligazóns de interese'.

O ámbito de aplicación da Sede electrónica da Xunta de Galicia comprende a totalidade dos órganos da Administración xeral de Galicia e as entidades instrumentais do sector público autonómico.

Por consellerías os procedementos distribúense seguindo a táboa, pero tamén se ten traballado nos últimos tempos nunha clasificación dos procedementos de acordo cunha tipoloxía: Admisións e probas de acceso (52), bolsas (45), Comunicacóns (55), Cursos (30), Premios (28), Reclamacións (5), Autorizacións, permisos e licenzas (405), Carnés (14), Concesións (31), Reintegros (1), Expropiacións (3), Programas (24), rexistros administrativos (172), Axudas e subvencións (591), Certificacións (26), Concursos (12), Informes (17), Programas de servizos sociais (14), Declaracións responsables (37) e dilixencias (1).

Consellería	2012	2013
Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	162	169
Economía e Industria	340	348
Facenda	5	4
Medio Rural e do Mar	331	330
Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas	221	201
Presidencia, Administración Públicas e Xustiza	249	235
Sanidade	64	65
Traballo e Benestar	208	211
TOTAL	1.580	1.563

Dende o punto de vista evolutivo, logo de dous anos de vida, a Sede Electrónica está a establecerse como o punto de acceso centralizado para os servizos públicos electrónicos da Xunta de Galicia, polo que se traballa nos seguintes eidos:

- Incremento da oferta de procedementos administrativos que poden ser iniciados electronicamente.
- Dotación dos medios técnicos para a actualización periódica da carpeta do cidadán na que se pode consultar o estado dos seus expedientes.
- Incorporación da Sede como punto para a presentación electrónica de solicitudes en todas as normas reguladoras de procedementos
- Universalización e redución dos requerimentos técnicos mediante a aceptación dos sistemas operativos e navegadores máis utilizados.
- Incorporación de guías de configuración e comprobadores de requisitos.
- Fomento da demanda a través de campañas de publicidade en medios.
- Habilitación de mecanismos de identificación e sinatura
- Incorporación de trámites comúns para completar a execución dos procedementos: subsanacións, alegacións, xustificacións, etc.

Algúns exemplos do que podes facer na sede electrónica da Xunta de Galicia					
Solicitar axudas por fillas e fillos menores de tres anos, para actividades extraescolares, o cheque infantil, actividades de inmersión lingüística, reservar praza nas escolas infantís...		 Pais e nais	Solicitar cursos formativos, accións de formación con compromiso de contratación, axudas para a promoción do emprego autónomo...		 Desempregados/as
 Maiores	Solicitar o recoñecemento da situación de dependencia, unha praza no Programa Encontros na Terra...		 Agricultores/as e Ganadeiros/as	Solicitar axudas para a identificación do gando, para o fomento das razas autóctonas galegas, para a incorporación dos mozos a actividades agrarias, a autorización para a plantación da vide...	
Solicitar cursos de formación en linguas estranxeiras, praza nun campamento, nunha residencia xuvenil de estudantes, axudas para o permiso de condución, axudas complementarias do programa Erasmus...		 Mozos e mozas	Solicitar o recoñecemento da situación de dependencia e das prestacións para a atención á dependencia, as subvencións para a contratación de persoas con discapacidade, axudas para diferentes accións formativas...		 Persoas con discapacidade
 Empresas	Solicitar axudas para a eficiencia enerxética, para a actividade exportadora, darse de alta ou baixa no rexistro industrial de Galicia, bolsas de formación para a mellora das pemes...		 Emigrantes e Inmigrantes	Solicitar axudas para emigrantes galegos retornados, para a promoción do emprego nestes colectivos, axudas para galegos residentes no exterior, o programa de reencontros de emigrantes galegos coas súas familias en Galicia...	
Solicitar axudas para a realización de actividades dirixidas á xuventude, para a contratación de persoas desempregadas, a promoción do uso da lingua galega ou a revitalización do comercio de proximidade...		 Entidades locais	Solicitar axudas e indemnizacións para mulleres vítimas de violencia de xénero, estadias de tempo libre ou accións formativas...		 Mulleres

Plataforma de sinatura dixital: Portasinaturas

A sinatura electrónica está regulada pola Lei de sinatura electrónica, aprobada en decembro de 2003 (Lei 59/2003), onde se declara a súa eficacia xurídica e a prestación de servizos de certificación, recoñecendo a súa validez plena a efectos de identificación do asinante.

Apoiándose nas posibilidades da sinatura dixital como ferramenta para a mellora da tramitación administrativa, desenvolveuse Portasinaturas, unha aplicación que proporciona a funcionalidade necesaria para poder asinar masivamente lotes de documentos de xeito electrónico e seguro.



Algunhas das vantaxes funcionais que introduce o portasinaturas son:

- Acceso directo ás tarefas prioritarias nun so clic
- Envío a múltiples asinantes establecendo orden de sinatura
- Solicitar, consultar, asinar e rexeitar sinaturas de xeito rápido e doado
- Busca asistida que permite atopar sinxelamente as tramitacións
- Vista do estado de cada sinatura
- Posibilidade de xestión por bloques

A finais do 2013, o número de usuarios de perfil solicitante era de 728, e o número de usuarios de perfil asinante era de 440. En canto aos datos dos documentos asinados, no último ano a cifra estivo case nos 90 mil, un 32% máis que o ano anterior.

Sistema Único de Rexistro

O Sistema Único de Rexistro é o conxunto de órganos, servizos e unidades que realizan funcións de rexistro de entrada e/ou saída de cantas solicitudes, escritos e comunicacións se reciban ou remitan e está integrado polos rexistros presenciais: o Rexistro Xeral e os rexistros auxiliares, e polo rexistro electrónico.

O sistema, desenvolvido a través da aplicación de rexistro de entradas e saídas: AIRES, garante a plena integración dos rexistros auxiliares no Rexistro Xeral, así como do rexistro electrónico. Ademais proporciona unha numeración única e permite a identificación da documentación cunha etiqueta que dispón dun código de barras e que permite seguir o rastrexo da documentación, facilitando que desde calquera oficina de rexistro se poida dar información da situación desta documentación.

**Máis de 840.000
entradas a través do
un rexistro
electrónico,
un 40,6% do total**

Na parte de usuario, a aplicación implica importantes melloras respecto aos sistemas tradicionais de papel: información das unidades orgánicas receptoras da documentación, buscas contextuais para todos os campos codificados, así como a posibilidade de recuperar a información a partir do número de rexistro ou con un lector de código de barras.

A finais do último ano, eran usuarias da aplicación AIRES 23 oficinas de rexistro principais e auxiliares, 12 oficinas de rexistro concertado (portelo único) e outros rexistros internos da Xunta de Galicia.

Como resultado da actuación, dos pouco máis de 2,9 millóns de documentos rexistrados no 2013 no Rexistro Xeral, por riba de 840 mil tiveron unha entrada electrónica, e dicir, un 40,6% do total. Isto supón un aumento de 14,4 puntos porcentuais respecto ao ano 2012, no que só representaba un 26,2%.

Logo da posta en marcha do Sistema Único de Rexistro estase a desenvolver para ás oficinas de rexistro un conxunto de servizos auxiliares e interrelacionados:

- Dixitalización da documentación en papel nas oficinas de rexistro.
- Integración co Sistema de Interconexión de Rexistros (SIR). infraestrutura que interconecta as oficinas de rexistro (presenciais e electrónicas), e permite a remisión de documentos electrónicos presentados orixinalmente en papel
- Sistema de Cita previa, coa finalidade de afondar na mellora e axilidade do servizo.
- Sistema de claves concertadas que permite acordar claves entre o cidadán e a administración ou ben utilizar un dato coñecido por ambos para a súa identificación ante a Administración.
- Terminais informáticos de autoservicio ou quioscos, a disposición da cidadanía, conforman unha canle máis de acceso aos servizos electrónicos da Xunta de Galicia.



Interoperabilidade

- **Púxose en marcha o Nodo de Interoperabilidade PasaXe!, no que a finais de ano había 12 aplicacións accedendo aos seus servizos**

Con este programa trátase de facer evolucionar a arquitectura de aplicacións cara a un modelo de interoperabilidade orientado a servizos, ademais de poder compoñentes ou produtos de infraestrutura de aplicacións dunha forma centralizada para a Xunta de Galicia, así como a adaptación á realidade galega do Esquema Nacional de Interoperabilidade.

Interoperabilidade

Para asegurar a tramitación dos expedientes e reducir a carga administrativa dos procedementos e fundamental a posta en marcha de servizos automatizados de acceso a información que xa obra en mans das administracións públicas: locais, autonómicas ou estatais, nace así o Portal de Interoperabilidade, un sistema que comezou a funcionar no último trimestre do 2010 con dúas consultas: verificación de identificación (SVI) e residencia (SVR), datos que son accesibles en base a consultas realizadas diante do Instituto Nacional de Estatística e da Dirección Xeral de Policía.

A colaboración entre administracións estatais e autonómicas, así como a conveniencia de incorporar ás entidades locais levaron ao desenvolvemento do Nodo de Interoperabilidade de Galicia, pasaXe, no que a finais do 2013, había 12 aplicacións que accedían aos seus servizos e máis de mil empregados públicos estaban dados de alta no portal.

O número de consultas realizadas no último ano a través do portal de interoperabilidade superou as 322.000. A máis usada foi a de verificación de identidade (93% do total) e logo as de verificación de residencia, a de datos do catastro e a de presentación da declaración do imposto da renda.

Ademais grazas á sinatura dun convenio de colaboración entre o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e a Xunta de Galicia, esta actuará como Nodo de Interoperabilidade, un nodo que posibilitará o acceso dos concellos a servizos dixitais da Administración electrónica que ofrece o Estado, como a sinatura electrónica avanzada, o acceso á plataforma de intermediación de pagos por medios electrónicos, a interconexión de rexistros e o sistema de certificación e sinatura electrónica.



Simplificación e redución administrativa: plan REDUCE

A Comisión Europea aprobou no 2007 unha iniciativa para impulsar a medición e redución das cargas administrativas: “Better Regulation”. Máis tarde, foi trasladada ao ordenamento estatal e a principios do 2012 concretouse tamén para Galicia na orde que regulaba a habilitación dos procedementos e servizos na administración xeral e no sector público autonómico.

Revisados 941 procedementos dentro do Plan Reduce

A posta en marcha da iniciativa, supuxo a incorporación dun método de cálculo de custo estándar dentro da elaboración normativa dos procedementos administrativos, un método simplificado de cuantificar en euros o aforro que as empresas e cidadáns soportan na tramitación dos procedementos.

Nestes dous anos transcorridos dende a súa posta en marcha lévanse revisados 941 procedementos, dos que o 40% corresponden ao 2013. No que se refire ao % de redución de documentos solicitados, o dato calculado para o último ano, indica una redución do 20,5%.

Servizos electrónicos horizontais

- A Plataforma de contratos públicos de Galicia permite o envío de alertas que se envían de balde ao correo electrónico
- O sistema de facturación electrónico da Xunta de Galicia recibiu no 2013 o 27,5% das facturas, a mediados de ano o 44% do importe total

Neste bloque inclúense aquelas iniciativas ou sistemas que teñen a capacidade de dar soporte a todos os órganos e unidades da Administración xeral de Galicia e posibilitan o intercambio de información e coñecemento entre elas.

Diario Oficial de Galicia

No artigo 13º do Estatuto de autonomía de Galicia establécese o requisito de publicación das leis de Galicia no Diario Oficial de Galicia (DOG), e nos artigos 52 e 60 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, dispónse a publicación, no diario oficial que corresponda, dos actos, disposicións xerais e normas que emanan do Goberno ou da Administración.

Desde o 1 de decembro de 1978 o formato do DOG permaneceu practicamente inalterable ata maio do 2011 cando comezou a edición electrónica e desapareceu a de papel. O artigo 12 do Decreto 198/2010, polo que se regula o desenvolvemento da administración electrónica en Galicia, confírelle o carácter oficial e auténtico, con validez xurídica.



No 2013, a web do DOG acadou case 4,2 millóns de visitas, cunha media mensual de máis de 266 mil visitantes distintos. O número de anuncios publicados é semellante ao do ano anterior, chegando a 13.581 anuncios. Ademais comezou a utilizarse unha aplicación de consulta desde dispositivos móbiles.


Plataforma de Contratos Públicos de Galicia

A plataforma de Contratos Públicos de Galicia é o portal de difusión dos procedementos de licitación da Xunta de Galicia, do sector público autonómico, así como das universidades públicas e entidades locais dadas de alta no sistema. Está rexido por unha la orde de 4 de xuño de 2010.

O portal dispón dos servizos de buscador de anuncios, consultas e descarga de documentación asociada a un procedemento, adxudicacións e demais documentación de interese e forma de contacto cos órganos de contratación.

Durante o ano 2013 publicouse unha nova versión do portal, que incorpora un sistema de alertas que envía gratuitamente ao correo electrónico avisos sobre os novos expedientes que se publican, 1.628 expedientes no último ano, un 39% máis que no 2012. Ademais a finais de ano, estaban recollidos no portal 210 perfís de contratante.

Tipoloxía dos organismos na Plataforma de Contratación



Licitación e Factura electrónica

Segundo o último balance do sistema de facturación electrónica, Galicia sitúase entre as administracións que paga con máis axilidade e mellora os tempos de hai un ano, cando estaba entornado os 50 días de media. No 2013 a Xunta de Galicia estivo a pagar no entornado dos 30 días de media, dándolle prioridade aos pequenos provedores, aos empresarios autónomos, ás pequenas e medianas empresas e ás entidades sociais co fin de achegar liquidez a estes colectivos.

A mediados de 2013 máis do 44% do importe facturado á Xunta recibíuse en formato electrónico, en termos numéricos isto supón o 27,5% das facturas recibidas. Un total de 3.738 empresas empregan o Sistema Electrónico de Facturación (SFE). Ademais, preto do 32% dos procesos de licitación realizados na Consellería de Facenda fixéronse de xeito telemático.

A partir de 2013, o Sistema de Facturación Electrónica (SFE) da Xunta permitirá aos provedores presentar as súas facturas por correo electrónico. Esta nova funcionalidade facilitará tamén que se poidan coñecer a través do e-mail os estados de tramitación nos que se atopan as facturas. Con esta nova iniciativa, Galicia anticipase unha vez máis a cumprir coa maioría dos requirimentos que vai esixir a futura Lei Estatal de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público.



Oficina Virtual Tributaria

Na actualidade o 100% dos impostos xestionados pola Axencia Tributaria de Galicia poden presentarse xa por vía telemática, o que permite a calquera contribuínte realizar este trámite as 24 horas do día os 365 días do ano, e sempre coa máxima seguridade. Tamén se pode realizar por esta vía o pagamento de taxas, multas e sancións.

No 2013, a Oficina Virtual Tributaria recibiu un total de 669.589 accesos, máis de 1.800 diarios, o que representa un incremento do 12,5% respecto a ano anterior. Segundo o informe anual da entidade, o 58% das autoliquidacións de impostos presentadas en 2013 foron a través de internet, 11 puntos máis que no 2009.

En total, a Oficina Virtual Tributaria da ATRIGA recibiu o pasado ano 211.591 autoliquidacións a través da internet, e a cifra acumulada desde 2009 supera xa o millón. Ademais, cidadáns e empresas tramitaron 293.998 valoracións de bens a través desta ferramenta, un 63% máis que hai cinco anos.

Entre os servizos públicos electrónicos que ofrece a OVT figuran a confección e impresión de modelos de autoliquidación, a declaración e pagamento telemático de tributos e outros servizos xerais, como consultas, valoracións de bens inmoables, valoración de vehículos usados, verificacións de documentos ou certificacións.

Outro dos eidos de actuación da entidade é a emisión electrónica de certificados de débedas. A través da vía telemática emítense certificados a terceiros para cumprir requisitos en solicitudes de axudas, subvencións ou contratos.

A actuación da Oficina Virtual Tributaria (OVT) da Xunta de Galicia permitiu aforrar a cidadáns e empresas preto de 113 millóns de euros desde 2009, ao tempo que serviu para mellorar a produtividade na Administración e elevar a transparencia cara ao contribuínte.



TIC e o empregado público

- Máis de 9.200 empregados públicos dispoñen de sistemas de acreditación dixitais para o desempeño das súas funcións
- En 2013 publicouse unha nova versión do portal corporativo PortaX para facer posible o acceso ao directorio dende calquera punto
- O tradutor Gaio é unha nova ferramenta lingüística posta a disposición dos empregados das administracións públicas galegas

No contexto de prestación de servizos da administración á sociedade, os empregados públicos xogan un papel fundamental, por un lado é preciso dotalos dos medios tecnolóxicos axeitados ás necesidades precisas para o desenvolvemento das súas funcións e por outro dotalos das competencias e coñecementos para poder realizalas.

Acreditación do empregado público: Tarxeta de identificación

O cumprimento do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dependentes, fai necesario dotar aos empregados públicos dunha identidade. Por unha banda para os sistemas de xestión interna e por outra para o desenvolvemento dos procedementos ao identificarse diante dos cidadáns de acordo co seu grao de responsabilidade e competencias.

No 2010 a Xunta de Galicia asinou un contrato coa Fábrica Nacional de Moeda e Timbre (FNMT), para a obtención de certificados dixitais que permiten aos organismos e entidades públicas asinar os documentos que forman parte dos procedementos. Un acordo que se fixo extensivo a outros organismos como: universidades, Consello de Contas, Parlamento de Galicia e Valedor do Pobo.

O proxecto Kronos, materializou esa identidade dixital mediante unha tarxeta cun chip que contén os certificados persoais atribuíbles a cada empregado público. Utilizando como fonte a web da Dirección de Función Pública da Xunta (<http://funcionpublica.xunta.es>) a Administración Pública de Galicia conta cun total de 88.953 profesionais, distribuídos da seguinte maneira:

- Consellerías e organismos autónomos, 16.245 profesionais
- Docencia non universitaria, 31.769 docentes e 3.836 non docentes que fan un total de 35.605 profesionais
- Institucións sanitarias, 25.723 sanitarios e 8.636 non sanitarios que fan un total de 34.359 profesionais
- Xustiza, 2.772 profesionais



Na primeira fase, o proxecto estivo centrado no persoal da Administración xeral e no da de Xustiza, polo que o número de profesionais a acreditar é de 16.245. A finais do 2013, estaban acreditados 9.242 empregados públicos (56,8% do total), dos que 6.470 (48%) son da administración xeral e 2.772 de xustiza (100%).

Internamente e a nivel tecnolóxico a tarxeta dispón das seguintes capacidades: Chip criptográfico que permite o almacenamento de varios certificados dixitais (entre eles, como se comentou, o certificado para persoal ao servizo das AAPP e

o certificado de persoa física), identificación por radiofrecuencia (chip RFID de proximidade) que permite o control de acceso a lugares con entrada restrinxida e a instalacións controladas mediante elementos de impedimento de paso e banda magnética como contedor de datos do profesional para a súa utilización en sistemas de información que requiran destes datos.

Portal do empregado público : portaX

O Portal do Empregado, PORTAX, é un sistema de información dirixido a empregados públicos que teñan ou tiveran algunha vinculación a Función Pública da Xunta de Galicia, agás persoal dependente da Consellería de Sanidade, da Administración de Xustiza ou da Consellería de Cultura e Educación e Ordenación Universitaria, que xa dispoñen de portais propios.

Os servizos máis destacados que ofrece o portal son as consultas do expediente electrónico, histórico de nóminas, xestión de datos administrativos e dos procesos selectivos, rexistro de fichaxes, normativa vixente relacionada coa Función Pública, etc.

En abril de 2013 publicouse unha nova versión do Portal do Empregado da Xunta de Galicia, para facer posible o acceso desde calquera punto a través de Internet e integrada co directorio activo. Tamén permite a consulta de datos de fichaxe no PC (Kronos), o acceso pódese facer co certificado de empregado público (aloxado na tarxeta corporativa).



Intranet corporativa

Coa posta en marcha do Plan de Modernización das Administracións Públicas, de Galicia e tomando como base os servizos e contidos das respectivas intranets xestionadas pola Consellería de Presidencia e pola antiga SXMIT, creouse a actual Intranet corporativa da Xunta de Galicia.

Os contidos estruturáronse de xeito que fosen moi accesibles para os usuarios: canles temáticas, canles departamentais e fundamentalmente servizos, converténdose así na principal porta de acceso a aquelas aplicacións e ferramentas que a Xunta de Galicia pon a disposición do seu persoal.

Logo das melloras realizadas no 2012, no primeiro semestre de 2013 iniciouse a actualización e reorganización de contidos así como unha simplificación da navegación, para reducir os pasos para chegar a unha información e retirar os contidos obsoletos.



Outros servizos da web

Ademais das iniciativas mencionadas anteriormente, no 2013 puxéronse en marcha outra serie de servizos e axudas para facilitar o desempeño do traballo dos empregados públicos. Así pódese atopar información do servizo de prevención de riscos laborais ou o acceso a varias ferramentas tecnolóxicas para facilitar o uso da lingua galega entre os profesionais.

Servizo de Prevención de Riscos

O contido sobre a prevención de riscos integrouse coma unha sección do portal corporativo para promover a política de seguridade e saúde laboral e a organización preventiva dirixida ao colectivo dos traballadores da Administración xeral da Xunta de Galicia (<http://webriscos.xunta.es>). Entre as novidades e melloras incorporadas con este novo espazo destacan: a mellora de usabilidade da web e accesibilidade para garantir o acceso a persoas con discapacidade ou limitacións sensoriais, motoras ou cognitivas; o acceso aos contidos en galego e castelán; maior visibilidade entre outras.



Recursos lingüísticos

No mes de febreiro a Xunta de Galicia puxo a disposición dos empregados públicos un dicionario xurídico en liña, unha escolma de arredor de 2.000 entradas nas que se presentan en galego normativo conceptos esenciais en dereito, sobre a lexislación vixente e de xeito especial, termos propios do dereito civil galego.

Na súa elaboración participaron máis de 130 profesionais do ámbito da xustiza, así como lingüistas e coa súa publicación a Administración autonómica avanza en 3 liñas: a contribución do uso correcto do galego no traballo diario dos empregados públicos, a normalización do noso idioma no eido xudicial e a implementación de recursos compartidos entre administracións grazas á tecnoloxía.

Tamén en novembro presentouse un novo tradutor automático, Gaio, resultado da colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a empresa Imaxín Software, para facilitar a tradución directa e inversa do galego ao castelán na documentación técnica e administrativa, páxinas web e correos electrónicos, ademais de consolidar a aplicación da toponimia oficial.



Unha das principais novidades da nova ferramenta é que contempla terminoloxía específica administrativa e nomenclatura propia das entidades, como nomes de consellerías, concellos, altos cargos, órganos de goberno ou integrantes das corporacións locais, e que permite, por primeira vez dende a Administración local, dende Xustiza ou dende o Sergas a tradución de documentos completos nos formatos txt, html, doc, docx, pptx, xlsx, odt, ods, odp e pdf.

Coa posta en marcha desta ferramenta a Administración autonómica continúa avanzando en tres liñas: na contribución do uso correcto do galego no traballo diario dos empregados públicos, na normalización do idioma en diferentes eidos profesionais e na implementación de recursos compartidos entre administracións grazas á tecnoloxía.

TIC e Sanidade

- No 2013 púxose en marcha un novo servizo par aos cidadáns: a consulta telefónica aos médicos de atención primaria
- O blog “Xente con vida” premio da Estratexia NAOS ao mellor proxecto de promoción dunha alimentación saudable no entorno familiar
- Galicia convértese en rexión de referencia no proxecto europeo de envellecemento activo grazas ao liderado no uso das TIC do seu sistema de saúde

Galicia ven sendo dende hai uns anos, unha das comunidades líderes no uso das TIC para a mellora da asistencia sanitaria. No 2013 destacaríanse os seguintes proxectos:

Consulta telefónica en atención primaria

A Consellería de Sanidade puxo en marcha no 2013 un proxecto piloto de consulta telefónica dos pacientes aos médicos de atención primaria, un proxecto que logo estendeu a todos os centros de saúde. A iniciativa favorece a accesibilidade da cidadanía á consulta dun proceso novo (problema de saúde, xestión de receitas, informes, etc.); diminúe os tempos de espera; evita desprazamentos innecesarios; e favorece a conciliación familiar e laboral. Ademais, permite axilizar as consultas de atención primaria, conservando a mesma capacidade de resposta na asistencia e diminuindo as interrupcións da consulta por chamadas telefónicas non programadas dos pacientes.

Xente con vida

O programa da Consellería de Sanidade foi distinguido co 1º Premio na categoría Promoción dunha alimentación saudable no ámbito familiar e comunitario, dos premios Estratexia Naos na súa edición de 2012. Este galardón subliña o mérito da iniciativa na difusión dos beneficios dos bos hábitos de vida entre a sociedade.

Xente con Vida conta cunha plataforma web, un blog e perfís nas redes sociais, Facebook e Twitter, o que favorece a comunicación directa cos cidadáns, cunha linguaxe clara, sinxela e comprensible por todos. Entre os seus contidos conta con opinións de expertos e sinxelos artigos divulgativos sobre temas como menús infantís, mantemento de peso, consellos para previr enfermidades ou mitos sobre alimentación.



Na actualidade conta con case 15.000 seguidores en Facebook e as súas publicacións nesta rede chegan a máis de 200.000 persoas de media cada mes.

Servizos tecnolóxicos do Sergas

A Consellería de Sanidade recibiu en xaneiro de 2014 a placa conmemorativa do premio *Best in Class* (BIC) á mellor xestión hospitalaria e ao mellor proxecto en E-Saúde. Un premio no que se recoñece o esforzo e a aposta realizada pola transformación e modernización do sistema sanitario a través de fórmulas de xestión integrada, a xestión por procesos e a xestión clínica.

Ademais destácase o papel da historia clínica electrónica (IANUS) como ferramenta de comunicación entre niveis asistenciais (atención primaria e hospitalaria) que xa funciona en toda a comunidade e que permitiu a introdución da receita electrónica, e-receita.



Así entre as aplicacións de maior impacto na sociedade, temos que o 97,5% das receitas xa son tramitadas de modo electrónico, desde 459 centros de saúde ás 1.356 farmacias conectadas ao sistema IANUS. Un sistema que utilizan máis de 15.500 profesionais con 35,6 millóns de consultas no 2013, un 11,4% máis que o ano anterior.

O número de centros de saúde con acceso a imaxe dixital, tamén é 459. Respecto a telemedicina, o 99,8% dos centros de saúde de atención primaria poden acceder a servizo, que empregan o 38,5% dos profesionais sanitarios. O número de citas telemáticas entre diferentes niveis asistenciais case chega ao 49%.

Outro dato de especial importancia é o cada día maior uso de Internet da cidadanía para o acceso aos servizo sanitarios. No 2013, o 26,8% dos cidadáns solicitaron a cita previa pola rede, 2 puntos máis que no 2102. O número de citas previas achegouse ao 10,5% e o número de accesos á historia clínica electrónica e as listas de espera case alcanza as 54.000, un 44% por riba do ano pasado.



Por último, salientar que a finais de ano o Sergas sacou a concurso o servizo de telecomunicacións, un contrato que establece como melloras a tarifa plana de voz e datos en telefonía móbil e fixa; a substitución das centralíñas analóxicas por tecnoloxía IP; acceso a banda larga en todos os centros sanitarios, aumento do caudal a 1 Gbps en todos os hospitais comarcais e integrar á rede de telefonía dos máis de 100 centros de saúde instalados en locais dos concellos. Estímase que o novo contrato diminuírá o gasto nun 20%, máis de 1,5 millóns anuais.

Expedient-e

Dende o inicio do Expedient-e en Xullo de 2011, formalizáronse máis de 45.700 solicitudes a través deste novo aplicativo e actualmente téñense rexistrados e validados máis de 1,57 millóns de méritos dos profesionais do Servizo Galego de Saúde.

En febreiro do 2013 realizouse a primeira puntuación de méritos mediante á baremación automatizada do expediente electrónico para optar a cambios de posto de traballo ou de quenda, que se fixeron entre o persoal fixo da entidade.

O novo sistema permite rexistrar os méritos de experiencia, formación, actividade docente e investigadora e quedan validados de xeito definitivo no currículo electrónico do profesional. Con esta primeira publicación facilítanse os traslados internos, axilizando a súa resolución que se facía de forma manual.

As persoas interesadas poden inscribirse na aplicación en calquera momento, sendo a xeración de listas prevista con carácter anual. A finais do 2013 había por riba de 131 mil currículos formalizados a través de expedient-e.



Os profesionais do Servizo Galego de Saúde baixaron máis de dous millóns de artigos de revistas electrónicas a través da Biblioteca Virtual do sistema sanitario público de Galicia, BiblioSaúde, dende a súa posta en marcha.

BiblioSaúde permite acceder ás coleccións de 1.183 revistas subscritas de ciencias da saúde a texto completo; a 1.400 libros electrónicos a través do novo catálogo BICO mediante o que as bibliotecas da Consellería de Sanidade teñen todos os seus fondos integrados; e a 29 bases de datos bibliográficas.

O portal foi actualizado no 2013 para ofrecer un entorno máis amigable e intuitivo, un acceso directo aos recursos máis empregados polos traballadores e unha maior presenza nas redes sociais.



Galicia participou en xuño na Cerimonia de Estrelas das Rexións de Referencia (Reference Sites Star Ceremony) celebrada en Bruxelas no marco da 'European Innovation Partnership on Active and Healthy Ageing' (EIP on AHA). A candidatura galega foi cualificada con dúas estrelas e converte a nosa comunidade en rexión de referencia no proxecto europeo de envellecemento activo e saudable.

A participación de Galicia neste grupo europeo sobre envellecemento activo (EIP on AHA) permite acadar a triple meta da iniciativa: mellorar a calidade de vida dos maiores europeos; facer máis sostible o sistema sanitario e de benestar; e facer que o sector da saúde sexa un motor da economía.

Támén en xuño asinouse o convenio de constitución da agrupación “KIC Gallaecia”, para a candidatura conxunta de Galicia ao KIC (Knowledge and Innovation Communities) europeo de envellecemento activo e vida saudable. Os obxectivos desta agrupación son a mellora da saúde e a calidade de vida dos cidadáns; o incremento da sostibilidade do sistema sanitario e sociosanitario; e o impulso á competitividade do ecosistema empresarial e investigador.



TIC e Xustiza

- Comezou a funcionar o portal eXustiza, un novo portal para facilitar a relación da cidadanía coa administración xudicial
- A finais do 2013 asinou un convenio co Estado, dotado con 5 millóns de euros, para liderar un programa piloto de servizos avanzados das TIC no ámbito da xustiza

As actuacións da Administración galega no ámbito da xustiza están vinculadas ao Plan Senda 2014 para a integración das TIC na xustiza, un programa impulsado pola AMTEGA e a Dirección Xeral de Xustiza, que conta cunha dotación orzamentaria de 34 millóns de euros destinados a acadar un servizo máis áxil e moderno.

Entre as medidas do Plan atópanse a mellora das infraestruturas de telecomunicacións das sedes xudiciais; a implantación e actualización dos sistemas de información como Lexnet, Minerva ou Fortuny; a formación do axentes xudiciais e a renovación e implantación de equipamento tecnolóxico que está a permitir a dixitalización dos trámites administrativos, evitando o uso do papel e aforrando desprazamentos.



Xustiza e cidadanía: o portal eXustiza

En setembro, púxose en marcha o portal eXustiza, un portal para conectar a Administración da xustiza coa cidadanía, a primeira fase dun proxecto para crear un espazo específico do eido xudicial, onde ofrecer información práctica para o cidadán.

Na web presentouse o directorio dos 323 edificios e 696 órganos da xustiza en Galicia: xulgados, rexistros civís, fiscalías, oficinas de atención á cidadanía e outros órganos localizados nun mapa e cos datos de contacto.

Incorpora información de interese para coñecer os deberes e dereitos diante da xustiza, quen pode acollerse a asistencia xurídica de balde, etc. Ademais, como funciona un xurado (requisitos, participación, retribucións e indemnizacións), e os dereitos e obrigas das testemuñas.

A web irá ampliando progresivamente os seus contidos, con máis información sobre os órganos da Administración de Xustiza en Galicia e con utilidades específicas para profesionais do sector e para facer posible a realización de todas as xestións a través da futura sede xudicial electrónica.

Tamén inclúe información sobre outros servizos, explicación de como son os procedementos e formularios para a súa descarga. No caso do Rexistro civil pódese atopar a información e documentación relacionada con nacementos, defuncións, matrimonios, nacionalidade e outras certificacións. Tamén se atopa a información sobre a inscrición no rexistro de parellas de feito.

Desenvolvemento da Administración Electrónica Xudicial

A Xunta de Galicia estableceu no 2013 un acordo de colaboración co Goberno do Estado, dotado de 5 millóns de euros de investimento ata o 2015, para liderar un programa piloto de servizos avanzados no uso das TIC no ámbito da xustiza e que se poderá estender despois ao resto do Estado.

As liñas de traballo que desenvolverán o acordo son o expediente xudicial electrónico, a tramitación telemática, e o uso da cooficialidade lingüística. Ademais, crearase un arquivo dixital electrónico, de xeito que permita o almacenamento e xestión do ciclo de vida completo dos documentos e ao que se poida acceder dende calquera tipo de dispositivo e lugar.

Sistema de gravación de vistas en salas xudiciais

Logo da sinatura dun convenio, lus+Red cun importe de case 650 mil euros, entre a Entidade Pública Red.es e a Xunta de Galicia, comezou no ano 2013 a implantación dun novo sistema de gravación de vistas con sinatura dixital. O plan suporá a implantación do sistema a finais do 2014 en 170 salas dos órganos xudiciais galegos. No 2013, comezouse pola renovación do equipamento de 52 salas e a actualización do software noutras 19. Desde xeito, unha vez rematada esta primeira fase, o 42% das salas contarán con gravación de vistas con sinatura electrónica integrada. A finais de ano graváranse case 6.000 vistas co sistema eFidelius.

O sistema de gravación vai permitir cumprir coas necesidades establecidas na Nova Oficina Xudicial, avanzar cara o expediente xudicial electrónico e liberar ao secretario xudicial de estar presente na sala de vistas durante o xuízo, agás que o soliciten as partes ou o considere preciso o propio secretario.

Co novo sistema o secretario xudicial autorizará previamente a gravación do xuízo e poderá seguir a sesión dende o seu propio despacho. Ao finalizar a vista, incorporará, mediante a tarxeta de empregado público, a súa sinatura electrónica ao arquivo que contén a gravación, dotándoo das garantías esixidas pola Lei.



Unha vez autenticada a gravación almacenarase en dous niveis, no servidor do partido xudicial correspondente e no Centro de Proceso de Datos Integral da Xunta, situado no Gaiás, que albergará un repositorio centralizado con todas as gravacións da Administración da Xustiza en Galicia e que será accesible vía web dende calquera punto da Comunidade, mediante a correspondente identificación. Tamén, grazas ao Plan Senda, o 60% dos xulgados galegos xa dispoñen de internet de 100 Mbps e o sistema de videoconferencia está implantado no 100% das salas xudiciais ou dos fiscais, ademais de 310 equipos persoais.

Sistemas de xestión procesual

En novembro de 2012 activouse a funcionalidade iteración entre as aplicacións que xestionan as comunicacións electrónicas entre os órganos xudiciais (Lexnet) e da fiscalía (Fortuny) e durante todo o ano pasado xa estivo activa en todas as sedes de Galicia. A porcentaxe de asuntos iterados sobre o total alcanzou ao 61% do total. A provincia con maior porcentaxe de asuntos iterados foi Lugo cun 85%.

Durante o 2013, ampliouse o alcance de notificacións telemáticas mediante Lexnet a outros colectivos (Avogados do estado e Asesoría xurídica da Xunta), pasando dos 13 iniciais aos 15 actuais. Ademais o volume total de notificacións superou os 4 millóns, un 54% máis que no 2012.

O sistema de comunicacións electrónicas securizadas LEXNET está orientado a cubrir o servizo de presentación telemática de escritos e notificacións. Permite a comunicación bidireccional das oficinas xudiciais cos distintos operadores xurídicos. O sistema Lexnet aborda o intercambio de documentos xudiciais en formato electrónico, de xeito similar ao correo electrónico, pero garantindo as premisas básicas de seguridade.

A utilización de Lexnet estase a consolidar como un instrumento natural e habitual de traballo. Os beneficios mídense en termos de mellores garantías para o exercicio do dereito á tutela xudicial efectiva da cidadanía, xa que: abrevia os tempos de tramitación dos procedementos e aumenta a fiabilidade e axilidade das notificacións das resolucións xudiciais (das que depende directamente a ulterior posibilidade de defensa).

Pero tamén os beneficios se miden en termos de aforro, posto que supón un aforro económico en gasto de papel, impresión, envíos e/ou desprazamentos dos profesionais. Ademais no 2013, implantáronse aplicacións específicas para a presentación telemática de demandas como soporte e apoio á xestión dos procedementos vinculados ás demandas de inversións en preferentes e outros produtos financeiros complexos. Así mesmo, para os sistemas de información do accidente ferroviario de Santiago.

Por último, destacar a posta en marcha dunha aplicación de Expurgo, que se encarga de realizar de maneira sinxela o rexistro da información necesaria para a xeración de expedientes potencialmente expurgables, e dicir, xa non necesarios e que sen embargo ocupan moito espazo nos sistemas xudiciais.



Premio á aplicación do IMELGA

O Consello Xeral do Poder Xudicial otorgou en setembro á Xunta de Galicia o “Premio á calidade da Xustiza” na modalidade de xustiza máis transparente polo proceso de informatización levado a cabo no Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA), no que se reflicte unha estreita colaboración entre os médicos forenses e os órganos xudiciais.

No 2013, implementáronse importantes melloras na aplicación: rexistro de entrada, axenda forense, aestatísticas, etc. Rexistráronse case 30.000 expedientes no sistema de información do instituto (SIMELGA).



Formación: Xornadas de informática xudicial

O 25 de outubro, na Cidade da Cultura, celebráronse as III Xornadas de informática xudicial e delitos informáticos. Un acto enmarcado no convenio de colaboración asinado entre o CPETIG e a Amtega para a realización de accións formativas no campo da informática xudicial, as análises forenses e o uso seguro de internet e as redes sociais entre os menores.

Durante o ano pasado, as actividades de formación estiveron marcadas pola consolidación do servizo de formación remota, plans específicos adaptados ás necesidades concretas dos empregados para o desempeño da súa labor. A través de Comunidade Virtual de Aprendizaxe (CVA) foise dando acceso aos usuarios que participaron nos distintos plans de formación e a finais de ano había case 300 usuarios rexistrados.

TIC e Benestar

- **Aprobouse o plan TRABE para planificación tecnolóxica dos servizos sociais públicos e a creación da historia social única para cada usuario**

A finalidade desta liña é a modernización dos servizos sociais a través da transformación dos procesos e da carteira de servizos facendo uso das TIC, por iso é necesario incidir na mellora das ferramentas de traballo, nos sistemas de información para a toma de decisións e na integración dos sistemas dos distintos niveis asistenciais.

Plan Trabe

O Consello da Xunta aprobou en outubro de 2013 o Plan Trabe, para a planificación tecnolóxica dos servizos sociais públicos, con tres obxectivos fundamentais: unha historia social única para cada usuario, que poida cruzarse coa historia clínica electrónica e que, deste xeito, permita unha mellor coordinación entre o Servizo Galego de Saúde e os servizos sociais; mellorar os servizos que se lle dan aos usuarios dos dispositivos asistenciais, tanto para o acceso como ampliar a oferta; e captar máis financiamento europeo, xa que o Fondo Social Europeo para o período 2014-2020, financiará os gastos por indicadores de persoas atendidas.

Ao Plan Trabe destinaranse 8 millóns de euros e estímase que permitirá un aforro estimado duns 30 millóns de euros cada ano nos servizos sanitarios; e de 4 millóns de euros de aforro cada ano nos servizos sociais. Unha das claves do Plan é a creación dun sistema integrado de intercambio de información entre os sistemas sociosanitarios e as administracións local e autonómica.

Tramitación da discapacidade

En decembro atopábase implantado en Lugo, Ourense e Santiago un novo sistema de tramitación de procedemento de discapacidade, unha aplicación para realizar o proceso de recoñecemento da situación de discapacidade (Censo de discapacidades) e que se irá implantado no resto de delegacións.

Administración eficiente

Na liña de administración eficiente, facer máis cos mesmos recursos, dar mellores prestacións e servizos á sociedade e a propia administración consolidáronse no 2013 varios proxectos: o catálogo de datos da Xunta de Galicia, o portal @bertos; o Centro de Proceso de Datos Integral, o CPDI, instalado na Cidade da Cultura e o aposta polo software libre para o uso en ferramentas de soporte tecnolóxico das infraestruturas existentes.

O portal de datos abertos, é o tempo unha fiestra á transparencia e unha proposta ao sector elaborador de contidos para desenvolver produtos interesantes para a sociedade a partir dos mesmos, tal como propoñen as directivas europeas en materia de reutilización da información do sector público. O portal dispón de 292 catálogos de datos

292

Catálogos de datos
en @bertos

En canto, a consolidación e homoxeneización das infraestruturas tecnolóxicas no ano 2013 déronse pasos importantes como a identificación das ferramentas corporativas comúns, a diminución do número de centros de atención ao usuario (CAU), así como a xestión posto de traballo (inventariado e plan de evolución).

No directorio corporativo hai case 11.000 ordenadores, sen incluír postos de traballo en educación, xustiza e sanidade, polo que faise preciso realizar unha normalización que axude a reducir o mantemento e os conseguíntes custos dos contratos de soporte. No 2013, iniciouse un novo contrato de mantemento que supuxo un aforro de máis dun 40%.

Outras actuacións no ámbito da homoxeneización das infraestruturas e plataformas tecnolóxicas da Xunta de Galicia foron a adquisición de novas ferramentas de virtualización en software libre, a xestión de contratos corporativos de compra de hardware para o CPDI e software (xestor documental e procura de documentos).

45%

CPD trasladados ao
CPDI do Gaiás

Por outra parte, no Centro de Proceso de Datos Integral da Xunta de Galicia (CPDI) xa están ubicados no Gaiás case o 45% dos CPD a trasladar, o que tamén está a xerar importantes aforros.

Tamén é destacable o aforro da factura enerxética, avaliado nun 20%, que se está a xerar mediante diversas accións encamiñadas a unha mellor xestión da temperatura dos espazos onde están as máquinas.

Por último, no referido ao software libre, ademais do xa comentado no ámbito interno para as ferramentas para o CPDI, o plan de acción anual desenvolveu importantes actuacións como a elaboración dunha folla de ruta para a migración a Software libre do posto de traballo do empregado público.

A reutilización da información do sector público: @bertos

- O número de descargas do portal @bertos aumentou un 80% respecto ao 2012 e xa están dispoñibles na web 292 conxuntos de datos
- A sección Experiencias expón casos de éxito de aproveitamento por empresas da reutilización de datos públicos da Xunta de Galicia

O portal de Datos Abertos é a iniciativa da Xunta de Galicia que naceu en marzo do 2012 para impulsar a apertura de datos en todos os organismos do sector público autonómico e promover a súa reutilización, permitindo calquera uso dos mesmos sempre que se respecten as condicións de uso establecidas.

Entre as principais vantaxes da apertura de datos públicos hai que destacar, por unha banda, que habilita á cidadanía para participar da análise da información pública, o seguimento de logros e a mellora da transparencia e, doutra banda, aporta importantes beneficios económicos, ao favorecer a optimización dos procesos na Administración, mellorar a interoperabilidade, incrementar a eficiencia e moderar os custos internos.

Ademais impulsa o mercado de reutilización entre empresas infomediarias e outros axentes reutilizadores, para xerar servizos e funcionalidades novas que acheguen información de alto valor para os seus clientes.

O artigo 23 do devantado decreto 201/2011 instaba a todos os órganos e unidades da Administración xeral e do sector público autonómico a facilitar, de forma progresiva, os mecanismos que posibilitasen o acceso á esa información reutilizable por medio dun espazo único.

Así en menos dun ano, o portal xa contaba con máis de 250 conxuntos de datos e no 2013 engadíronse outros 36, para chegar a 292 a finais de ano. Ademais traballouse noutros dous ámbitos, por unha banda a xeorreferenciación e por outra na taxonomía, para permitir clasificar os conxuntos de datos da Xunta dentro doutros catálogos e no seguimento e mantemento das rutas de datos para asegurar o funcionamento en todo momento do catálogo.

Ademais iniciáronse as accións necesarias para federar os datos galegos ao portal (datos.gob.es), punto de encontro dos diferentes proxectos de datos reutilizables procedentes de diferentes proxectos estatais e autonómicos, no marco do proxecto Aporta.



DESCARGAS POR FORMATO	2012	2013
CSV	833	1786
CALENDARIO	170	1.411
KLM-KMZ	174	526
PDF	103	240
RSS	134	284
WMS	102	127
XLS	1.194	186
OUTROS	224	736
TOTAL	2.934	5.298

Xeración de negocio

Na sección “Experiencias” do portal pódense atopar iniciativas comerciais de reutilización empregando datos do catálogo Abertos, como por exemplo:

- **Biblioguía, Mapa e localizador de bibliotecas de Galicia**
Permite o acceso á información de contacto de máis de 6.000 bibliotecas, centros de documentación, de lectura e bibliotecas especializadas próximas a unha posición determinada (obtida do GPS do dispositivo móbil ou dunha dirección introducida nel).
- **Smart Wheather**
Unha aplicación para dispositivos móbiles que permite que sexa o propio usuario quen faga o seu prognóstico personalizado a partir de imaxes animadas de datos pasados e doutras de predición dos próximos días.
- **Eleccions Galicia**
Permite consultar os resultados dos últimos procesos electorais celebrados na Comunidade Autónoma de Galicia, concretamente nos comicios de 2005 e 2009, así como obter, en tempo real, o avance do escrutinio de futuras xornadas electorais.
- **O Camiño en GPS**
A primeira guía interactiva do Camiño Francés, cobre todo o percorrido desta ruta desde Saint-Jean-Pied-de-Port ata Compostela. Ten dispoñibles máis de 1.500 arquivos de vídeo e máis de 100.000 fotografías, o que supón máis de 50 por cada unha das 30 etapas.



Consolidación e homoxeneización da infraestrutura

- **Iniciouse a realización do repositorio de activos tecnolóxicos (CMDB) dos postos de traballo para definir un modelo homoxéneo**

Este programa ten como obxectivo a centralización de infraestruturas así como a identificación e implantación de ferramentas corporativas comúns que permitan aforrar custos de mantemento e alcanzar economías de escala.

Un dos elementos fundamentais é o posto de traballo do empregado público, que presenta un escenario moi disperso, non homoxéneo e con niveis de obsolescencia nalgúns ámbitos, o que complica a formación e soporte do usuario, mantemento das aplicacións, licenzas, etc.

Para ordenar esta situación estase a evolucionar cara unha implantación dun modelo único de xestión, da atención aos usuarios, e de evolución e administración do posto de traballo, sen perder a perspectiva de atención especializada aos diversos colectivos de persoas usuarias, tendo en conta as diferentes necesidades tecnolóxicas

No 2013 iniciouse a posta en marcha da CMDB (repositorio de activos tecnolóxicos) dos postos de traballo e a revisión e inventariado do equipamento. Na actualidade no ámbito administración están identificados e integrados no directorio activo corporativo uns 10.900 postos de traballo.

Centros de atención a usuarios

No 2013 continuouse coa progresiva redución dos centros de atención aos usuarios (CAU) ao integrar no sistema corporativo os centros das Consellerías de Medio Rural e do Mar e a Consellería de Benestar e Traballo. Ademais estase a preparar a integración das delegacións territoriais. Tamén no ano 2013, creouse un CAU especializado en arquivos, bibliotecas e museos, que aglutinou aos tres existentes, un para cada área e creouse un novo para a atención especializada á rede de centros de benestar. No 2013, no CAU corporativo recolléronse case 88.000 incidencias e peticións de servizo.

Seguridade e calidade

- **As políticas de seguridade e calidade permiten que case o 68% dos servizos e aplicacións superen os test de vulnerabilidade a primeira**

Seguridade

No ámbito da Seguridade, realizáronse tarefas de xestión e supervisión da seguridade corporativa da Xunta de Galicia, e o seguimento do cumprimento normativo en materia de protección de datos persoais. Entre outras, leváronse a cabo as seguintes iniciativas:

- Revisión do cumprimento das medidas de seguridade requiridas no nivel básico polo Esquema Nacional de Seguridade dos servizos e da información xestionados na Sede Electrónica da Xunta de Galicia.
- Realización dun borrador de decreto de creación da Comisión de Seguridade e Goberno electrónico, para o impulso, coordinación, deliberación e asesoramento a todos os órganos e unidades da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
- Elaboración de políticas e procedementos de seguridade, en base ás obrigas e recomendacións derivadas da lexislación vixente en materia de protección de datos e do Esquema Nacional de Seguridade.
- Posta en marcha dunha plataforma de cifrado corporativa para ordenadores persoais, dispositivos móbiles e mensaxes de correo.
- Análise de vulnerabilidades de aplicacións e servidores, case o 68% dos servizos e aplicacións superan os test de vulnerabilidade a primeira.
- Atención ás consultas en materia de protección de datos persoais que se formulan na AMTEGA e noutras entidades da Xunta de Galicia.



Calidade

No 2013, para a mellora da calidade elaboráronse os contidos da carta de servizos da Amtega; creouse unha base de datos de xestión da configuración (CMDB) corporativa; realizouse un procedemento de revisión de pregos TIC para os organismos non integrados na Amtega e implantouse un procedemento de alta de proxectos homoxeneizada e aliñada coas ferramentas corporativas.

Centro de Proceso de Datos Integral da Xunta de Galicia

- No Centro de Proceso de Datos Integral da Xunta de Galicia (CPDI) xa están ubicados case o 45% dos CPD a trasladar

Integración do novos organismos

En xullo finalizou a reubicación da infraestrutura tecnolóxica dos servizos tecnolóxicos do Sergas ao Centro de Proceso de Datos Integral (CPDI), situado na Cidade da Cultura do Gaiás. Esta plataforma tecnolóxica permitiralle ao Sergas mellorar a dispoñibilidade das súas aplicacións e ampliar a capacidade de crecemento para desenvolver proxectos como Innova Saúde e Hospital 2050.

O traslado do equipamento realizouse en varias fases coa premisa principal de manter activos en todo momento os servizos baseados nas TIC para cidadáns e profesionais, o que foi posible grazas a unha planificación que comezou hai 10 meses. Coa integración no CPDI reubicáronse un total de 207 servidores de datos, catro cabinas de almacenamento de información, 39 equipos de electrónica de telecomunicacións (tanto de voz como de datos) e catro librerías para a xestión de copias de seguridade.



O corazón dixital do Gaiás presta xa servizos das Consellerías de Industria e Economía; Traballo e Benestar; Cultura, Educación e Ordenación Universitaria; da Secretaría Xeral de Emigración; e da Axencia de Turismo, o que supuxo a eliminación de boa parte dos CPDs. De xeito paulatino o Centro de Proceso de Datos Integral (CPDI) xestionará case 3.000 aplicacións desde os seus 2.000 servidores informáticos.

Equipamento

No 2013 rematouse un proceso iniciado no 2012 para adquisición dun sistema de almacenamento e de servidores orientados a albergar proxectos de administración electrónica e outros servizos ofrecidos ás entidades locais. Tamén iniciouse a adquisición de servidores de sistemas críticos e a adquisición de servidores para a consolidación de servizos nos centros de proceso de datos.

Ademais arrancou o novo contrato de mantemento da infraestrutura básica do CPDi (sistema de climatización, sistema eléctrico, grupo electrógeno, ...) que supuxo un aforro de mais dun 40% nos custos de aforro.

Durante o ano 2013 continuou a integración do mantemento de boa parte das licenzas de software de base de servidor e iniciouse a contratación centralizada dos restantes, que se formalizarán no 2014. A unificación das ferramentas de xestión de bases de datos e servidores de aplicacións está a permitir un aforro de 250.000 euros anuais. No mantemento das licenzas de software de servidor, backoffice e escritorio de produtos de Microsoft acadouse unha redución media anual de 1,7 millóns de euros con respecto ao 2010 e unha redución media anual de 0,4 millóns de euros con respecto a 2012.

Por outra banda, a adquisición de novas librerías de cintas están a permitir a consolidación, aliñamento e ampliación das capacidades dos sistemas de copia de seguridade actualmente existentes.

A utilización de software libre permitiu un aforro estimado de 3,5 millóns de euros de investimento e soporte en software de base de infraestruturas (backups, xestores de bases de datos, software de servidor do proxecto Abalar)

Software libre

- **Elabórouse unha folla de ruta para a migración a software libre do posto de traballo do empregado público**

O implantación do software libre na sociedade, administración, cidadanía e empresas de Galicia vense desenvolvendo dende hai algúns anos, mediante os plans de acción anuais. Os plans fan especial énfase tanto no uso por parte dos colectivos mencionados como no desenvolvemento dun sector empresarial baseado no software libre e de fontes abertas de calidade, así como na implantación efectiva de los estándares abertos.

Software libre na administración

NO 2013 elaborouse unha folla de ruta para a migración a Software Libre do posto de traballo do empregado público en colaboración con AGASOL. Tamén, realizouse un estudo da arte das diferentes ferramentas de teleformación de fontes abertas para a súa implantación na Administración.

Por outra parte, é salientable a liberación pública de varias aplicacións desenvolvidas por diferentes organismos da Xunta de Galicia: sistema de videoconferencias, xestor de transaccións en linguaxe java, aplicacións para hostalería e turismo, etc.



Software libre para a cidadanía

No 2013 asináronse convenios de colaboración para el impulso del Software Libre con diferentes asociacións: Asociación Galega de Usuarios de Software Libre (AGUSL), Consorcio Interuniversitario das Universidades Galegas (CIXUG) e a Asociación Galega de Empresas de Software Libre (AGASOL)

Ademais colaborouse na convocatoria do premio ao Mellor Proxecto Fin de Carreira con Software Libre e publicáronse os cursos de formación elaborados coa rede CeMIT no Repositorio Documental de Software Libre.

Software libre para a empresa

Publicouse o Catálogo de Empresas Galegas de Software Libre no portal abert@s, de forma coordinada coa publicación dos servizos web do MapaTIC.gal e realizáronse varias xornadas prácticas sobre ferramentas de software libre para empresas no CDTIC. Tamén se presentou, en setembro, a Guía de Software Libre para profesionais Autónomos en colaboración con AGASOL.

Cidadanía dixital

A formación para a inclusión dixital, o coñecemento das novas ferramentas e tendencias no uso de Internet, a xeración de nativos dixitais e todo o que ten co maior aproveitamento por parte dos cidadáns de calquera idade, sexo e capacidade económica do uso das TIC no mundo actual son os principais obxectivos de esta liña da Axenda Dixital 210.gal

Para desenvolver esta liña a Xunta de Galicia está a traballar nos últimos anos a través de dúas iniciativas: a Rede de Centros de Modernización e Innovación Tecnolóxica (CeMIT), para a formación da sociedade xeral, con especial énfase no ámbito da chamada inclusión dixital, aínda que tamén forman parte do seu ámbito de actuación, a formación dos empregados públicos e os profesionais. A outra iniciativa é a Plan Abalar, para a introdución das TIC na escola, para que as TIC formen parte integral do ensino dos máis novos.

32.000

Usuarios formados
na rede CeMIT

Segundo a memoria anual da rede CeMIT a finais do ano 2013, polas aulas da rede tiñan pasado a recibir formación máis de 32 mil usuarios en 3.320 actividades, o número de horas impartidas chegaba case as 43 mil. Ademais, en xuño, púxose en marcha un blog “Xente Dixital” para informar e analizar temas de actualidade sobre as novas tecnoloxías en Galicia.

Segundo a última enquisa de condicións de vida do INE a conexión a Internet está presente no 64,7% dos fogares galegos, fronte ao 69,8% que rexistra o conxunto do Estado. A conexión á Rede en Galicia experimentou un incremento do 2,7% con respecto a 2012, valor semellante á media estatal. O informe salienta dous dos problemas tradicionais de Galicia no uso das TIC, a idade e o habitat. Así, a proporción de galegos de 16 a 34 anos que usaron o ordenador e Internet nos últimos tres meses en Galicia superou o 92%, situándose por riba do valor estatal e a porcentaxe de fogares galegos con conexión á Internet nos concellos de poboación de 50.000 a 100.000 habitantes é do 80,2%, tamén superior á media estatal en 8,9 puntos.

2.295

Aulas equipadas co
Plan Abalar

Respecto do Plan Abalar que xa vai polo seu cuarto curso, este ano estase a instalar o equipamento en 302 novas aulas, polo que a fin do curso 2013-2014 serán 2.295 as aulas dixitalizadas, e dicir, dotadas dos medios tecnolóxicos e humanos necesarios para a actividade escolar. Estas aulas están repartidas por 531 centros de toda Galicia.

Ademais o Plan Abalar, alén de promover o uso e o coñecemento nos escolares tamén ten contidos formativos para as familias e promove o uso activo da rede por parte destas. A través do espazo Abalar pódense realizar as comunicacións en profesores e familias, consultar notas e asistencia a clases, etc. Para facilitar o acceso, este ano púxose en marcha abalarMóbil, un proxecto piloto con 4.500 familias que se estenderá proximamente a toda a poboación.

340

Voluntarios dixitais e
78 entidades

Destacar, tamén, o Plan de Voluntariado Dixital, un plan que comezou este ano 2012 para canalizar a participación de entidades sociais, empresas e os propios voluntarios a favor da loita contra a fenda dixital, chegando xa a finais do 2013 a 340 voluntarios e 78 entidades. O programa de voluntariado está a participar en varios proxectos europeos a fin de difundir as súas vantaxes e o seu modelo de funcionamento noutros países.

Rede CeMIT: a inclusión tecnolóxica

- O balance de horas de formación e usuarios da Rede CeMIT continúa a mellorar as cifras acadadas en anos anteriores, máis de 32 mil usuarios e case 43 mil horas de formación, repartidas en 3.320 actividades formativas
- No 2013 retransmitíronse 125 xornadas a través dos sistemas de videoconferencia instalados nas aludas da Rede
- En maio comezou a colaboración de axentes sociais galegos na Rede CeMIT para axudar a difundir e realizar accións de inclusión dixital

Formación TIC por todo o territorio

A Rede CeMIT está integrada por 98 aulas presentes en 92 concellos e 53 comarcas, co obxectivo de promover o uso das novas tecnoloxías. Desde a súa posta en marcha, leva achegado as novas tecnoloxías a máis de 32.300 persoas e impartido preto de 99.000 horas de formación.

No 2013 no marco do Plan de Formación da Rede CeMIT, que inclúe 11 itinerarios e máis de 60 cursos, relacionados con 3 eixos organizativos, tal como recolle a gráfica que se acompaña, conseguiuase un incremento do 50% no número de usuarios rexistrados con respecto ao 2012, e contou co dobre de usuarios.

Por outra banda, no 2013 ademais da actividade presencial nas aulas desenvolvéronse actividades de teleformación a través do Espazo Multimedia de Aprendizaxe (EMA), unha plataforma libre que permite achegar a alfabetización dixital a calquera punto xeográfico de xeito gratuíto, e que dende o seu lanzamento no mes de maio de 2012 rexistrou preto de 32.000 accesos.

CeMIT	2013
Horas de formación	42.840
Usuarios	32.334
Actividades formativas	3.320

Ademais a rede CeMit usouse para axudar a difundir xornadas formativas realizadas por outros organismos, ofrecendo a posibilidade de empregar os sistemas de videoconferencia da Rede, conseguindo así un efecto multiplicador sobre as actividades de formación ao permitir o achegamento a un maior número de núcleos de poboación e usuarios.

Así, no 2013 retransmitíronse a través dos sistemas de videoconferencia das aulas 125 xornadas de interese xeral impartidas por profesionais recoñecidos do sector TIC, organizadas polo Centro Demostrador das TIC, polo Centro de novas Tecnoloxías ou pola rede de Voluntariado Dixital (VolDix) nas que se matricularon máis de 700 usuarios de 39 concellos.

3 eixos de organización



11 Itinerarios - Máis de 60 cursos



Miradas de Muller

Ademais, continuando coa labor iniciada en 2012, púxose en marcha no mes de xaneiro “Miradas de Muller” unha iniciativa para mulleres desempregadas de zonas rurais e enfocada a súa incorporación ao mundo empresarial relacionado co campo da fotografía dixital.

O proxecto “Miradas de Muller” forma parte dun programa de ámbito estatal no que participaron 11 comunidades autónomas. En Galicia participaron máis de 360 mulleres, distribuídas en 34 aulas CeMIT.

Tras un primeiro itinerario formativo, as usuarias teñen acceso a unha plataforma web (www.miradasdemujer.com) no que publican as súas obras para amosar o seu traballo e intercambiar experiencias con outras participantes. A finais de ano as participantes ca compartiran case 6 mil fotografías e 290 álbumes.

O espazo en liña conta tamén cun catálogo dixital de servizos de autoemprego no que as usuarias poderán publicar os servizos fotográficos que ofrecen e os clientes potenciais poderán expoñer as súas necesidades



Modelo de funcionamento

En maio de 2013 iniciouse unha liña de colaboración entre a Rede CeMIT e axentes sociais de Galicia, coa idea de apoiar e potenciar o traballo levado a cabo polas ditas entidades de carácter social galegas, poñendo á súa disposición os recursos e aulas da Rede para empregalas na realización de actividades orientadas á alfabetización de grupos en risco de exclusión dixital.

Entre as 23 entidades que asinaron o Convenio desde a súa posta en marcha pode salientarse Cruz Vermella, Cáritas, Cogami, ou o Colexio Oficialde Traballo Social. Unha vez consolidado o papel da Rede como vehículo para a alfabetización dixital, a Amtega está a impulsar a definición dun novo modelo de Rede co horizonte no ano 2020, a través da elaboración do **Plan de Inclusión Dixital** buscando o seu crecemento e orientándose cara un modelo que lle aporte maior capilaridade xeográfica, sostible economicamente, cun maior número de axentes implicados e que permita cumprir cos obxectivos de inclusión dixital fixados a nivel nacional e europeo.

Rede CeMIT en Internet

No 2013, a web da rede CeMIT rexistrou por riba de 445.000 visitas de máis de 80 mil visitantes. Ademais tivo 29 mil usuarios rexistrados e foron lidas máis de 2 millóns de páxinas.

Por outra parte, está a desenvolverse unha nova versión da súa páxina web que estará dispoñible a principios do 2014, unha web con novas funcionalidades, máis doada de usar e cunha maior orientación aos usuarios que, por exemplo, poderán acceder a un espazo privado onde consultar toda a súa actividade, recibir comunicacións do centro, consultar os cursos do seu centro de referencia, etc.

A web tamén fixo de soporte para a participación en dous certames en liña “Cóntanos como ves Internet” e “A tecnoloxía na vida cotía” promovidos na plataforma www.diadeinternet.org co gallo do Día Mundial de Internet e da Sociedade da Información, que se celebra o 17 de maio de cada ano.



Formación dos empregados públicos

A formación TIC dos empregados públicos desenvólvese en varios eixos: formación básica, xeralmente en teleformación; formación especializada para técnicos; cursos especializados e avaliación dos coñecementos tecnolóxicos.

Competencias dixitais

A Xunta de Galicia a través da Escola Galega da Administración Pública e a Amtega puxeron en marcha o 'Plan formativo ofimático de Galicia' para desenvolver as competencias dixitais en ofimática dos empregados públicos galegos. Un plan que está incluído no Plan Estratéxico de Galicia 200-2014 e que está formado por un conxunto de 5 materias e contido adaptado ao Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

Co plan promóvese un sistema de avaliación e acreditación das competencias profesionais en ofimática dos traballadores da Administración ao tempo que se mellora a formación continua dos empregados públicos e se simplifica o proceso de provisión de prazas.

Os cursos que oferta a EGAP son o 'Sistema operativo, busca da información: internet intranet e correo electrónico'; 'Aplicacións informáticas de tratamento de textos'; 'Aplicacións informáticas de follas de cálculo'; 'Aplicacións informáticas de bases de datos relacionais e 'Aplicacións informáticas para presentacións: gráficas de información'. Para cada materia do 'Plan formativo ofimático de Galicia' existen dúas modalidades: en software propietario e en libre, segundo a normativa.



A superación das probas nas cinco materias mencionadas que realiza a EGAP xa sexa na modalidade de teleformación ou probas libres, posibilita a obtención da Certificación galega de competencias dixitais en ofimática, coñecida como Codix. Dende a posta en marcha do Plan no ano 2011, a Egap programou un total de 14.500 prazas en cursos e probas para poder obter esta certificación. O número de certificacións emitidas ascende xa a 599, das que 441 son do 2013.

No 2013, ofertáronse un total de 6.000 prazas de formación en materia de ofimática (2.500 na modalidade de teleformación e 3.500 presenciais), sumando un total de 4.560 horas de formación repartidas en 24 edicións. Respecto á formación técnica, realizáronse cursos de ITIL V3, de 15 horas de duración na modalidade de teleformación, no que participaron 50 empregados públicos.

Curso Superior de Administración Electrónica

A EGAP convocou en marzo o 'III curso superior de Administración electrónica', co que pretende afondar, dende unha perspectiva técnico-xurídica na materia e no valor da súa implantación nas distintas administracións da nosa Comunidade.

O contido está estruturado en tres módulos, os fundamentos de tecnoloxías e sistemas de información, os aspectos legais das TIC e a eAdministración, e a Administración electrónica, e están enfocados para que os destinatarios adquieran ou perfeccionen os coñecementos teóricos e prácticos da informática e do dereito.

Para o curso, cun total de 114 horas, a Escola ofertou un total de 50 prazas, das que o 60% tiñan como destinatarios os empregados públicos das administracións de Galicia, tanto autonómica como local, e das universidades.

Programa de Voluntariado Dixital de Galicia

- A finais do 2013 estaban adheridos ao programa máis de 340 voluntarios dixitais e 78 entidades de acción social
- O programa de voluntariado está a participar en varios proxectos europeos a fin de difundir as súas vantaxes e o seu modelo de funcionamento noutros países

Esta iniciativa ten como obxectivo principal achegar as novas tecnoloxías á vida cotiá da cidadanía mediante a colaboración de persoas ou entidades voluntarias, fomentando así a inclusión social. En xuño celebrouse o acto público de sinatura dos protocolos de colaboración cos mecenas dixitais e entidades colaboradoras.

A finais de ano 2013, estaban adheridos ao programa máis de 340 voluntarios dixitais, dos que por riba do 75% participaron en diversas actividades. Ademais no programa están adheridas 78 entidades, das que 14 son organismos colaboradores, 41 entidades de acción voluntaria e 23 mecenas dixitais.

As actividades do programa, que beneficiaron a un total de 4.300 persoas clasificadas en cinco colectivos (maiores, persoas con discapacidade, reclusos, persoas desempregadas e entidades do Terceiro Sector), estiveron relacionadas coas seguintes temáticas:

- Tecnoloxía para a inclusión social.
- Interrelación sector TIC - sector de acción social galego.
- O uso da web 2.0 e as redes sociais nas organizacións sociais.
- Internet e as novas tecnoloxías na procura de emprego.



Impulso da RSE no sector TIC de Galicia

Impulsar a Responsabilidade Social Empresarial (RSE) no sector TIC galego e fomentar a difusión dos produtos e solucións de tecnoloxía social son os dous dos obxectivos dun protocolo asinado en novembro entre a conselleira de Traballo e Benestar, a directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), e representantes de Agestic, Eganet, Clúster TIC, e Agasol.

Ademais está previsto elaborar unha Guía de Boas Prácticas de RSE para o sector TIC, coa información achegada polas asociacións asinantes e que servirá de base para a creación dunha plataforma sectorial TIC de fomento da RSE. Tamén, ao longo de 2014 realizaranse 7 xornadas de difusión e boas prácticas, así como actividades de formación práctica sobre como implantar a RSE no sector TIC e o Osimga realizará un estudo monográfico sobre a materia.

Proxectos europeos: Seminario Gruntvig

En novembro celebrouse, en Santiago de Compostela, un seminario Grundtvig, unha iniciativa do proxecto “Servizos de voluntariado europeo, SERVE” no que se integran entidades de voluntariado europeo e que estivo organizado pola Escola Galega de Consumo, socia do proxecto. Un foro no que expoñer experiencias, prácticas e métodos de xestión coa fin de difundir boas prácticas de voluntariado europeo e mellorar a calidade e a dimensión europea da educación de adultos nun sentido amplo, incluíndo a ensinanza formal, a non formal.

No evento participaron 27 representantes de oito entidades de voluntariado europeas, tan diversas como: Hungría, (voluntariado museos), Noruega (voluntariado dende os concellos), Eslovaquia (formación voluntarios), Polonia (formación e estudos de voluntariado), Turquía (voluntariado cultural e deportivo), República Checa (voluntariado nenos) e Irlanda (voluntariado sénior).

Ademais, a Comisión Europea seleccionou o Programa de Voluntariado Dixital para ser analizado nun seminario Peer Review a nivel europeo como exemplo de boa práctica en materia de inclusión social a través das TIC. Este seminario Peer Review, ou avaliación por pares, é unha iniciativa impulsada pola Comisión Europea para difundir entre os países membros iniciativas e proxectos de interese en determinados ámbitos para fomentar a aprendizaxe e o intercambio de información a través da avaliación e a análise crítica por parte de expertos nesa materia e terá lugar en marzo de 2014.



Formación nos centros penitenciarios

A Asociación de Usuarios de Software Libre da Terra de Melide (MELISA), xunto coa Amtega puxeron en marcha a iniciativa “Tecnoloxía e Software Libre nos Centros Penitenciarios Galegos” co como obxectivo de achegar as novas tecnoloxías e o software libre aos reclusos dos ditos centros.

A actuación comezou en xullo no centro penitenciario de Monterroso, en outubro paso polo Centro de Inserción Social (CIS) “Carmen Aven-
daño” de Vigo e no Centro de Inserción Social de A Coruña Carmela Arias y Díaz de Rábago, e no mes de novembro, estivo nos centros de Bonxe e no de Teixeira, en total 70 internos recibiron formación en TIC e software libre.



Para poder acadar os niveis de calidade desexados, seleccionouse un número reducido de presos en cada centro de acordo coa súa formación, intereses, preparación e aptitudes, e en colaboración coa dirección de cada centro: un grupo de traballo intensivo, con atención personalizada e conexión permanente na práctica co equipo de formación.

Outras actividades formativas

Outras actividades realizadas no 2013 no marco do Programa de Voluntariado Dixital, e relacionadas coa formación foron:

- 2 módulos de formación básica para voluntarios dixitais.
- 3 Proxectos en colaboración coas entidades adheridas ao programa:
 - Internet móbil para persoas maiores
 - A busca de emprego a través das redes sociais dirixido a persoas con discapacidade
 - Seguridade na rede
- 3 xornadas temáticas xunto con entidades adheridas ao programa:
 - Xornada de boas prácticas en tecnoloxía para a Inclusión Social
 - O uso da web 2.0 e as redes sociais nas organizacións sociais
 - Identidade dixital e busca de emprego 2.0

Ademais realizouse no 2013 a xestión de 15 apoios dixitais por parte dos voluntarios nas entidades de acción voluntaria e a entrega de equipamento tecnolóxico, a Fundación Abertis, a través do xestor de residuos Revertia, mecenas dixital, doou 27 equipos informáticos a 3 centros sociais.

TIC e educación: Plan Abalar

- O Plan Abalar está a chegar no curso 2013-14 a unhas 2.295 aulas, repartidas entre 531 centros educativos de Galicia
- No 2013 púxose en marcha abalarMóbil, un novo xeito de pór en relación ás familias e profesores, cun piloto que implicou a 4.500 familias

O obxectivo principal deste programa é a mellora do sistema educativo a través da integración plena das TIC na práctica educativa. O programa está a actuar como un motor da modernización do sistema educativo, a mellora das capacidades TIC entre profesores e alumnos e a mellora da calidade na educación, o que redundará na redución do fracaso escolar.

Aulas dixitais

O programa Abalar, está agora no seu cuarto ano. No curso 2013/2014 o plan Abalar está a chegar a 2.295 aulas de 531 centros educativos, beneficiando a máis de 49.000 estudantes. Ademais 235 colexios e institutos pasan a dispor de conexión a internet a unha velocidade de 100 Mbits, 21 poderán chegar aos 200 Mbps. No ano 2009 o ancho de banda medio situábase nos 5 Mbps fronte aos máis de 21 Mbps a finais do 2013.

Outro dos eixos fundamentais do proxecto é o Repositorio de contidos dixitais que contaba a finais de ano con máis de 2.000 recursos educativos dixitais, dispoñibles en sete idiomas para os seguintes niveis educativos: educación infantil, primaria, secundaria, bacharelato e ciclos formativos. Desde que comezara a funcionar en 2010, os usuarios do espazo Abalar teñen realizado 2,6 millóns de descargas.



PROXECTO
ABALAR

Segundo os datos da avaliación realizada sobre o funcionamento do programa, o uso semanal do equipo do profesor é superior ao 95%, é dicir, practicamente total. Así mesmo, o emprego medio semanal do equipamento Abalar, sumando os portátiles dos docentes e ordenadores ultraportátiles do alumnado, rolda o 70%. Máis da metade dos centros teñen un uso semanal de máis do 80%, e outro 25% de entre o 60 e o 80%.

Os datos proceden dun seguimento do proxecto realizado pola Amtega, xunto coa avaliación periódica que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria realiza a través da Inspección Educativa; e son cifras que reflicten a satisfacción dos centros co proxecto. Dende a Consellería estase a traballar para impulsar que todos os centros educativos acaden o máximo emprego do proxecto, tanto no que se refire a equipamento e instalacións nos centros educativos como á formación do profesorado e coordinadores do programa.

Outro dos compromisos da Consellería de Cultura e Educación é continuar avanzando na cultura dixital, e vén de ser aceptada como socia no programa europeo iTEC, o maior proxecto europeo en materia do uso da rede nas escolas, no que traballan conxuntamente ministerios, provedores de tecnoloxía e organizacións de investigación e estudo. O iTEC ten neste momento 27 socios, polo que a nosa incorporación a este proxecto é unha clara mostra do bo facer que se vén desenvolvendo nos últimos anos en materia de incorporación das TIC ao ensino.

AbalarMóbil

A principios do curso 2013-14, púxose en marcha a aplicación **abalarMóbil**, un paso máis na evolución do Proxecto Abalar, xa que permite ás familias seguir a actividade educativa dos seus fillos dende calquera lugar, dunha forma rápida e cómoda a través dos seus dispositivos móbiles: consultar desde o seu as cualificacións, consultar e xustificar as faltas de asistencia, as faltas de conduta, os horarios e as materias, así como os avisos ou notificacións por parte do profesorado ou do centro educativo, etc.

A implantación de abalarMóbil arrancou nunha primeira fase en once centros educativos das catro provincias galegas, o que implicou a máis de 4.500 familias. O alcance da aplicación ampliarase paulatinamente ao resto dos centros educativos ata beneficiar a preto de 400.000 familias galegas.



A aplicación está dispoñible para os sistemas operativos IOS e Android e traslada as funcionalidades do espazoAbalar aos smartphones e tablets. Ademais simplifica o acceso á información, xa que non se precisa dun certificado dixital ou do DNI electrónico nin dun ordenador con lector de tarxetas.

Rede social do profesorado: Redeiras

A rede social do profesorado Redeiras (<https://www.edu.xunta.es/redeiras>) conta xa con máis de 9.000 usuarios rexistrados, pasando a converterse nunha ferramenta de complemento á práctica educativa, así como unha referencia para o profesorado dos centros educativos galegos con respecto á comunicación, a colaboración, o intercambio de experiencias entre os docentes.

Exemplo disto, é o uso actual desta rede social na que se enviaron máis de 19.700 mensaxes, creáronse 665 grupos, 1.688 de envíos ao muro e 2.900 entradas de blog, máis de 1.500 marcadores, 1.688 arquivos, 566 vídeos incrustados, 461 temas de debate, etc.



Así, en menos de dous anos, ademais de ofrecer todas as funcionalidades propias de calquera rede social, Redeiras foi incorporando novas funcionalidades que complementan e amplían as posibilidades de xestión dos grupos e a relación entre os usuarios, así como melloras no seu rendemento e funcionamento interno.

Na propia plataforma existe un grupo, “Proxecto Redeiras”, dispoñible para todos aqueles docentes que desexen estar ao día das novidades, ou ben precisen algún tipo de asesoramento, de axuda sobre o funcionamento da rede social do profesorado.

Rede de escolas na nube

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), está a participar nun proxecto de investigación europeo “RuralSchoolCloud. Cloud computing for School Networking & Learning” (Computación na nube para a colaboración e a aprendizaxe na escola), que estuda metodoloxías e ferramentas TIC innovadoras no ámbito da educación nos centros educativos rurais para mellorar a formación e a colaboración ente alumnos e docentes.



O Centro de Supercomputación de Galicia coordinará a iniciativa, na que tamén participan escolas de Dinamarca, Grecia, Italia, Macedonia e Reino Unido. O proxecto RuralSchoolCloud vai durar dous anos e basearase no intercambio de experiencias entre as escolas, así como os axentes implicados no deseño de programas innovadores e proporcionar contornos de colaboración tanto para el alumnado como para os docentes.

Navega con Rumbo

No curso 2013-14 comezou a cuarta edición de “Navega con Rumbo” unha iniciativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en colaboración co Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG) enmarcada dentro do proxecto Abalar, e que contará con 220 accións encamiñadas a guiar aos escolares cara unha navegación segura, tratando de evitar así que sexan vítimas de condutas como o ciberacoso.

Na primeira edición déronse 90 sesións informativas en centros educativos de Galicia, no curso 2011/12 chegaron a preto de 140 e no pasado curso a cifra levouse a 200 o que fará un total de 650 accións a finais do presenta curso.

As sesións están apoiadas nas Guías de Boas Prácticas, dirixidas tanto ao alumnado coma ás familias e ao profesorado, e que se poden descargar da web do programa www.navegaconrumbo.es. Ademais, están a disposición da comunidade educativa xogos e ligazóns de interese sobre a temática do programa



Bibliotecas escolares

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ven desenvolvendo nos últimos anos o Plan Lía (lectura, información e aprendizaxe) dentro do que se enmarcan dúas iniciativas: o Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (PLAMBE), e “E-Lectores nas bibliotecas escolares”.

No curso 2013-14 están a incorporarse 20 novos centros de ensino, seleccionados entre as 151 solicitudes presentadas, ao plan de mellora das bibliotecas. Deste xeito, formarán parte do programa 524 colexios e institutos públicos, 300 máis dos que había ao inicio da lexislatura pasada. No curso anterior acollíanse a esta iniciativa o 65% dos IES de Galicia, o 60% dos CEIP de máis de 6 unidades; así como o 60% dos centros públicos integrados (CPI), nos cales estuda maioritariamente alumnado de zonas rurais.

A iniciativa ‘E-Lectores nas bibliotecas escolares’ (E-LBE), está a permitir a implantación de lectores electrónicos en un total de 115 bibliotecas escolares. . Isto supón a incorporación de 90 bibliotecas ás 25 iniciais do ano 2012. O obxectivo é reforzar a competencia lectora en formato dixital e apoiar aos centros educativos diante das transformacións que se están a producir na forma de presentar os textos, en boa medida relacionadas coas novas tecnoloxías.

Este proxecto é unha oportunidade tanto para o alumnado, que accede ás diferentes experiencias lectoras que ofrecen os novos terminais, como para o profesorado que pode afondar nas súas posibilidades para o traballo na clase, para o préstamo e para o fomento do hábito lector entre os estudantes.



Redes sociais: Xente Dixital

- O blog “Xente Dixital”, un novo espazo para compartir as vantaxes da tecnoloxía dun xeito ameno e sinxelo, contaba a finais de ano con preto de mil subscritores

Blog sobre tecnoloxía

En xuño, a Amtega puxo en marcha un blog: “Xente Dixital”, accesible desde a dirección: <http://blogs.xunta.es/xentedixital/>, un espazo sobre as vantaxes que a tecnoloxía aporta na vida cotiá, dirixido a todo o mundo e aberto ás achegas dos internautas. Pódese atopar información de actualidade sobre iniciativas, curiosidades e novas tecnolóxicas en torno a seis seccións fixas, “Actualidade”, “Cursos”, “Guías Prácticas”, “¿sabías que...?”, “Casos de éxito” e “XD a fondo”.

En Xente Dixital cada semana abórdase un tema en profundidade, procurando sempre ofrecer distintas perspectivas e unha linguaxe ameno e accesible a todo tipo de públicos. Vídeos, fotos e experiencias en primeira persoa acompañan ás informacións da sección de Actualidade.

Desde o espazo “Cursos”, pódese estar ao día de toda a actividade formativa da Rede de Aulas CeMIT pero tamén doutras actividades sobre formación dixital de interese. En “Guías prácticas” os visitantes de Xente Dixital poden atopar manuais de uso sobre aplicacións TIC e na sección “¿Sabías Qué...?” ofrécense pímulas informativas sobre cuestións curiosas do eido tecnolóxico.

“Guías prácticas” acolle pequenos tutoriais, consellos e experiencias prácticas para que a navegación pola rede sexa aínda mellor. Esta sección busca a participación dos propios usuarios para que sexan eles os que ensinen aos internautas como e de que maneira utilizan a rede para sacar o mellor proveito dela.

A través de “XD a fondo” analízanse temas de actualidade que permiten achegar conceptos, actuacións e mesmo explicacións sobre tecnoloxía nunha linguaxe que todo o mundo sexa quen de entender, afastada de tecnicismos. A sección “Casos de éxito”, está destinada a persoas ou empresas non TIC que estean a destacar ou mellorar grazas a incorporación da tecnoloxía.

Ademais, Xente Dixital naceu coa vocación de ser unha fiestra aberta aos internautas, co obxectivo de servir de foro no que debater sobre tecnoloxía e nutrirse das suxestións e experiencias de todos os que se asomen a ela.

Por iso, invita a participar e compartir coñecementos, e a enviar todo tipo de comentarios e propostas de mellora, para o que se habilitou unha caixa de correo na que todas as achegas dos cidadáns na rede son benvidas. A finais de ano, preto de mil usuarios estaban suscritos ao blog para recibir as novas publicacións.



TIC e a muller

- No 2013, realizáronse diversos estudos e análises sobre a fenda de xénero: uso das tecnoloxías e dificultades das mulleres para a súa incorporación ao mercado laboral


Servizo de teletradución

A Secretaría Xeral da Igualdade consolidou en 2013 a implantación do servizo de teletradución a 51 idiomas para dar apoio a unha parte da poboación que ten dificultades engadidas para acceder aos recursos existentes, a formada polas mulleres inmigrantes residentes en Galicia. Este servizo ten entre as principais vantaxes reducir o estrés producido pola barreira idiomática e facilitar unha comunicación verbal máis eficaz, determinante nos casos de consulta por violencia de xénero.

O sistema permite ás usuarias comunicarse telefonicamente cunha intérprete, desde calquera centro no que se atopen, ben sexa un CIM, unha casa de acollida ou calquera entidade adherida; así como o establecemento de chamada a tres, para que interactúen a usuaria, a persoa profesional da entidade e a intérprete.

Na actualidade, este servizo de teletradución está dispoñible en 57 Centros de Información á Muller (CIM), 11 ONG, nas casas de acollida da Coruña, Lugo, Ourense, Culleredo, e Ferrol; así como no Centro de Emerxencias de Vigo. O servizo é ofrecido sen custo co fin de mellorar a atención e o acceso das mulleres inmigrantes aos recursos dispoñibles, un factor determinante nos casos de trata de persoas e violencia de xénero.

Centros de información á muller de Galicia



Aplicación informática para os centros de información á muller

En 2013 entrou en funcionamento unha nova aplicación web para a Xestión dos Centros de Atención á Muller (CIMs), a fin de mellorar a xestión e a organización dos seus procesos internos. Novas funcionalidades da aplicación son:

- Rexistro das intervencións realizadas coas persoas que acoden ao CIM, xeración da documentación asociada ao expediente das persoas atendidas e seguimento das mesmas.
- Rexistro das actividades que se organizan dende o centro (cursos, xornadas de sensibilización, etc.)
- Xestión da rede de CIMs (relación de persoal integrante, horarios de atención ás persoas usuarias do centro e datos de contacto).
- Rexistro da formación recibida polo persoal dos CIM así como das colaboracións dos CIM con outras entidades.
- Xeración de estatísticas sobre os diferentes tipos de consultas realizadas nos centros así como sobre as características das persoas consultantes.

Proxecto CEDIM

A finais de decembro tivo lugar en Santiago a xornada de peche do proxecto europeo “Centros de Dinamización Integral para as Mulleres na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal” (Cedim), unha iniciativa transfronteiriza que naceu no ano 2011 e que tras máis de dous anos de traballo asesorou a preto de 300 mulleres de ambos lados ‘da Raia’.

Entre as principais accións desenvolvidas en Cedim destacou a análise da estrutura socioeconómica a ambos lados da fronteira, co estudo de demandas e necesidades no ámbito da promoción da igualdade na poboación raiana.

Ademais elaborouse un mapa de recursos transfronteirizo para a igualdade, unha ferramenta de estudo e análise dos perfís profesionais máis demandados e unha guía de apoio á muller emprendedora para facilitar o labor técnico de asesoramento e dinamización das mulleres, así mesmo desenvolvéronse ferramentas de teletraballo e unha plataforma web de traballo colaborativo: <http://redecetim.eu/>



Estudos sobre fenda de xénero

O Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización (Osimga) realizou no 2013 diversos estudos relacionados co uso das TIC por parte das mulleres

- "As mulleres no sector TIC 2013"
- "A Sociedade da Información en Galicia desde unha perspectiva de xénero". Análise dos principais indicadores que definen as diferenzas de xénero no uso e acceso ás TIC
- "Incorporación das mulleres tecnólogas ao mercado laboral en Galicia", elaborado co gallo do Día Internacional da Muller Traballadora do 8 de marzo, e para axudar a reducir a fenda dixital de xénero.

TIC e a xuventude

- **A formación dos menores no uso seguro das redes sociais é un dos obxectivos fundamentais desta liña polo impacto que están a ter na sociedade, novas formas de comunicación, novos usos, etc.**
- **Xuventude.net segue tendo un gran éxito de convocatoria, no ano 2013 máis de mil participantes e por riba de oito mil visitantes**

Xuventude.net

Como ven sendo tradición, en maio celebrouse en Santiago unha nova edición, a décimocuarta, do certame xuventude.net no que participaron máis de 8.000 persoas, mil inscritos na festa informática e os 7.000 restantes como visitantes e participantes nas actividades abertas ao público.

Este ano, a edición estivo centrada no emprendemento baseado nas novas tecnoloxías, e a ampla oferta de conferencias e charlas, xunto cos obradoiros foron un dos puntos fortes desta edición. Todas as actividades acadaron unha gran participación.



No que se refire á intranet, tras unha fin de semana de conexión ininterrompida a 1gigabit de ancho de banda e de animación en directo, outro dos aspectos a destacar do certame, foron os torneos de videoxogos xa que contaron cunha elevada participación. Ademais, houbo actividades ao aire libre, para facer das novas tecnoloxías un pinto de encontro entre as distintas xeracións.

Uso seguro das redes sociais

Ao longo do ano Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia (CPETIG) en colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) realizou diversas xornadas relacionadas sobre o uso seguro das redes sociais e Internet por parte dos menores.

Os seminarios estiveron dirixidos especialmente a pais, titores e formadores, así como a profesionais do sector da educación, co obxectivo é sensibilizar acerca dos principais riscos que existen na rede para os menores e ao mesmo tempo proporcionar os recursos necesarios para axudarlles na prevención dos mesmos e a minimizar as súas consecuencias.

As redes sociais, e Internet en xeral, hoxe en día teñen un enorme potencial, pero tamén implican novos riscos e novas oportunidades que precisan ser identificadas e estudadas. Conceptos como ciberbullying (acoso entre menores), grooming (acoso entre un adulto e un menor), sexting (envío de fotografías sexuais), empezan a ser de uso corrente, facéndose necesario establecer mecanismos e canles de control e denuncia, na que a colaboración entre pais, educadores e a sociedade en xeral é absolutamente necesaria.

A asistencia ás xornadas puido realizarse de modo presencial ou a través de videoconferencia a través das aulas da Rede CeMIT das 4 provincias.



Comic

En setembro a Consellería de Traballo e Benestar xunto co Valedor do Pobo presentaron un cómic para fomentar o bo uso de Internet e as redes sociais entre a mocidade galega de forma sinxela, directa e accesible ao tempo que explicar xeitos de evitar as prácticas de ciberacoso. A tirada da primeira edición foi de 30.000 exemplares que se distribuíron en centros educativos de Educación Secundaria.

Ademais a través dos centros 'Quérote Máis', dependentes da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, leváronse a cabo diferentes iniciativas coa colaboración e asesoramento do Grupo de Delitos Telemáticos da Garda Civil e a Policía Nacional.

No curso 2012/2013 impartíronse obradoiros sobre o uso seguro das novas tecnoloxías de comunicación en máis de 120 centros de ensino de toda Galicia para preto de 5.000 mozos e mozas.

De xeito complementario, impartíronse outros obradoiros acerca do uso correcto das tecnoloxías da información, que incluíron formación con familias, actividades solicitadas por asociacións e concellos, e obradoiros específicos para persoas con diversidade funcional, con preto de 1.000 beneficiarios.



Proxecto europeo: ARBAX

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, presentou en novembro o resultado final do proxecto Arbax (Against Racial Bullying and Xenophobia) para previr e loitar contra o ciberacoso escolar e a xenofobia.. Está financiado pola Unión Europea, a través do programa de Aprendizaxe Permanente e baixo a medida Comenius e contou co apoio de entidades educativas de Irlanda, Finlandia, e Romanía

Empregando as TIC deseñouse unha ferramenta informática cun videoxogo en 3D e unha rede social, que teñen como destinatarios os estudantes de secundaria, profesores, persoal escolar e en xeral calquera que teña algún tipo de relación coa comunidade educativa europea.

O videoxogo ten como obxectivo que o estudante xogue, a través de distintos roles a ser o acosado ou amigo seu, amigo do acosador, ou simplemente alguén que presencie algún tipo de situación relacionada co bullying xa sexa verbal, físico, por racismo, violencia; mediante a extorsión ou cyberbullying. Deste xeito o participante pode coñecer calquera das posicións relativas ao acoso e deste xeito reflexionar sobre as actitudes e actuacións relativas a estas situacións.



TIC e as persoas con discapacidade

- **No 2013 desenvolvéronse varias accións para facilitar o acceso a administración das persoas con discapacidade auditiva: acceso aos servizos de emerxencias do 112 e sistemas de videointerpretación**

A finais do ano rematou o desenvolvemento dun sistema para que as persoas xordas poidan acceder ao teléfono 112 en igualdade de condicións que todo o mundo, a través de mensaxes e chats de texto.

Con esta medida, corríxese un déficit histórico e garántese por primeira vez en Galicia que, ante unha situación de emerxencia, calquera persoa con discapacidade da fala ou auditiva poida contactar co centro de atención ás emerxencias e ser atendido de inmediato.

Un paso máis a prol da integración plena e da igualdade de oportunidades entre todas as persoas -neste caso nun ámbito tan fundamental como o das emerxencias- e sitúa a Galicia á vangarda, como xa ocorreu cando o 112 galego foi elixido para participar nun proxecto europeo pioneiro, dirixido a que calquera cidadán da Unión Europea con discapacidade poida comunicarse cos 112 de todos os países membros da comunidade.



Ademais a Xunta de Galicia está a participar noutras actividades para achegar as novas tecnoloxías aos xóvenes con discapacidade auditiva como a iniciativa Xove no que se analizaron as posibilidades que ofrece o DNI electrónico na vida cotiá, a seguridade e o mantemento de equipos informáticos, a instalación e configuración de sistemas operativos ou a creación de páxinas web.

Tamén é salientable a achega da Amtega ao servizo de videointerpretación en lingua de signos para persoas xordas que se ofrece de xeito presencial no rexistro Xeral da Xunta de Galicia, nas delegacións provinciais das principais cidades e a través do portal corporativo. Galicia, no 2011, foi a segunda comunidade do Estado en implantar este sistema de axuda.

TIC e a lingua

- O dominio .gal obtivo a aprobación do ICANN, organismo que regula os dominios en Internet, polo que poderá comezar a empregarse no 2014.

Dinamización lingüística

A Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa en colaboración coa Compañía de Radio-Televisión de Galicia (CRTVG) e con OQOeditora. ven convocando dende o curso 2010-11, os premios a curtas de animación en galego realizados coa técnica stop-motion no marco do seu programa de dinamización lingüística

No 2013 na modalidade de educación infantil o traballo premiado polo xurado foi “A Escaleira”, do CEIP Víctor López da Coruña. No primeiro ciclo de primaria, o centro galardoado foi o CEIP A Lama, cunha curta de igual título. No segundo ciclo, o premio outorgóuselles ex aequo ao CEIP de Merza (Vila de Cruces) polo traballo Troco e ao CEIP de Leirado (Salvaterra de Miño) por “Ernesto bo día”. Todas estas curtas de animación poden verse no web da Secretaría Xeral de Política Lingüística, e máis na sección infantil do web da CRTVG.



Ferramentas informáticas en galego

A Xunta, a través da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), solicitou a Google a tradución ao galego do sistema operativo Android. Con esta iniciativa, que contou coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística, buscábase que este sistema operativo, baseado en software libre, estivera dispoñible en galego para todos os cidadáns, independentemente do terminal que empreguen.



Ademais tal como se salientou no apartado de empregados públicos, a Xunta incorporou un tradutor automatizado, Gaio, ao catálogo de recursos lingüísticos: corrector Galgo 2.0, buSCatermos, dicionario Digalego, Enciclopedia galega Universal, dicionario de pronuncia da lingua en liña e ao dicionario da Real Academia Galega.

Puntogal

O ICANN, o organismo internacional que goberna as direccións en Internet, informaba en xuño da aprobación da candidatura do dominio “.gal”, un logro histórico para Galicia, que contará cun espazo propio na rede, favorecendo a divulgación da lingua e a cultura galegas, un espazo con maior proxección no mundo dixital ao permitir unha mellor localización dos contidos.

A Xunta ven apoiando institucional e financeiramente esta iniciativa desde 2007 e leva achegados 490.000 euros á Asociación PuntoGal para o desenvolvemento das actividades necesarias para a presentación da candidatura, as accións de difusión e participación nas actividades co organismo internacional.

En xaneiro do 2014, o ICANN ven de comunicar que o dominio para a lingua e culturas galegas tiña superado as probas técnicas, denominadas *Pre Delegation Test*, previas á posta á súa posta en marcha.



TIC e a cultura

- **As 1.492 bibliotecas da Rede de bibliotecas de Galicia tiveron case 85 millóns de consultas no 2013, triplicando os datos do ano anterior**

A utilización do formato dixital é unha clara tendencia desde o modo de consulta dos fondos da biblioteca así como o interese polo fondos bibliográficos ou documentos en formato dixital.

Fondos bibliográficos

Logo dun acordo entre a Xunta de Galicia e Novagalicia banco, os fondos bibliográficos de entidade bancaria, 3.214 volumes, van a estar á disposición de toda a cidadanía a través da Biblioteca de Galicia, na Cidade da Cultura.

Os fondos que constitúen un importante patrimonio cultural da nosa terra, inclúen unha colección de 500 volumes referidos ao ámbito económico desde o século XVI; 250 documentos autógrafos de distintos personaxes e autores galegos; 66 incunables, obras anteriores ao ano 1500; 11 facsímiles de excepcional valor; xunto con 2.350 volumes, que son obras que van desde o século XVI ata comezos do século XX.

O tratamento dos fondos, comezará por unha revisión técnica, catalogación e introducindoos en bases de datos, a súa dixitalización e a creación dunha interface de acceso propia na web da Biblioteca de Galicia, para facelos accesibles a todos os cidadáns.

Sistemas de información das bibliotecas

Os sistemas de información das bibliotecas de Galicia dispoñen de varias aplicacións, as bibliotecas nodais funcionan con sistema AbsysNet, as municipais coa aplicación Meiga.

Segundo os últimos informes do ano 2013, das 1.492 bibliotecas da Rede de Bibliotecas de Galicia, das que 304 están ubicadas en centros dos concellos, 1.003 en centros de ensino e 185 noutros lugares, os accesos a biblioteca dixital alcanzan aos 107.000 e os accesos a Internet desde as bibliotecas públicas sobrepasaron os 251 mil.

Ademais a número de consultas realizadas chegou a case 85 millóns mentres que o ano anterior só alcanzaban a 30,5 millóns, e dicir, case triplica ás do ano anterior. A media de consultas é moi uniforme o que confirma un uso continuado das bibliotecas por parte da cidadanía.

Do total de bibliotecas, 542, e dicir, o 36% dispoñen de sistemas de empréstito informatizado e realizaron máis de 91 mil operacións deste tipo.

Transforma TIC

No cambio de modelo económico que se está a propiciar como resultado de crise dos últimos anos, o sector empresarial das tecnoloxías da información e a comunicación que xa estaba considerado nos documentos de definición da Axenda Dixital de Galicia como un sector tractor dos outros sectores industriais de Galicia, ten que pasar a ser un sector capaz de consolidar un ámbito empresarial, innovador e xerador de emprego.

Segundo os datos do INE, Galicia é a sexta Comunidade Autónoma con maior número de empresas do sector TIC. Malia que a crise económica, o número de empresas aumenta respecto ao ano anterior ata superar as 2.000, mentres que o emprego descende só un 2%, unha cifra significativamente mellor que a dos outros sectores económicos, o que permite incrementar a porcentaxe de emprego do sector TIC sobre o total de traballadores de Galicia ata o 1,7%.

+2.000

Empresas do sector
tic en Galicia

Por iso, dende a Xunta de Galicia púxose en marcha no 2013 o Programa TransformaTIC co fin de aliñar os medios da Administración nunha estratexia única para o sector e impulsar o seu crecemento e competitividade. Para a súa articulación elaborouse un Acordo de Coordinación Competencial entre os organismos da Xunta de Galicia relacionados coas TIC.

Ademais, asinou un Pacto con grandes empresas do sector no que se incorpora un decálogo de compromisos para lograr o desenvolvemento dixital de Galicia no período 2013-2020.

Por outra parte, estanse a desenvolver varias liñas de actuación para o apoio ao sector, axudas e subvencións enfocadas á dotación de mecanismos para que permitan o desenvolvemento de novos produtos e a internacionalización dos seus mercados. Así interveñen desde organismos de apoio ao investimento como a Axencia de Innovación, ata fondos tecnolóxicos como I2C, ou programas nos que participan conxuntamente as administracións do Estado e autonómica, como o programa Innterconecta, financiado con fondos europeos..

2.622

Horas formación
no CNTG

Por último, no apoio a formación tecnolóxica especializada para os traballadores ocupados e desempregados que optan a un posto de traballo, está a labor do Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia, no que anualmente se impartiron no 2013 en case 3.000 horas de formación. No 2012 realizáronse 58 cursos nos que participaron case 900 persoas. Outra característica do centro é que a maior parte da formación permite o acceso a probas de certificación finais de coñecemento.

O apoio ao sector empresarial das TIC

- No 2013 definiuse o programa Transforma TIC para impulsar o sector e convertelo en estratéxico para a economía de Galicia
- Asinouse un Pacto Tecnolóxico entre a Xunta e grandes empresas do sector TIC para impulsar o desenvolvemento dixital de Galicia no período 2013-2020
- Aprobouse en decembro a Lei 9/2013 de Emprendemento e da Competitividade Económica para contribuír a facer de Galicia un terreo fértil para investir

O ano 2013 foi especialmente produtivo na xeración de medidas de apoio ao emprendemento, especialmente no sector TIC. Desde apoio legislativo a acordos coas empresa líder do sector para impulsar o desenvolvemento dixital.

Programa Transforma TIC

Durante o 2013 definiuse o Programa TransformaTIC, para impulsar ao hipersector TIC de xeito que se poida converter nun soporte para incrementar la competitividade do país, en xerador de emprego cualificado e ao mesmo tempo, ser un sector estratéxico na economía de Galicia.

O Programa TransformaTIC alíña os instrumentos e medios dos que dispón a Administración autonómica nunha estratexia única para o sector tecnolóxico. A iniciativa conta coa participación de todos os axentes do sector, Xunta de Galicia, centros tecnolóxicos, universidades e Clúster TIC.

Para a súa articulación asinouse un acordo de Coordinación Competencial entre a Amtega e as Consellerías de Economía e Industria; Cultura, Educación e Ordenación Universitaria; e Traballo e Benestar co fin de coordinar todas as iniciativas que impulsen e fortalezan ao sector TIC.

O Programa TransformaTIC divide as actuacións en dous grandes bloques.

- **Bloque 1: Aliñamento oferta - demanda**

O novo rol que debe asumir a Xunta de Galicia en base ao novo marco de financiamento europeo favorece a creación dun entorno de colaboración público-privado orientado a impulsar e fortalecer ao sector TIC e ao resto de sectores produtivos.

Neste sentido deberanse volcar esforzos en alíñar a oferta do sector TIC galego coa demanda tecnolóxica, tanto por parte do sector público como por parte do resto de sectores da economía de Galicia.

- **Bloque 2: Fortalecemento do sector TIC**

A Xunta debe desenvolver unha estratexia de impulso e consolidación no sector TIC poñendo especial foco naqueles eidos que teñen un impacto directo no crecemento e fortalecemento do mesmo. Principalmente:

- **Capital humano.** Consolidación de profesionais TIC altamente especializados que poidan satisfacer as necesidades que demanda o sector e o resto de sectores estratéxicos de Galicia



Programa TransformaTIC

Programa para o impulso e fortalecemento do Sector TIC galego.

- **I+D e transferencia tecnolóxica.** Apoio ao aliñamento das liñas de investigación TIC coas necesidades do mercado e fomento da colaboración entre os distintos axentes pertencentes ao ecosistema TIC galego.
- **Creación de tecido TIC.** Fomento da xeración de iniciativas empresariais no eido das TIC, poñendo en valor o talento e as capacidades tecnolóxicas dos axentes TIC de Galicia.
- **Desenvolvemento de novos mercados.** Fomento da mobilidade, e comercialización dos produtos e servizos do sector así como da atracción de investimento foráneo.
- **Innovación.** Apoio ao sector no seu proceso de innovación, impulsando ao desenvolvemento de novos produtos e servizos de valor engadido.

Como soporte aos ámbitos anteriores, a Administración autonómica debe complementar as políticas de fortalecemento do sector TIC a través da aportación e indución de recursos económicos. As actuacións e investimentos relacionados coa I+D+i, deberán estar encadrados no marco da Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia RIS3 e nos instrumentos dependentes.

Sinatura dun Pacto Tecnolóxico para o desenvolvemento dixital de Galicia

No mes de xullo asinouse un pacto entre a Xunta de Galicia e algunhas das empresas TIC que operan en Galicia, no que se incorpora un decálogo de compromisos polas dúas partes para conseguir unha cooperación firme que converta ao sector da economía do coñecemento nun dos motores da economía e acadar o desenvolvemento dixital de Galicia no período 2013-2020.

No acto de sinatura participaron dez empresas: HP, Indra, Everis, Tecnom, Iecisa, Satec, Televés, R, Altia, Coremain e o Clúster TIC Galicia, pero outras manifestaron interese en adherirse posteriormente.

Posteriormente, Telefónica adheríase ao Protocolo no mes de novembro, anunciando como primeira medida un Programa de Apoio ao Emprendemento para Galicia, co obxectivo de detectar e potenciar o talento e ofrecer aos emprendedores do sector TIC de Galicia a oportunidade de sacar adiante as súas iniciativas. O programa contempla a creación dun Centro de Emprendemento TIC.

Nunha primeira etapa levaranse a cabo labores de captación de proxectos e poñerase en contacto aos emprendedores con investidores, expertos e outros axentes interesados nos seus traballos. A segunda fase do proxecto centrarase, na constitución e desenvolvemento dunha aceleradora de proxectos tecnolóxicos de alto potencial destinada ao impulso de iniciativas TIC.

Tamén Vodafone decidiu sumarse ao Pacto para contribuír a converter a Comunidade en polo tecnolóxico de referencia e comprometeuse a dotar de cobertura 4G, antes do 31 de marzo, as 7 grandes cidades de Galicia. Este despregamento supoñerá un investimento en rede na comunidade galega de 55 millóns de euros en 2014. Así mesmo, está previsto o despregamento de FTTH, fibra óptica ata o fogar, que incluírá tamén as principais capitais galegas.



En canto á súa contribución social, ligada ao desenvolvemento dixital, cabe destacar a estreita colaboración da Fundación Vodafone con institucións e organizacións galegas para fomentar a investigación e o uso das novas tecnoloxías.

Lei de Emprendemento e da Competitividade Económica

En decembro aprobouse no Parlamento de Galicia a Lei 9/2013, de Emprendemento e da Competitividade Económica para contribuír a facer de Galicia un terreo fértil para investir e para facer negocios.

Coa entrada en vigor da norma, os emprendedores galegos non necesitan das licenzas municipais de obra e actividade para a apertura dun negocio. Unha iniciativa á que cabe sumarlle outra serie de medidas tamén previstas na lei e entre as que destaca a posta en marcha da Unidade Galicia Emprende.

Esta unidade, dependente do IGAPE, presta servizos de valor engadido aos empresarios ao emitir informes de viabilidade para proxectos e está a activar os Puntos de Atención ao Emprendedor, para axilizar a constitución formal dunha empresa. Ademais incorpora a Rede de Viveiros Galicia Emprende así como a rede con 100 mentores para o asesoramento aos emprendedores galegos.



Axudas ao sector empresarial das TIC

- **Convocouse por segundo ano a liña de axudas Innterconecta II, no 2013 dotada cun importe de 75 millóns de euros**

Dende a Xunta de Galicia ademais dos programas mencionados no apartado anterior, desenvólvense as liñas de apoio económico ao desenvolvemento de proxectos innovadores que permitan o crecemento do sector ou favorecer a dinamización empresarial dos outros sectores estratéxicos da economía galega.

Programa Interconnecta II

En febreiro do 2013 convocáronse as axudas FEDER - Innterconecta para Galicia, xestionadas polo CDTI en colaboración coa Axencia Galega de Innovación, unhas axudas que buscan promover grandes proxectos de desenvolvemento experimental e investigación industrial en áreas estratéxicas para impulsar a I+D de Galicia, ademais deberán de contar con proxección económica e comercial a nivel internacional.

FEDER - Innterconecta otorga axudas en forma de subvencións cofinanciadas cunha partida especial de fondos FEDER da Unión Europea dedicada á promoción de la I+D+I empresarial en España.

Os resultados da segunda convocatoria do Innterconecta garanten un investimento de 153 millóns de euros en 79 proxectos de innovación de 292 empresas galegas, o 70 por cento está incluída na categoría de pequena e mediana empresa. A edición do 2013 duplicou a mobilización económica da anterior.

Empresas de Base Tecnolóxica

O programa C-Teams ten como obxectivo facilitar a consolidación e impulsar a mellora da competitividade en empresas de base tecnolóxica ou de coñecemento de recente creación. Basease na definición dunha carteira de proxectos de mellora e na execución dun proxecto en forma dunha nova proposta de produto ou servizo innovador.

A iniciativa céntrase en fomentar a cultura da mellora continuada, conxugando conceptos como estratexia, innovación, mercado, produtos e servizos, valor e riscos, contando con formación práctica en novas metodoloxías para que os empresarios participantes podan incorporar novas habilidades de xestión, e con asesoría experta.

Ademais a Consellería de Traballo e Benestar desenvolve anualmente una liña de axudas para apoiar o emprendemento de empresas de base tecnolóxica. No ano 2013, concedéronse 47 axudas, cun importe de máis de 315.000 euros.

Conecta Pemes

o programa “Conecta Pemes”, posto en marcha pola Consellería de Economía e Industria a través da Axencia Galega de Innovación (GAIN), permitirá impulsar a innovación entre as pequenas e medianas empresas galegas. O programa apoiará proxectos con orzamentos de entre 600.000 euros e 1,5 millóns con axudas que poden supoñer entre o 50 e o 80% do total.

No programa considera varias liñas estratéxicas, como a alimentación, a agricultura ou a pesca, a saúde, a biotecnoloxía, as TIC, a nanotecnoloxía, a enerxía, o medio ambiente ou o transporte.

Na convocatoria do 2013, aprobáronse 110 proxectos cun investimento total de case 24 millóns de euros dos que as subvencións correspondentes a xustificar do realizado neste ano alcanzan aos 4,79 millóns de euros. Todos os proxectos desenvolveranse en 3 anos e a subvención concedida está entre o 50 e 60% do investimento total.



Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia (CNTG)

- **No 2013 desenvolvéronse 2.622 horas de formación especializada, o 69% das prazas para persoas desempregadas**

O Centro de Novas Tecnoloxías continúa a ser un referente na formación especializada de Galicia. No 2013 desenvolveu 2.622 horas de formación, distribuídas en 49 cursos nos que se dispuxeron 769 prazas.

Por tipoloxía dos alumnos que remataron os cursos, o 45% pertencían ao sector privado, o 6% ao sector público e o 49% eran desempregados.

EconomiC-IT

Segundo dos datos correspondentes á “Enquisa ás Empresas sobre a Sociedade da Información en Galicia 2013”, elaborada polo o Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA) a práctica totalidade das empresas galegas de 10 ou máis traballadores e case o 65% das microempresas dispoñen de conexión a Internet contratada. Nas microempresas o crecemento respecto ao ano 2012 é de 7 puntos porcentuais, encadeando 3 anos de importantes subidas.

O Centro Demostrador das TIC (CDTIC) continúa a ser un eixo fundamental no que os desenvolvementos do sector TIC ao resto de empresas de Galicia, ademais de organizar xornadas temáticas sobre diversos temas relacionados coa aplicación da tecnoloxía no eido empresarial.

Durante o 2013, o CDTIC celebrou 33 actividades ás que asistiron 260 empresas, ademais os 16 talleres formativos permitiron chegar a un total de máis de 1.100 profesionais participando nas actividades do centro. Outro elemento novidoso do 2013 foi a semana temática dedicada ao sector da moda, na que se presentou o catálogo ModaTIC.gal con produtos, servizos e solucións para este sector empresarial.

En canto, as aplicacións ou apoio da Administración ás empresas para a utilización das TIC destaca no 2103 o desenvolvemento dun sistema de axuda a explotación para o Plan de Transporte Metropolitano de Galicia, que permitirá localizar en tempo real a localización dos autobuses. A finais de ano, os cidadáns xa eran usuarios de máis de 120.000 tarxetas de transporte.

Polo que se refire ao mundo gandeiro, a Oficina Agraria Virtual, logo de pouco máis de dous anos da posta en marcha, está consolidada como o portal de relación telemático da Administración co sector agropecuario, máis de 7,5 millóns de animais están rexistrados na aplicación.

No ámbito do mar, os terminais TICPESC instalados en 30 portos son fundamentais na recollida de datos para a primeira venda dos produtos pesqueiros. No 2013 destacase, tamén, dentro dos Grupos de Acción Costeira, a posta en marcha de varias webs para a promoción dos produtos do mar.

Para colaborar a implantación das TIC nas pemes asinouse en decembro un convenio para pór en marcha o programa InnoCámaras. Ademais estiveron accesibles outras liñas de apoio as empresas como Innoempresa, Conecta Pemes, ou proxecto dinamizadores das áreas rurais de Galicia promovidos por microempresas para o uso das TIC. Tamén se presentou unha Guía de solucións TIC para autónomos.

1.100

Participantes nas actividades do CDTIC

7,5

Millóns de animais rexistrados na OAV

Centro Demostrador das TIC

- O CDTIC cumpriu dous anos, nos que leva desenvolvidas 57 actividades coa participación de 1.400 profesionais de case 780 empresas
- A Semana sectorial da Moda foi a primeira do seu tipo, celebrouse en marzo e serviu de presentación para o catálogo modaTIC.gal

O Centro Demostrador TIC cumpriu dous anos de actividades facilitando ás empresas tecnolóxicas galegas os medios para achegar a súa oferta de produtos ao resto dos sectores produtivos. Dende a súa creación o CDTIC acolleu un total de 57 actividades nas que participaron 778 empresas.

Escaparate tecnolóxico

O CDTIC está a cumprir o triplo obxectivo que se marcou na súa posta en marcha. Por un lado, promover o uso das TIC entre as empresas galegas, e foron preto de 1.400 os profesionais que acudiron as demostracións do CDTIC, dos que máis 90% afirmaron acceder a produtos, servizos e provedores tecnolóxicos que non coñecían ata o seu paso polo Centro.

Ademais, das preto de 780 empresas que empregaron o Centro, o 62% pertencen a sectores non TIC como o educativo, o da investigación o as actividades sanitarias, o sector téxtil e de confección e a automoción, entre outros.

Outro dos obxectivos do CDTIC era contribuír a xerar negocio TIC local, e o 30% das empresas tecnolóxicas que teñen realizado unha presentación no CDTIC pecharon polo menos 1 contrato, e o 41% recibiron peticións de orzamentos.

Durante o ano 2013 celebráronse 33 actividades nas que participaron 28 empresas demostradoras con 260 empresas asistentes.



Semanas sectoriais

Una das novidades do 2013 no CDTIC foi a posta en marcha das Semanas TIC Sectoriais, enmarcadas dentro das accións de sensibilización sobre a aplicación TIC aos procesos produtivos das empresas, estratexia común e esforzo coordinado de diferentes axentes estratéxicos: administración pública e asociacións empresariais dos sectores implicados.

O téxtil foi o sector protagonista da I Semana TIC celebrada no mes de marzo e reuniu a 131 profesionais. Na semana presentouse o Catálogo ModaTIC.gal, unha mostra representativa de 40 empresas e 5 axentes de innovación no ámbito TIC existentes en Galicia, así como, un conxunto de máis de 70 produtos e servizos tecnolóxicos específicos para o sector téxtil.



Formación

O CDTIC tamén desenvolve entre as súas actividades xornadas de formación TIC altamente especializada para o tecido empresarial. Durante o 2013 ofertou 16 talleres sobre comercio electrónico, redes sociais, *Cloud Computing*, centros de datos, mobilidade e software libre, un total de 130 horas.

Máis de 1.100 profesionais participaron nas actividades, o que supuxo un incremento do 85% respecto ao ano anterior. Ademais do modo presencial, algunhas das sesións puidéronse seguir a través de videoconferencia nas aulas CeMIT e posibilitouse a interacción cos asistentes en redes sociais.

Mapa TIC.gal

Outro dos obxectivos do CDTIC é achegar a oferta tecnolóxica ás necesidades de innovación dos sectores estratéxicos de Galicia. Como primeiro paso neste complexo proceso, o centro está a traballar na identificación da oferta tecnolóxica de Galicia a través do Mapa de Capacidades Tecnolóxicas de Galicia, o MapaTIC.gal (<https://cdtic.xunta.es/mapatic/>), que se está a consolidar como o directorio de provedores e solucións TIC galegas, e que a finais do 2013 contaba preto de 230 provedores e máis de 550 solucións TIC.

MapaTIC.gal

Axudas para a implantación das TIC nas empresas

- **Presentada unha Guía de solucións TIC en software libre para profesionais autónomos**

Diversas consellerías da Xunta de Galicia, no seu ámbito de competencia, apoian ás empresa galegas na implantación das novas tecnoloxías nos seus sistemas produtivos, desde o mundo gandeiro e pesqueiro, ao comercio, turismo e mesmo os sectores industriais. Tamén son fundamentais as liñas de apoio á formación dos traballadores, empregados, desempregados e autónomos nos que a Consellería de Traballo e Benestar aportou máis de 6 millóns de euros para plans de formación en materias TIC.

Proxectos Dinamizadores do Rural

En xullo publicouse a resolución pola que se facía público o resultado do proceso de selección da convocatoria para subvencións a proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia promovidos por microempresas para o uso das Tecnoloxías da Información e as Comunicacións. Como resultado do dito proceso seleccionáronse 28 proxectos cun investimento de preto de 211.000 euros dos que se aprobou a subvención por un importe de case 98.000 euros



Autónomos

En setembro, a Amtega e a Asociación Galega de Empresas de Software Libre presentaron unha “Guía de solucións TIC en software libre para profesionais autónomos”, un conxunto de materiais didácticos e información sobre ferramentas tecnolóxicas de utilidade para poder xestionar, comunicar, organizar, difundir, vender, etc. dun xeito áxil e eficiente en calquera ámbito negocio. Está estruturadas en oito áreas temáticas: ferramentas informáticas, xestión do teléfono móbil, presenza en internet (dominios, contas de correo, blogs), sinatura dixital, mercadotecnia na rede, redes sociais, e comercio electrónico.



TIC e o mundo agrogandeiro

- **A Oficina Agraria Virtual xa recolle información de 7,5 millóns de animais e no 2103 púxose en marcha un proxecto piloto de lonxa virtual gandeira**

Neste bloque detállanse as principais iniciativas desenvolvidas pola Consellería de Medio Rural o de Mar cara a proporcionar servizos e instrumentos que permitan ao sector gandeiro galego facer uso das TIC tanto na súa relación coa administración como con terceiros.

Oficina Agraria Virtual

A Oficina Agraria Virtual (OAV) é o portal telemático que permite a relación do sector gandeiro coa administración para rexistrar todos as incidencias nas súas explotacións: altas e baixas de animais, traslados, etc. A finais do 2013 existían rexistradas nos sistemas 7,5 millóns de animais e tiñanse recollidos datos de 1,65 millóns de movementos de reses. Ademais realizáronse 425.000 comunicacións ou trámites directamente por parte dos gandeiros, un 73 % dos totais, 9 puntos máis que o ano anterior.

Lonxa gandeira

En febreiro do 2012 publicouse no Diario Oficial a orde pola que se creaba a Lonxa Virtual de Gando e se regulaba o seu funcionamento. No 2013, púxose en marcha un proxecto piloto de Lonxa Virtual, un servizo de balde para os gandeiros galegos, para facilitar a compravenda de gando a través de internet.

A lonxa permite o sistema de poxa de animais de abasto da especie bovina, de idades comprendidas entre os 6 e os 24 meses, destinados ao sacrificio, dados de alta en explotacións rexistradas no ámbito territorial de Galicia, e que dispoñan da cualificación sanitaria correspondente.

Para acceder á aplicación pódense utilizar dous perfiles, como comprador, neste caso é preciso rexistrarse na aplicación; ou como vendedor, aquí debe ser o titular dunha explotación gandeira rexistrada en Galicia, e empregar o mesmo nome de usuario e contrasinal que para acceder á Oficina Agraria Virtual.



Observatorio do mercado da terra

O Consello da Xunta, do 10 de outubro aprobou a creación dun observatorio do mercado da terra na comunidade, un proxecto que será pioneiro en España e que se levará a cabo durante os anos 2013-2014 aportando importantes melloras no Sistema de Terras de Galicia (SITEGAL).

Ata agora a Xunta tiña controlado os valores de referencia para o arrendamento ou a concesión das parcelas do Banco de Terras, impulsado pola Lei de Mobilidade de Terras. Integrando toda a información ofrecerase información fiable e transparente de como se move o Banco de Terras e de todas as capacidades, concello por concello, de poder alugar terras.

TIC e o mundo mar

- **Lonxanarede, exemplo de aplicación do Grupos de acción Costeira, para a mellora da comercialización dos produtos do mar**
- **Galicia é a comunidade autónoma con maior número de sinais de balizamento para a seguridade da navegación**

A consellería do Medio Rural e do Mar ven apoiando a incorporación das TIC na mellora da seguridade, da comercialización dos produtos, da información meteorolóxica, etc. das actividades relacionadas co ámbito mariño. No 2013 son salientables os seguintes proxectos:

Lonxa virtual: lonxanarede

En decembro, a conselleira do Medio Rural e do Mar presentou unha plataforma de poxa virtual, Lonxanarede, unha iniciativa do Grupo de Acción Costeira Fisterra-Ría de Muros e Noia, GAC 4.

Coa posta en marcha de Lonxanarede poderase ofrecer aos clientes un produto e un servizo de calidade, así como ampliar fronteiras na difusión da calidade do polbo desta zona, produto no que se centrará a plataforma. Ademais a iniciativa contribúe á mellora da identificación dos produtos, un aspecto no que se está a traballar dende a Xunta a través dun novo decreto de comercialización.

A aplicación promove, tamén, unha mellor organización e transparencia na xestión da venda, diminuindo os saltos na cadea de distribución, xa que pon en contacto case directo aos clientes coas confrarías das que procede o produto: de Fisterra, Corcubión, Lira, Muros, O Pindo e Porto do Son.

Deste xeito, proporcionase comodidade ao cliente, xa non se terá que desprazar ata a lonxa para a compra e permite ofrecer o produto a prezos máis competitivos, xa que non hai intermediarios. Ademais difundirase a marca de calidade Polbo de lonxa coa que se etiquetará o produto vendido a través da plataforma.



Formación

En decembro convocouse un curso de mariñeiro pescador na modalidade de teleformación cunha duración de 50 horas. Logo da formación e da superación dunha proba de natación hai un exame no Instituto Galego de Formación en Acuicultura (IGAFA) para acceder ao título mencionado.

Ademais púxose en marcha un novo simulador de prácticas de buques na Escola Náutico-Pesqueira de Ribeira.

Seguridade no mar

Galicia é a comunidade autónoma con maior número de sinais de balizamento para a seguridade da navegación. Segundo datos de Portos de Galicia que se encarga do mantemento das instalacións, para o control dos 1.700 quilómetros de costas hai un total de 456 sinais entre luminosas, diúrnas e sonoras, que tanto están en terra como no mar. Cando Portos de Galicia asumiu o balizamento en 1998 só había uns 100 sinais.

Atendendo as características dos sinais en servizo, 364 dispoñen de dispositivo luminoso o que permite o seu funcionamento diúrno e nocturno, 92 só poden funcionar durante o día e 80 son dispositivo luminoso de cor azul que se reservan para os extremos dos pantaláns.

Por criterios xeográficos, 119 están emprazadas na costa de Lugo; 178 na da Coruña e 152 na provincia de Pontevedra. Concretamente, na zona norte, entre Ribadeo e Ares, hai 59 sinais con dispositivo luminoso; 42 diúrnos e 18 azuis. Na zona centro, entre Ares e Rianxo, están operativos 128 sinais luminosos, 6 diúrnos e 44 azuis. Finalmente, na zona sur, o litoral pontevedrés, existen 89 dispositivos luminosos; un sinal sonoro no peirao da Guarda que é o único das súas características; 44 sinais diúrnos e 18 azuis.

Pero ademais Galicia é pioneira na instalación de luces de diodos fotoemisores LED como fonte luminosa. Estas instalacións son accionadas por enerxía solar, autónomas e selladas hermeticamente. Dispoñen dun microprocesador que controla os patróns de destello, a saída luminosa e o nivel de iluminación de acendido/apagado. Pódense reaxustar a distancia por infravermellos e polo seu deseño poden soportar colisións, inmersións, vibracións e impactos.



Outras actuacións

Ademais no 2013 a Consellería de Medio Rural e do Mar desenvolveu varias actuacións no ámbito tecnolóxico:

- Mantemento da Plataforma Tecnolóxica de Pesca (PTP) e redeseño da web de Pesca de Galicia
- Aplicación de apoio na xestión dos procesos de eleccións de confrarías.
- Análise dun novo rexistro de datos da actividade e trazabilidade do marisqueo a pé.
- Posta en produción dun portal PescadeRías ¿de onde se non? e soporte á ferramenta de xestión asociada.
- Realización dun piloto de tramitación telemática de axudas con fondos FEP
- Posta en funcionamento das webs promocionais de difusión de produtos do mar (Ponlle as pilas ao teu bocata, O sabor da aventura está no mar)
- Soporte e análise de melloras da aplicación de xestión e web dos Grupos de Acción Costeira (GAC).
- Soporte e atención aos usuarios do equipamento e software de lonxas e confrarías: TICPESC



TIC e o transporte público por estradas

- A Xunta está a desenvolver un sistema para a localización das flotas de autobuses e mellorar a información aos usuarios

O programa de Transporte Metropolitano de Galicia ten como misión posibilitar a modernización do sector del transporte e a mellora da calidade dos servizos, tanto na xestión e toma de decisións, como no referido á información e servizos ofrecidos aos usuarios. Ten como elemento base a tarxeta do transporte metropolitano de Galicia, das que hai entregadas xa máis de 120.000 unidades.

Transporte Metropolitano de Galicia

O Plan de Transporte Metropolitano de Galicia foise implantando en distintas fases, na área de A Coruña comezou a funcionar en xaneiro de 2.011, na áreas de Santiago de Compostela e de Ferrol en marzo de 2011, e na área de Lugo en novembro de 2012. No 2013 emitíronse case 16,5 millóns de billetes ligados ao Sistema de Transporte Metropolitano.

Para o mantemento do sistema a Xunta de Galicia dispón dos Sistema de Información do Transporte Metropolitano de Galicia (SITME y SITBUS), nas que se xestiona a relación entre as empresas de transporte, os viaxeiros, a administración autonómica, a administración local e as entidades bancarias colaboradoras.

O seu funcionamento es imprescindible, tanto dende o punto de vista da operatividade do sistema de transporte como dende o punto de vista financeiro (colectas, pagos, compensacións, etc.), así como na evolución para a adaptación de novas funcionalidades, zonas de transporte, novos concellos ou operadores.

No 2013 actualizouse a páxina web, para facela máis accesible e útil para os usuarios. Agora pode consultarse toda a información relativa ao plan por cada unha das zonas implantadas, como o funcionamento, tarifas e horarios, entre outros. Unha das novidades é a habilitación dunha caixa na que os usuarios poden formular queixas ou suxestións.



Localización das flotas de autobuses

A Xunta de Galicia está desenvolvendo unha aplicación, Sistema de Axuda á Explotación (SAE), que permitirá localizar en tempo real aos autobuses de transporte público regular de viaxeiros co fin de facilitar aos usuarios información acerca do tempo estimado de espera nas paradas, características de accesibilidade do vehículo, conexión con outros servizos e outros datos de interese.

Trátase dunha importante mellora tecnolóxica no sistema de transporte público de viaxeiros por estrada, coa finalidade de mellorar a información sobre a oferta de servizos en autobús en calquera punto de Galicia. O fin é facilitar o uso dos servizos de transporte e mellorar a información que permita acceder a eles a través das novas tecnoloxías (web, SMS, aplicacións para móbiles, etc.), ademais dos medios convencionais.



TIC e o turismo

- **Elabórese o plan Smart Turismo para aproveitar as TIC para a promoción, a comercialización e a fidelización dos viaxeiros, fomentar a innovación no sector e potenciar os Camiños de Santiago**

A Axencia de Turismo de Galicia promoveu no 2013 a realización de plans ligados ao uso das TIC para o desenvolvemento do sector turístico, tendo especial enfase no relacionado coa promoción do Camiño de Santiago.

SmartTurismo

A Axencia de Turismo de Galicia en colaboración coa Axencia de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Amtega) desenvolveron no 2013 o Plan Smart Turismo, un plan que contará cun orzamento de 10 millóns de euros ata 2016, para evolucionar cara un sector turístico máis competitivo, participativo e innovador. Ademais establecece unha liña específica para a potenciación do Camiño de Santiago, e facilitaranse servizos tecnolóxicos avanzados aos peregrinos e turistas.

O programa está dirixido ao desenvolvemento dunha plataforma tecnolóxica de Turismo de Galicia, baixo o concepto *smart* e e terá catro eixos prioritarios: modernizar as infraestruturas tecnolóxicas do turismo de Galicia; aproveitar as tecnoloxías para a promoción, a comercialización e a fidelización dos viaxeiros; fomentar a innovación no sector; e potenciar os camiños de Santiago.



SmartCamiño

Ademais o plan recolle unha liña específica para potenciar os camiños de Santiago como produto turístico singular de Galicia, facilitándolles aos posibles peregrinos ou turistas os servizos tecnolóxicos máis avanzados. A plataforma tecnolóxica permitirá capturar, ordenar e categorizar datos en tempo real de múltiples ámbitos: datos e parámetros de temperatura, humidade, exposición solar, fluxos de visitantes e eventos, ofertas comerciais, alertas e avisos, etc.

Ademais, o sistema proporcionará aos posibles usuarios un servizo de aplicacións en mobilidade e navegación por mapa que permita o acceso a contornos de visualización avanzada do territorio en 2D e 3D, ou servizos como a obtención da Compostela a través de medios dixitais, o rexistro electrónico nos distintos puntos do Camiño, aplicacións baseadas no uso de códigos QR para identificar diferentes servizos ou contidos e conexión wifi nos albergues públicos do Camiño de Santiago.



InfraTeleCom

A liña estratéxica, InfraTelecom, ten por obxecto a dotación das infraestruturas de telecomunicacións necesarias para o desenvolvemento da sociedade da información no seu conxunto. Cidadanía, empresas e as propias administracións son usuarios e o tempo prestadores dos servizos que caracterizan as sociedades actuais, coñecemento, negocios, ocio, case todo faise arredor da Rede.

Por iso, a Xunta de Galicia ven desenvolvendo dende o 2010 o Plan de Banda Larga (PDBL) para achegar as infraestruturas de acceso á Internet a todos os recunchos coa calidade e velocidade acordes coas demandas dos usuarios. Unha rede que sexa quen de responder ás necesidades actuais e permita un crecemento escalonado segundo se dinamice a demanda.

97%

Poboación cuberta
con banda larga

Logo de tres anos de colaboración público-privada, conxuntando as redes existentes e a capacidade de estendelas do operador público, Retegal, mixelando tecnoloxías sobre os soportes existentes: par de cobre, cable, redes sen fíos, etc., a cobertura do territorio das catro provincias ten chegado ao 97% da poboación, un valor que sobrepasa as expectativas previstas para o final do PDBL no 2014. Máis de 700 mil persoas con cobertura de banda larga que antes do inicio do Plan.

Outra característica derivada do PDBL é a redución da fenda entre as provincias do interior de Galicia (Lugo-Ourense) e atlánticas (A Coruña e Pontevedra), un valor que pasou de 20 puntos porcentuais no 2009 a menos de 2 puntos no 2013.

Ademais, o PDBL está a proporcionar a cobertura do territorio mediante as redes de nova xeración (NGA), redes capaces de ofrecer velocidades superiores aos 100 Mbps. No 2013, son xa 1,4 millóns as persoas con posibilidade de acceder a este tipo de liñas, un 21,6% máis que no 2012.

1,4

Millóns de persoas
con acceso a NGA

Neste desenvolvemento, o operador público Retegal está a xogar un papel fundamental, a finais deste ano, xa tiña despregadas 250 torres de telecomunicacións e máis de 1.850 quilómetros de fibra óptica.

Outra infraestrutura importante para a Galicia dos próximos anos é a Rede de Emerxencias de Galicia, unha rede que se licitou no 2012 e que vai supor un investimento de 6,3 millóns de euros. Comezou a instalarse no 2013 e dará servizo a máis de 5.000 persoas dos diferentes colectivos implicados na xestión de urxencias: policía, bombeiros, protección civil, etc.

Ademais salientar a aprobación da Lei 3/2013 de impulso das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia, que as converte nun servizo de primeira magnitude, de modo semellante á auga e electricidade.

Plan de Banda Larga (PDBL)

- Máis do 50% da poboación xa dispón de acceso mediante redes de nova xeración (NGA) e a cobertura global acada ao 97% do total
- Aprobadas 858 axudas na segunda convocatoria para dotar de acceso a Internet aos fogares e empresas en zonas illadas

A finalidade do Plan de Banda Larga é o desenvolvemento dunha rede de infraestruturas de telecomunicacións modernas, sostibles e que garantan á cidadanía e empresas de todo o territorio un acceso de calidade a Internet e aos servizos avanzados da sociedade da información, ao tempo que poidan medrar segundo o incremento das necesidades actuais e futuras da poboación.

Plan Banda Larga
2010-2013
A chave da Galicia do futuro

Extensión da cobertura de banda larga

En 2013 continuou o despregue das redes fixas de tecnoloxía ADSL e de redes sen fíos de tecnoloxía 3G, alcanzando a fin de ano unha cobertura do 97%, máis de 2,7 millóns de galegos.

Máis de 103.000 habitantes pertencentes a 824 núcleos de poboación que non podían acceder á Rede dispoñen de cobertura de banda larga a través de conexións ADSL de ata 10 Mbps.

De igual modo, seguen a despregarse novas redes sen fíos no contorno rural de Galicia. A finais do 2013, tiñase dotado de cobertura de banda larga con tecnoloxía 3G e velocidades de ata 7 Mbps a máis de 223.000 habitantes en 10.000 núcleos de poboación.


Entre os resultados da posta en marcha do Plan de Banda Larga, ademais dos mencionados, tamén hai que salientar a diminución da fenda entre as provincias orientais (Lugo e Ourense) e occidentais (A Coruña e Pontevedra), que pasou de 20 puntos no 2009 a menos de 2 puntos no 2013.

Redes de nova xeración (NGA)

A cobertura de poboación mediante redes de nova xeración (NGA) deu no 2013 un importante salto, chegando a case 1,4 millóns de persoas, por riba do 50% da poboación total de Galicia. Sen contar as sete cidades, 193 núcleos de poboación de máis de 500 habitantes dispoñen de acceso a estas redes, máis de 620.000 persoas.

Como consecuencia do despregamento das redes de nova xeración, o Plan de Banda Larga está a facer posible a conexión dos centros públicos da Xunta de Galicia con velocidades superiores aos 100 Mbits. As novas redes permiten multiplicar por 10 a velocidade de baixada de información e quintuplicar a velocidade de subida.

Así, a finais do 2013, 219 centros educativos contaban con liñas de última xeración e no ámbito xudicial a mellora das infraestruturas permitiu conectar 33 edificios dos 45 existentes en Galicia, o 71% do total. Por provincias, o 78% das ubicadas na provincia da Coruña, 55% das de Lugo, o 55% das de Ourense e o 91% das de Pontevedra.



Liñas de axudas

O ano pasado, a Xunta abriu a segunda convocatoria de axudas para contratar Internet vía satélite nas zonas máis illadas da comunidade. Familias e pemeas das zonas con máis dificultades de cobertura das catro provincias puideron acceder ao programa que contou cun investimento de 359.000 euros. As axudas tramitáronse a través de 5 empresas acreditadas como entidades colaboradoras.

O programa establecía unha única subvención por enderezo destinada a sufragar os gastos de instalación así como o custo do equipamento do interior da vivenda ou empresa preciso para distribuír o sinal de banda larga, cunha contía máxima de 150 euros e condicionado á contratación dun servizo de cando menos 2 Mbps cun período de permanencia de doce meses.

Un total de **858 familias e empresas** solicitaron as axudas, nos dous meses que estivo aberta a convocatoria, para contratar o servizo de conexión a Internet. A maioría (286) corresponden a concellos de Lugo, 276 da provincia de Coruña, 152 de Ourense e outras 144 de Pontevedra.

Formación en infraestruturas de telecomunicación

En abril, a Amtega asinou un convenio co Colexio de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia (COETG) que incluía a realización dunha xornada divulgativa para técnicos municipais dos 314 concellos galegos, operadores e axentes do sector sobre o novo escenario legislativo do eido das telecomunicacións e boas prácticas nos despregamentos.

A xornada celebrouse en novembro na Cidade da Cultura de Santiago e aproveitouse para presentar a **“Guía de boas prácticas para o despregamento das infraestruturas de telecomunicación”**, unha guía sobre o novo escenario legislativo e recomendacións para a tramitación administrativa das redes de telecomunicación.



Control da calidade do servizo

O convenio mencionado no apartado anterior tamén incluía a comprobación e verificación da calidade do servizo que están a ofrecer os operadores beneficiarios das axudas do Plan de Banda Larga da Xunta.

Para realizar esta actuación o Colexio creou un grupo específico de traballo integrado por enxeñeiros de diferentes perfís que comprobaron in situ, en núcleos das catro provincias que os operadores estaban a cumprir co caudal esixido nas convocatorias de axudas das que resultaron beneficiarios.

O seguimento e control realizouse tanto para o despregamento de redes fixas como de redes sen fíos que se están a implantar dentro das liñas de acción do Plan de Banda Larga da Xunta en toda a comunidade.

Rexistro de Demandantes (ReDe)

O rexistro é unha ferramenta web (<http://cobertura-pdbl.xunta.es/>) de consulta que proporciona información sobre a cobertura de banda larga acadada coas actuacións do Plan de Banda Larga e permite rexistrar as demandas no caso de non dispor dela. Xa se teñen xestionado, desde o inicio do seu funcionamento, máis de 800 demandas a través da ReDe.



Retegal: operador público de telecomunicacións

- En febreiro, aprobouse o Plan sectorial de implantación e desenvolvemento das infraestruturas de telecomunicacións da Xunta de Galicia
- Retegal ten xa instaladas 250 torres de telecomunicación para favorecer o despregue da televisión dixital e as redes de banda larga

Dotar ao operador público Retegal de máis medios e capacidades é un xeito de optimizar e acelerar o despregue da banda larga especialmente no rural, así como de aproveitar as infraestruturas públicas xa existentes, o que reduce os custos e favorece a competitividade efectiva entre os operadores privados.

Plan sectorial das telecomunicacións

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, aprobou en febreiro do 2013 a Memoria Ambiental do Plan Sectorial de implantación e desenvolvemento das infraestruturas da Xunta de Galicia xestionadas por Retegal. Este documento remataba a tramitación ambiental dun plan que ten como obxectivo favorecer o despregamento de infraestruturas e redes para a prestación de servizos de acceso a banda larga e potenciar o seu uso.

Así mesmo, o plan analiza as posibilidades de implantación de novas infraestruturas para determinar os principais criterios de instalación, baseándose na ordenación das infraestruturas existentes, da evolución previsible a medio e longo prazo, e na estimación das necesidades. Ademais o Plan permitirá o aproveitamento de toda a infraestrutura pública actual e a reutilización dos emplacements polos distintos operadores privados, sobre todo nas zonas máis illadas orograficamente.

A Memoria ambiental así como o resto de documentos xerados durante a tramitación ambiental, pódense consultar tanto na web de Retegal como na da Consellería de Medio Ambiente.

Infraestruturas

Retegal está a desenvolver un papel chave no Plan de Banda Larga ao poñer a disposición dos operadores a súa infraestrutura para achegar o acceso á rede ás zonas máis illadas.

A finais do 2013, o operador público contaba con 250 centros de telecomunicacións, 100 máis que ao inicio do Plan. O número de quilómetros de fibra óptica mantense igual que o ano anterior en 1.855 km.

Para a mellora da recepción do sinal da televisión dixital terrestre (TDT) nos concellos de Oza-Cesuras e Coirós, instalouse no 2013 un novo centro emisor, coa torre e o equipamento adicional preciso.



Rede de emerxencias de Galicia

- A Rede de Emerxencias está en proceso de instalación e finalizará a súa instalación durante o 2014

Logo do anuncio do ano anterior do convenio de colaboración entre a Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e a Xunta de Galicia para a posta en marcha da Rede de Emerxencias de Galicia, a entidade pública sacou a concurso público e adjudicou a realización da dita rede de comunicacións. A administración autonómica aporta case 2 millóns de euros do orzamento, un 30% do total.

O obxectivo desta rede é integrar nun mesmo sistema de comunicacións a todos os colectivos que participan nas emerxencias, cara a mellorar a súa coordinación e garantindo as comunicacións en situacións extremas o de saturación, así como o segredo das conversas.



A rede está dimensionada para empezar cuns 8.000 usuarios, aínda que terá capacidade para acadar os 12.000. Ademais multiplica por cinco a velocidade de transmisión de datos respecto das redes de emerxencia convencionais. Empregará as infraestruturas do operador público Retegal, permitindo un aforro de 37 millóns de euros en 10 anos respecto ao uso de redes comerciais.

Lei de impulso e ordenación das infraestruturas de Telecomunicación de Galicia

- No Diario Oficial de Galicia do 7 de xuño, saíu publicada a Lei 3/2013 de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicación de Galicia

O 20 de maio de 2013 o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 3/2013 de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia. A lei foi publicada no Diario Oficial de Galicia o 7 de xuño.

Entre outras medidas, a norma contempla a previsión das infraestruturas necesarias para garantir o aproveitamento das TIC na construción de edificios públicos, reducindo o custo que suporía implantalas co edificio concluído.

En canto ás infraestruturas viarias obrigárase a que as novas estradas autonómicas incorporen as canalizacións precisas para instalar redes de telecomunicacións, o que facilitará o despregamento de redes de alta capacidade e favorecerá á vertebración territorial.

Así mesmo, a lei fixa a realización dun desenvolvemento regulamentario para o establecemento das condicións de uso da Rede de Emerxencias de Galicia polas Administracións Públicas galegas.



Rede Corporativa da Xunta de Galicia

- O Centro de Xestión de Rede da Xunta de Galicia (CXRG) obtivo no 2013 a renovación da certificación de calidade ISO: 9001

Esta liña persigue a optimización da xestión e contratación das infraestruturas de telecomunicacións tanto das redes de telefonía fixa como das redes de datos que conforma a rede corporativa cara a mellorar os servizos ofrecidos aos usuarios.

Así, ademais das grandes liñas mostradas no apartado referido ao CPDI, no 2013 realizáronse varias actuacións cara a mellorar as prestacións dos sistemas alí instalados e dar accesibilidade aos centros remotos.

- Renovación de cableados en centros administrativos, xulgados, centros de benestar e da rede CeMIT
- Ampliación da capacidade das liñas de conexión, principalmente centros educativos e da rede CeMIT, o que permitiu alcanzar unha velocidade media de 28,6 Mbps a finais de 2013.
- Instalouse unha plataforma de monitorización da rede corporativa, baseada en software libre (Zabbix), para coñecer o estado operativo dos distintos equipamentos e alertar dos erros de forma automática.
- Renovación da electrónica de comunicación en numerosos edificios administrativos, substituíndo conmutadores obsoletos por GigaEthernet.
- Adquisición de electrónica de comunicacións. Grazas a un convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e Red.es, licitáronse 27 conmutadores e transceptores
- Renovación da certificación de calidade ISO:9001 no Centro de Xestión de Rede

Medidas instrumentais

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), continúa a ser un elemento fundamental nas políticas da Xunta de Galicia, tanto no desenvolvemento interno, como na colaboración con outras administracións públicas, por exemplo, as entidades locais coas que colabora na implantación de servizos, ou na compartición de aplicacións ou datos. Ademais promove a realización de estudos sobre o avance das TIC en Galicia a través do Observatorio para a Sociedade da Información e Modernización de Galicia (Osimga).

Amtega

Premio
CIO Directions
2013

No 2013, a Amtega participou no deseño da estratexia intelixente RIS3 e da de Crecemento Dixital, políticas ambas para a converxencia coa Unión Europea no ano 2020. A estratexia de Crecemento Dixital aliñada coa RIS3 prioriza 5 grandes liñas de actuación que consolidarán e darán continuidade ás medidas da Axenda Dixital 2014.gal.

En setembro, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), recibiu o premio CIO Directions 2013, que reconece o labor da Axencia na definición e desenvolvemento da estratexia tecnolóxica global da Xunta e da súa aposta por un modelo de xestión integrada das TIC na Administración pública.

No ámbito da colaboración con outras administracións públicas, a Xunta de Galicia asinou no 2013 convenios de colaboración coas Deputacións provinciais para ceder información da Axencia Tributaria de Galicia aos procedementos telemáticos destas entidades, de xeito que poden acceder a esta documentación sen necesidade de pedirla aos cidadáns. Isto é especialmente útil para a concesión de subvencións, axudas ou para efectuar todo tipo de contratación con particulares.

103

Entidades locais
participan do portal de
contratación de Galicia

Ademais a Xunta de Galicia está a poñer en marcha a Axenda Dixital Local para a implantación das TIC nos concellos e implantar un sistema de licitación electrónica, complementario da publicación na web de Contratos de Galicia, na que xa participan 103 entidades locais.

Por último, salienta que o Observatorio da Sociedade da Información e da Modernización (OSIMGA), o órgano asesor da Amtega para a valoración da evolución da sociedade da información e a modernización administrativa en Galicia publicou no ano pasado 23 informes e realizou o seguimento de máis de 650 indicadores de fogares, empresas e administracións públicas. A web do Osimga continúa a ter un importante crecemento tanto no número de visitas (+27%) e no de visitantes (+65%) respecto ao 2012.

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

- A Amtega elaborou a Estratexias Galegas de Crecemento Dixital aliñada coa Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3), para converxer coa UE en 2020
- A Axencia recibiu no 2013 o premio CIO Directions ao organismo público máis innovador, otorgado por IDG Communications

Unha das finalidades fundamentais da Amtega establecida dende o seu inicio é aliñar as políticas TIC da Xunta de Galicia coas iniciativas de ámbito nacional e internacional en materia de Sociedade da información. Así logo dos procesos ligados a súa posta en marcha: absorción do persoal tecnolóxico das consellerías, localización das súas instalacións na Cidade da Cultura, etc. no 2013 é salientable a participación en distintos plans e estratexias a desenvolver pola Xunta de Galicia nos próximos anos.

Elaboración da Estratexia Galega de Crecemento Dixital


A Amtega elaborou en 2013 a Estratexia Galega de Crecemento Dixital, aliñada coa Estratexia de Especialización Intelixente, RIS3 de Galicia para potenciar as relacións e captar fondos europeos en proxectos tecnolóxicos para a Comunidade no novo período de financiación 2014-2020. A estratexia prioriza 5 grandes liñas de actuación que consolidarán e darán continuidade ás medidas da Axenda Dixital 2014.gal e servirá para obter una plena converxencia con Europa no horizonte 2020.

O deseño da Estratexia de Especialización Intelixente, RIS3 de Galicia ten como obxectivo guiar a innovación galega ata o 2020. A súa elaboración é derivada dunha condición establecida pola UE para que Galicia capte 2.000 millóns de euros en Fondos FEDER e FSE entre 2014 e 2020, dos que 1.200 millóns dedicaranse a innovación, eficiencia enerxética e apoio á competitividade das pemes galegas.

Na primeira fase, dende a Amtega abordouse o análise da contorna rexional, estado actual e potencial innovador das empresas TIC galegas, cara a xerar un mapa de prioridades no que as TIC xoguen un papel principal no desenvolvemento dos sectores produtivos clave de Galicia.

Ademais a estratexia global deseñouse para dar continuidade aos logros acadados nos últimos anos polas actuacións da Axenda Dixital 2014.gal. A folla de ruta para converxer coa UE en 2020 prioriza cinco grandes liñas de actuación no sector tecnolóxico.

No eido da Administración proirizará a consolidación da Administración electrónica e do eGoberno, a modernización tecnolóxica dos servizos públicos e a modernización dos sistemas de emerxencias e catástrofes e dos sistemas de transporte.



En segundo lugar a consolidación do sector TIC con actuacións de apoio integral ao emprendemento TIC, de impulso á preparación de profesionais TIC altamente cualificados, e tamén de fomento da innovación tecnolóxica e a súa posterior aplicación aos sectores tractores da economía.

Outra das liñas de actuación será a de mellorar a competitividade do tecido empresarial Tamén, esta iniciativa busca acadar unha cidadanía plenamente dixital articulando un programa de acreditación de competencias dixitais e potenciando a educación dixital en todos os niveis educativos, con especial énfase no futuro dos libros dixitais no ensino galego.

E, no eido das infraestruturas de telecomunicacións, o obxectivo a medio prazo é impulsar o despregamento de redes ultrarrápidas, incentivar o uso da banda larga móbil e afondar nos servizos de fogar dixital que afectan directamente á prestación de servizos públicos: os servizos sociais e á sanidade.

Coordinación das actuacións derivadas de 2014.gal

Outras das actuacións desenvolvidas pola Amtega ao longo do 2013 foron as ligadas aos compromisos derivados da propia Axenda Dixital:

- Análise de información tecnolóxica, co obxecto de coñecer as noticias, informes e publicacións que poidan ter un impacto directo e decisivo no desenvolvemento dos programas da Axenda.
- Avaliación e seguimento das actuacións en materia de Sociedade da Información: tarefas de soporte ao seguimento, control técnico, xestión e control orzamentario.
- Seguimento das actuacións incluídas nos programas Impulsa Lugo e Impulsa Ourense.
- Xestión e seguimento de todas as actividades da Axenda, materializados no informe anual do 2012 e no balance interanual 2009-2012.
- Difusión e soporte a todas as actividades relacionadas coa comunicación e publicación de informes, estudos, etc.



CIO Directions 2013

En setembro, a directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), recolleu en Madrid o premio *CIO Directions 2013*, que recoñecía o labor da Axencia na definición e desenvolvemento da estratexia tecnolóxica global da Xunta e da súa aposta por un modelo de xestión integrada das TIC na Administración pública.

Os Premios CIO Directions, que van xa pola cuarta edición, están organizados polo grupo editorial IDG Communications, unha das empresas líder en España en información tecnolóxica, onde publica revistas como CIO, Computerworld, Network World, etc.



Colaboración con outras administracións

- A Xunta de Galicia asinou sendos convenios coas Deputacións provinciais para ceder información tributaria aos expedientes telemáticos
- Presentouse, en novembro, o proxecto ARPAD co obxectivo de crear o Arquivo dixital de Galicia, a conservación e difusión do patrimonio documental
- A Xunta de Galicia participou nos últimos anos na elaboración da Axenda Dixital Local da Euro-región Galiza-Norte de Portugal

A colaboración con outras administracións, especialmente no que se refire ás administracións locais é outro dos eixos de traballo desenvolvidos dende a Xunta de Galicia a través da Axenda Dixital. A maioría das iniciativas están materializadas no plan e-Concellos, un plan para acadar un conxunto de servizos dixitais de uso xeneralizado nas entidades locais, e que permitan avanzar na eficiencia dos recursos e o aproveitamento das capacidades dos sistemas e infraestruturas tecnolóxicas que se está a dispor na actualidade.

Plan e-Concellos: Eido Local

No 2010 púxose en marcha o Plan e-concellos para reducir o desequilibrio territorial, impulsar a modernización e mellora dos procesos internos das administracións locais, e maximizar a cooperación para fomentar e apoiar o desenvolvemento da e-Administración.



A raíz do plan, nace o convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Axencia para a Modernización tecnolóxica de Galicia (Amtega) e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP).

A finais do 2013, estaban adscritas ao convenio, 336 entidades das que 308 son concellos (98% do total, 4 deputacións e 22 outros tipos de entidades locais).

Outro elemento de dito colaboración é o portal Eido Local (<http://eidolocal.es>), un portal que ten case 4.000 usuarios de todos os concellos de Galicia e recibe unha media de 34.000 visitas por mes.

Durante o 2013, fixéronse unha serie de melloras no portal para dotalo dunha nova interface máis doada de usar e accesible, así como dun entorno de traballo configurable (meuEido), para incorporar novos contidos e servizos e para fomentar a participación e

colaboración entre a Consellería de



e para fomentar a participación e

Sistema de Licitación electrónica para concellos

Logo da posta en marcha da Plataforma de Contratos Públicos de Galicia. (<http://www.contratosdeg Galicia.es>), un portal que está consolidado como o principal portal de contratación das administracións públicas galegas xa que recolle as publicacións de máis de 200 organismos, dos que uns 75 son entidades locais estase a dar outro paso, a licitación electrónica.

A iniciativa persegue, entre outros obxectivos, implantar un modelo de licitación electrónica ao cento por cento; para facilitarlle ás entidades locais de Galicia, que así o consideren, unha plataforma de licitación electrónica sostible; onde ás entidades locais actúen como dinamizadoras do proxecto e formen e capaciten aos usuarios para que poidan traballar co sistema en plenas garantías.

O sistema de licitación vai permitir conseguir importantes aforros en termos de mantemento de sistemas; reducirá os tempos de espera na tramitación dos expedientes de contratación e fomentar entre as entidades locais o uso das TIC nas tarefas e actividades comúns. Ademais, está previsto que a aplicación permita aos concellos utilizar os sistemas de poxa electrónica.

Tradutor automático: Gaio

Ademais de ofrecer o servizo aos empregados públicos da Administración autonómica, a Xunta través do portal Eido Local está a pór a disposición dos concellos galegos o tradutor automático Gaio, unha iniciativa promovida a través da Amtega e a Dirección Xeral de Administración Local coa colaboración da Fegamp.

O sistema facilita a tradución directa e inversa do galego ao castelán e máis ao portugués, de xeito que a administración local poderá mellorar a calidade lingüística da documentación técnica e administrativa, páxinas webs, correos electrónicos, etc.



Elaboración da Axenda Dixital Local

A Xunta de Galicia participou nos últimos anos na elaboración da “Axenda Dixital Local da Euro-región Galiza-Norte de Portugal” un proxecto próximo a presentarse publicamente e no que se considera a implantación dunha Axenda Dixital para a eurorrexión como unha das liñas estratéxicas para aumentar a competitividade nos vindeiros tempos.

A Axenda Dixital Local é un documento estratéxico para o desenvolvemento integral da Sociedade da Información nas cidades e vilas da Eurorrexión. Nela apóstase pola implantación dun modelo de Información participativo e adaptable ás peculiaridades das distintas áreas urbanas. En definitiva, trátase de ensinar e capacitar ás entidades locais para que sexan capaces de implantar as súas propias axendas.



Información Tributaria para as Deputacións

A Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA) asinou convenios coas catro Deputacións provinciais para ceder información tributaria aos procedementos telemáticos destas entidades, de xeito que poden acceder a esta documentación sen necesidade de pedirla aos cidadáns. Isto é especialmente útil para a concesión de subvencións, axudas ou para efectuar todo tipo de contratación con particulares. Por exemplo, a institución provincial recibirá cada vez que o solicite o certificado de que unha entidade está ao corrente dos pagos coa Administración autonómica.



Os convenios enmárcanse na liña de actuación seguida pola Administración autonómica de facilitar a realización de xestións e trámites burocráticos a todos os cidadáns e a colaboración entre administracións. Trátase, por tanto, de axudar a acadar un funcionamento máis áxil, máis eficaz e, na medida do posible, menos burocrático.

Proxecto ARPAD: arquivo dixital de Galicia

En novembro presentouse o proxecto ARPAD, unha iniciativa enmarcada no Programa Operativo de Colaboración Transfronteiriza España-Portugal (POCTEP) dotada con 4,7 millóns de euros. Ten como obxectivo a creación do Arquivo Dixital de Galicia, a conservación e difusión do patrimonio documental conxunto, a habilitación de servizos dixitais e a eliminación do papel nas relacións administrativas na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

No proxecto participan sete socios. Xunto coa Amtega, líder da iniciativa, interveñen a Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria; a Dirección Xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza; o CIXTEC; a Comunidade Intermunicipal do Minho-Lima que integra dez concellos do norte de Portugal; o Concello de Tui e a Deputación de Pontevedra.



Sobre este arquivo organizarase unha rede de rexistros interconectados, que permitirán a cidadáns e empresas de ambos os lados da fronteira entregar documentación en calquera rexistro, independentemente da administración de destino. Así poderanse habilitar servizos públicos en liña como a e-factura ou a plataforma electrónica tributaria para empresas que teñan actividade comercial coas administracións de ambos lados da fronteira.

Outro dos eixos de actuación do ARPAD é a creación dun Arquivo Histórico Documental que albergará os fondos dixitalizados do patrimonio documental. Será compatible con proxectos europeos como EUROPEANA (punto común de acceso aos fondos das bibliotecas, arquivos e museos de toda Europa). Este arquivo histórico porase en marcha coa dixitalización de 50.000 documentos dos Arquivos do Reino de Galicia e do Histórico Provincial de Ourense.

Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA)

- O observatorio continúa a ter un importante crecemento tanto no número de visitas (+27%) como no de visitantes (+65%) respecto ao 2012
- O OSIMGA no 2013 publicou 23 informes e realizou o seguimento de máis de 650 indicadores de fogares, empresas e administracións públicas

O Observatorio da Sociedade da Información e da Modernización (OSIMGA) é un órgano asesor da Amtega para a valoración da evolución da sociedade da información e a modernización administrativa en Galicia. Con tal motivo, desenvolve estudos e análises de datos que permitan coñecer o nivel de desenvolvemento, a tendencia e problemas que poden afectar á extensión da sociedade da información en Galicia.

Así, segundo se mostra no cadro, o OSIMGA publicou no último ano, 12 informes realizados sobre distintos ámbitos: poboación, empresas e administración, número que se achega a 23 engadindo tamén os informes previstos no Plan de Traballo anual, aprobado no seu Pleno, un 21% máis que o ano anterior.


No 2103, como novidade respecto dos anos anteriores publicouse a “Enquisa ás empresas TIC”, enquisa que está incluída no Plan Galego de Estatística do 2013.

En canto ao número de indicadores monitorizados, tamén houbo un incremento do 24% respecto ao ano 2012, chegando a 650 no 2013.

Polo que se refire á súa web, é destacable o continuo crecemento do número de visitas e visitantes que cada ano se conectan para ver o descargar os documentos publicados ou revisar as novas incluídas no boletín que se edita semanalmente.

Ambito temático	Informes
Fogares	Diagnóstico sobre a sociedade da Información nos fogares galegos
	A sociedade da información dende a perspectiva de xénero
	Internet e banda larga nos fogares galegos
	Os xóvenes e as TIC
Empresas	Diagnóstico sobre a sociedade da Información nas empresas galegas
	Os autónomos e a sociedade da información
	Internet e banda larga nas empresas galegas
	Software libre nas empresas galegas
Sector TIC	Diagnóstico as empresas TIC
	Situación do emprego no sector TIC e no sector da coñecemento de Galicia
	As mulleres no sector TIC
Administracións	Cuestionario de Administración Electrónica nas CCAA (CAE-2012)

Así, segundo os datos da Oficina de coordinación web da Xunta de Galicia, o portal do Osimga no 2013 recibiu case 83.000 visitas, un 27% máis que no ano 2012. En relación ao número de visitantes, pasouse de case 30.000 no 2012 a máis de 44.000 no 2013, un 65% de incremento anual.



2014.gal Axenda Dixital de Galicia

Ano 2013 orzamentos e indicadores

Orzamentos

Dentro do modelo de transparencia cara á sociedade que ten asumido o Goberno da Xunta de Galicia, ademais do reflexo das principais iniciativas e actuacións desenvolvidas ao longo do ano 2013 expresado nos capítulos anteriores mediante a descrición das mesmas e dos valores acadados, outro dos ámbitos de avaliación da Axenda Dixital é o seguimento orzamentario.

- **A Xunta de Galicia leva investidos case 610 millóns de euros para o desenvolvemento das actuacións da Axenda Dixital no período 2010-2013**

Orzamentos 2010-13	Valor	Diferenza
Previsto	766.833.855 €	
Executado	609.626.893 €	-20,5%

Cadro 1: Execución orzamentaria no 2010-2013

No período 2010-2013, a Xunta de Galicia leva investidos case 610 millóns de euros no desenvolvemento dunha administración intelixente e eficiente e a promoción dunha sociedade dixital, na dotación das infraestruturas básicas de telecomunicacións para achegar o acceso a Internet a toda a poboación e no apoio á formación e ao desenvolvemento de servizos e proxectos dixitais. A cantidade indicada é menor que a prevista ao inicio do plan, debido as reducións orzamentarias xerais dos últimos anos por mor da crise.

Aínda así o apoio decidido do Goberno da Xunta de Galicia por facer do cambio tecnolóxico un motor da economía e unha fonte xerar coñecemento na sociedade están a dar os seus froitos e xerar importantes aforros respecto dos investimentos de anos anteriores sen menos cabo das prestacións dos servizos públicos.

- **As liñas de maiores investimentos son as de Administración intelixente e InfraTelecom que supoñen por riba de 320 millóns de euros**
- **As liñas relacionadas coa promoción dunha sociedade dixital, a cidadanía e as empresas, contan con máis de 148 millóns de euros.**

Liñas Estratéxicas	Orzamento Executado
L1- Administración intelixente	133.347.266 €
L2- Administración eficiente	167.745.223 €
L3- Cidadanía dixital	44.982.309 €
L4- Transforma TIC	55.768.265 €
L5- Economic-IT	47.484.229 €
L6- InfraTeleCom	157.091.914 €
L7-Medidas instrumentais	3.207.686 €
Total (2010-2013)	609.626.893 €

Dos datos mostrados no cadro anterior, que resume os investimentos executados no período 2010-2013, pódese comprobarse que as liñas estratéxicas con maior dotación económica son as relacionadas cos ámbitos de xestión da propia Administración (administración intelixente e eficiente) con máis de 301 millóns de euros. O apoio á promoción e formación dunha sociedade dixital, coas accións despregadas entre a cidadanía, as empresas e ao sector TIC, segue a ser un bloque moi importante con máis de 148 millóns de euros.

No ámbito de xestión da Administración, destacan os investimentos relacionados coa aplicación das TIC na sanidade, na xustiza, na Administración electrónica, todas elas medidas con grande impacto na sociedade. A Sede electrónica está a permitir ter unha administración aberta as 24 horas dos 365 días sen aumentar os custos e facilitando á intercomunicación cos cidadáns.

En canto ao área das infraestruturas de telecomunicacións, a iniciativa de maior dotación orzamentaria segue a ser o Plan de Banda Larga para achegar un acceso a Internet de calidade en todo o territorio; os investimentos para converter a Retegal nun operador público e global de telecomunicacións.

En relación coa sociedade dixital hai que destacar a continuidade do Plan Abalar, a rede CeMIT, e as diferentes liñas de axudas as empresas xerais e as específicas para o sector TIC, liñas de innovación, financiamento de novos proxectos empresariais e formación dos profesionais, e dos traballadores empregados e desempregados. Tamén as actividades do Centro Demostrador das TIC e o Pacto Tecnolóxico coas empresas do sector TIC para facilitar o emprendemento e o desenvolvemento tecnolóxico de Galicia.

- **Mobilizados, entre investimento público e privado, máis de 887 millóns de euros no período 2010-2013 para o desenvolvemento das actuacións da Axenda Dixital**

Liñas estratéxicas	Orzamento executado	Investimento inducido (achega privada)	Investimento total
L1- Administración intelixente	133.347.266 €		133.347.266 €
L2- Administración eficiente	167.745.223 €		167.745.223 €
L3- Cidadanía dixital	44.982.309 €	198.333 €	45.180.642 €
L4- Transforma TIC	55.768.265 €	117.798.788 €	173.162.065 €
L5- Economic-IT	47.484.229 €	7.608.995 €	55.093.223 €
L6- InfraTeleCom	157.091.914 €	152.251.615 €	309.34.529 €
L7-Medidas instrumentais	3.207.686 €		3.207.686 €
Total	609.626.893 €	277.452.741 €	887.079.634 €

Ademais dos investimentos e liñas de axudas promovidos pola Xunta de Galicia de máis de 609 millóns de euros, no período 2010-2013 mobilizáronse outros 277 millóns de inversión privada, o que fai un total de 887 millóns de investimento realizado en Galicia en proxectos ligados ao uso das TIC.

Avaliación de indicadores

Este apartado presenta un cadro de indicadores da Axenda Dixital 2014.gal, co obxectivo principal de mostrar o avance das distintas liñas estratéxicas da Axenda, a través das súas iniciativas, así como proporcionar algúns datos de contexto que permitan monitorizar o impacto na sociedade das ditas actuacións.

Para iso, por unha parte móstrase unha visión de conxunto sobre a situación, indicadores proporcionados polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), en base aos datos do Instituto Nacional de Estadística (INE) e por outra á información proporcionada polas propias unidades xestoras das iniciativas.

Liña 1. Administración intelixente

Axenda Dixital 2014.gal (I)					
Descrición do indicador	2009	2010	2011	2012	2013
L1- Administración intelixente (Fonte: INE)					
% Persoas que interactuaron coas AAPP a través de Internet nos últimos doce meses para descargar formularios oficiais	28,8	31,7	42,9	45,1	43,1
% Empresas que interactuaron coas AAPP por Internet no último ano					
Empresas de 10 e máis empregados/as	67,4	68,1	81,0	86,1	88,6
Empresas de menos de 10 empregados/as	32,2	25,9	60,0	ND	62,8
% Persoas que interactuaron coas AAPP a través de Internet nos últimos doce meses para descargar formularios oficiais	28,8	31,7	42,9	45,1	43,1
L1- Administración electrónica (Fonte: Entidades Xunta)					
% Procedementos que admiten presentación electrónica	4,0	5,9	14,6	32,1	38,6
Nº Procedementos na sede electrónica	NA	NA	201	508	604
Nº Procedementos electrónicos para cidadáns	13	20	69	199	254
Nº Procedementos electrónicos para empresas	40	74	96	233	243
% Axudas tramitadas por vía telemática	6	10,1	23,7	48,1	56,8
Nº Visitantes mensuais distintos a sede electrónica	NA	NA	1.727	5.488	14.808
% Entradas electrónicas no rexistro electrónico en relación co total	NA	5,4	21,5	26,2	40,6
% Facturas electrónicas sobre o total	NA	20,1	25,0	31,1	27,5
Nº Empresas que utilizan o sistema de facturación	NA	1.360	1.785	2.204	2.646

Os indicadores principais sobre o avance da Administración electrónica mostran un claro avance no 2103. Así, o número de procedementos que se poden tramitar telematicamente a través da Sede Electrónica xa chega a 604, un 38,6% do total, e dicir, 6,5 puntos máis que o ano anterior. Os procedementos para a cidadanía pasaron de 199 a 254, un 27,6% máis e os de empresas pasaron de 233 a 243.

A porcentaxe de axudas tramitadas por vía telemática avanza outro ano máis, ata o 56,8%, case 8 puntos por riba do ano 2012. O número de empresas que utilizan a presentación telemática alcanzou as 2.646, un 20% máis que o ano anterior, aínda que a porcentaxe de facturas diminuíu 3,6 puntos en 2012.

Axenda Dixital 2014.gal (I)					
Descrición do indicador	2009	2010	2011	2012	2013
L1- Sinatura dixital (Fonte: Entidades Xunta)					
Nº Empregados públicos acreditados dixitalmente	NA	NA	628	6.155	9.234
% Administración xeral	NA	NA	3.9	21	38
% Administración de xustiza	NA	NA	27	100	100
Nº de usuarios do portasinaturas					
Asinantes	NA	NA	170	329	440
Solicitantes	NA	NA	256	514	728
Nº documentos asinados no Portasinaturas	NA	NA	45.179	67.927	89.681
L1- Interoperabilidade (Fonte: Entidades Xunta)					
Nº procedementos con verificación de datos doutras administracións					
Consulta de identidade (SCDI)	NA	129	144.880	159.486	301.438
Verificación de residencia (SVR)	NA	88	5.469	5.254	7.209
Consulta da presentación da renda	NA	NA	20.209	1.889	1.369
Consulta datos do catastro	NA	NA	7.144	20.713	12.047
Nº usuarios da plataforma de interoperabilidade	NA	NA	900	1.019	1.084

No referido aos empregados públicos que están acreditados mediante certificados dixitais, logo do logro acadado no 2012 no ámbito da xustiza, co 100% dos empregados con certificación dixital, no que se refire aos da administración xeral autonómica a porcentaxe chegou ao 38%, 17 puntos máis que no ano anterior. O total de empregados certificados supera os 9.200.

O uso dos certificados ten entre as súas funcións a da sinatura dixital de documentos, para o que se usa unha aplicación PortaX con dous perfís: asinantes (440, un 34% máis que en 2012) e solicitantes (728, un 42% superior). O número de documentos asinados achegouse aos case 90 mil.

Tamén neste bloque examínase o uso da plataforma de interoperabilidade, o número de usuarios creceu un 6,4% para chegar a 1.084 no 2013, máis as consultas a outras administracións, creceron un total un 90%.

Axenda Dixital 2014.gal (III)					
Descrición do indicador	2009	2010	2011	2012	2013
L1- Administración intelixente: portal corporativo e presenza nas redes sociais					
Nº Visitantes distintos da web xunta.es (media mensual)	ND	272.877	285.641	291.134	255.692
Nº Seguidores nas redes sociais	NA	1.307	7.209	18.929	41.936
Facebook	NA	1.134	2.987	5.235	11.632
Twitter	NA	173	4.196	13.694	30.304
Nº Iniciativas nas redes sociais	NA	ND	98	142	211
Nº Portais web catalogados	NA	303	241	251	236
Nº medio de visitantes distintos á Intranet corporativa	ND	7.819	8.424	17.276	14.410
Nº medio de visitantes distintos ao portal do empregado público PortaX	ND	2.083	6.208	7.105	12.195

Os datos de visitantes no portal web corporativo e nas canles das redes sociais mostran o que está a acontecer na sociedade, unha clara tendencia á visualización de contidos a través das redes sociais e unha diminución das canles tradicionais que non permiten a interacción co destinatario da mensaxe.

Así mentres que a media de visitantes mensuais ao portal corporativo diminuíu un 12%, o número de seguidores nas redes sociais máis populares, Facebook e Twitter, medrou por riba do 120%. Este crecemento ven apoiado tamén nun crecemento do número de sedes ou lugares nas redes sociais, que pasou de 142

no 2012 a 211 no 2013, case un 50% máis. Por contra, o número de portais catalogados baixou de 251 no 2012 a 236 no 2013.

Por último, dous valores referidos ao uso das ferramentas informáticas propias por parte dos empregados públicos, PortaX e a Intranet. No referido á Intranet, o número medio mensual de visitantes decreceu un 17% respecto ao 2012, mentres que no PortaX, o número aumentou de modo moi significativo, un 72%.

Axenda Dixital 2014.gal (III)					
Descrición do indicador	2009	2010	2011	2012	2013
L1- Administración intelixente: servizos públicos de sanidade (Fonte: Consellería)					
% Citas previas realizadas por Internet	6,4	7,4	8,1	9,3	10,5
% Receitas dispensadas electronicamente	15,0	70,0	93,0	96,7	97,5
% Centros de atención primaria con solucións de telemedicina	29,2	45,9	98,9	99,6	99,8
% Cidadáns que fan uso da cita previa por internet	16,5	18,4	21,7	24,7	26,8
L1- Administración intelixente: servizos públicos de xustiza (Fonte: Consellería)					
% Equipos con antigüidade menor que < 5 anos	37,4	53,4	84,4	85,5	88,0
% Xulgados que utilizan Lexnet	NA	24,6	40,6	97,7	100
Nº Notificacións realizadas con Lexnet (miles)	141,7	285,4	1.196,3	2.551,5	4.039,5
Nº Notificacións no sistema de información do Imelga	NA	NA	NA	26.668	29.620
L1- Administración intelixente: outros servizos públicos (Fonte: varias Consellerías)					
Nº Páxinas vistas en Meteogalicia.es (millóns)	172,92	318,88	442,05	512,35	650,0

No referido aos servizos públicos que teñen un alto uso das TIC na súa xestión, destacamos por unha banda, os datos de receitas electrónicas, ou e-receitas, que chegan ao 97,5%, ademais segue a aumentar a porcentaxe de cidadáns que fan uso da cita previa por Internet, 2 puntos máis que no 2012.

En canto ao ámbito da xustiza, é salientable a renovación do equipamento especialmente nos últimos anos, o que fixo que a porcentaxe de equipos con antigüidade menor de 5 anos pasase do 53,4% no 2010 ao 88% no 2012. Este equipamento é a base do desenvolvemento das novas aplicacións para a administración da xustiza: Lexnet, Minerva, etc.

Respecto ao uso das aplicacións, a implantación do sistema de notificacións electrónicas (Lexnet) alcanza xa ao 100% dos xulgados, o que permitiu que o número de comunicacións realizadas pasase de 1,2 millóns no 2011 a máis de 4 millóns.

Tamén, se destacan neste bloque algúns datos referidos a outros servizos públicos ou prestación de información a sociedade que teñen un alto uso de sistemas de información, como a web de Meteogalicia que chega no 2013 a 650 millóns de visitas, un 27% máis que no 2012.

Liña 2. Administración eficiente

Axenda Dixital 2014.gal (III)					
Descrición do indicador	2009	2010	2011	2012	2013
L2- Administración eficiente (Fonte: Consellería)					
% Redución dos custos de mantemento dos sistemas microinformáticos	NA	9	13,42	7,06	7,0
% Disponibilidade da rede de sistemas de comunicacións	99,8	99,9	99,96	99,87	99,96
% Redución do gasto de consumo de enerxía nos postos de traballo	NA	18	22	27,19	2,33
Nº Centros de Atención a Usuarios (CAU) existentes na Xunta	20	16	14	10	8
Tempo medio de resolución de incidencias (días)	ND	4,18	3,13	3,12	2,0
% Incidencias resoltas en menos de 24 horas	ND	ND	ND	84	82
Nº Incidencias recibidas	ND	ND	ND	27.922	86.793
L2- Reutilización da información pública, portal @bertos (Fonte: entidades Xunta)					
Nº Catálogos de datos	NA	NA	NA	251	292
L2- Software Libre e de fontes abertas, FLOSS (Fonte: entidades Xunta)					
% Equipos de escritorio con aplicacións de sw libre/total	45,5	87	94	94	94
% Equipos de escritorio con ofimática de sw libre /total	ND	8,0	20,3	50,0	52,0
% Equipos de servidores con software libre /total	ND	54,5	46,5	49,5	70,0
% Documentos publicados en formatos abertos	50	75	90	95	97
Nº proxectos liberados na forxa	ND	ND	ND	1	3
Nº solucións FLOSS no mapaTIC.gal	ND	ND	ND	ND	120

No 2012 continúa a mellora dos parámetros para controlar a eficiencia e as prestación dos sistemas e comunicacións da Xunta de Galicia, equipamentos que deben funcionar practicamente as 24 horas dos 365 días de cada ano, acorde cunha administración sempre aberta, en comunicación permanente coa cidadanía.

O número de Centros de Soporte de Usuarios (CAU) no 2012 reduciuse ata 8, dous menos que no 2012 sen diminuír practicamente a calidade do servizo. O tempo medio de resolución de incidencias mantense en valores semellantes nos 3 últimos anos, mentres que o número de CAU baixou a metade.

Outro dato deste apartado é o referido a dúas formas de aproveitar os recursos públicos, a reutilización dos datos das Administracións públicas, un portal que comezou a funcionar no 2012. No 2013 o número de conxuntos de datos ascendeu a 292, un 16% máis que no 2012.

Por outra parte, o uso do software libre na Administración electrónica, un xeito de facer os investimentos tecnolóxicos para compartir logo o coñecemento, para adaptalos mellor ás necesidades propias e tamén para aforrar ou ter un menor custo de licenzas.

Liña 3. Cidadanía dixital

Axenda Dixital 2014.gal (V)					
Descrición do indicador	2009	2010	2011	2012	2013
L3- Cidadanía Dixital (Fonte: INE)					
% Fogares con algún tipo de ordenador	58,5	61,6	65,3	68,0	68,5
% Fogares con conexión de banda larga	38,3	46,5	51,6	62,3	64,0
% Persoas que empregaron o ordenador nos últimos 3 meses	54,3	57,8	62,2	66,1	66,4
% Persoas que utilizaron Internet nos últimos 3 meses	49,8	53,6	58,5	63,5	65,3
% Persoas que adquiriron produtos ou servizos por Internet nos últimos tres meses	13,7	14,4	17,7	21,4	21,2
L3- Rede CeMIT (Fonte: entidades Xunta)					
Nº Cursos de formación impartidos. Rede CeMIT	NA	NA	2.116	2.948	3.320
Nº Horas formación realizados. Rede CeMIT	NA	NA	18.047	38.022	42.840
Nº Beneficiarios dos cursos de alfabetización dixital	NA	9.854	10.183	22.033	32.334
L3- Plan Abalar (Fonte: entidades Xunta)					
Nº Centros educativos dixitais do proxecto Abalar	NA	297	370	533	531
Nº Aulas dixitais do proxecto Abalar	NA	682	1.460	1.993	2.014
Nº Alumnos dentro do proxecto Abalar	NA	14.500	31.575	43.140	44.472
Nº Accesos ao portal espazoAbalar (media mensual)	NA	NA	ND	ND	87.431
Nº Recursos descargados do portal espazoAbalar (media mensual)	NA	NA	ND	ND	118.211
L3- Voluntariado Dixital (Fonte: entidades Xunta)					
Nº Persoas que colaboran como voluntarios	NA	NA	NA	220	340
Nº Entidades colaboradoras	NA	NA	NA	29	78

Segundo dos datos do INE, non hai cambios significativos nas porcentaxes de fogares que dispoñen de ordenador e conexión a larga, así como na de persoas que empregaron o ordenador ou Internet nos últimos 3 meses, nin das que adquiriron produtos ou servizos nos últimos 3 meses.

En canto as iniciativas desenvolvidas en Galicia para dotar de coñecemento dixital a toda a sociedade e especialmente aos colectivos con maior risco de exclusión, a Rede CeMIT levou adiante 3.320 accións formativas nas que se impartiron case 43.000 horas de formación que realizaron por riba de 32.000 usuarios, case un 50% máis que no 2012.

No plan Abalar a finais do 2013 o número de centros e aulas mantense en valores semellantes aos de 2102 aínda que o número de alumnos medra un 11%.

Por outra parte, no último bloque hai que destacar o crecemento da actividade da iniciativa de Voluntariado dixital, que pasou de 220 voluntarios no 2012 a 340 no ano 2013, un 55% máis que o ano anterior. Tamén, se incrementou de modo significativo o número de entidades colaboradoras que pasou de 29 a 78 no último ano.

Liña 4. TransformaTIC

Axenda Dixital 2014.gal (VI)					
Descrición do indicador	2009	2010	2011	2012	2013
L4- TransformaTIC (Fonte: INE)					
Nº Empresas do sector TIC ¹	1.542	1.767	1.897	1.976	2.029
Nº Empregados/as do sector TIC	16.327	15.851	15.855	15.473	15.144
% Empregados do sector TIC respecto do total de ocupados/as	1,59	1,57	1,62	1,64	1,7
L4- TransformaTIC: formación (Fonte: Entidade Xunta)					
Nº Cursos ofertados	50	48	49	58	49
% Cursos do CNTG con probas de certificación de coñecementos	54	75	85,7	82,8	81,6
Nº Prazas ofertadas	748	717	740	888	769
Nº Horas de formación realizadas	2975	2.741	2.648	2.985	2.622
Nº Persoas formadas no CNTG, que remataron os cursos	682	701	720	865	745

No ámbito das empresa TIC, aumenta o número de empresas para superar as 2.000 aínda que o número de traballadores TIC descende lixeiramente, 329 empregados menos, un 2,1%. Non obstante, a porcentaxe de traballadores TIC sobre o total de traballadores ascende 6 centésimas.

En canto a actividade formativa realizada no Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia (CNTG), no 2013 diminuíu a súa actividade de cursos o que redundou nun valores menores que no 2012. De calquera xeito, hai que ter en conta que o ano pasado foi o de maior actividade e que os valores do 2013 son semellantes aos dos anos anteriores.

Liña 5. EconomiC-IT

Axenda Dixital 2014.gal (VII)						
Descrición do indicador	2009	2010	2011	2012	2013	
L5- EconomiC-IT (Fonte: INE)						
% Empresas que teñen acceso a Internet contratado:						
Empresas de 10 e máis empregados/as	92,9	94,9	97,3	98,8	98,2	
Empresas de menos de 10 empregados/as	46,7	47,3	52,8	57,8	64,9	
% Empresas con conexión a Internet que teñen páxina web ⁱⁱ						
Empresas de 10 e máis empregados/as	55,1	58,9	61,2	69,4	64,4	
Empresas de menos de 10 empregados/as	19,5	19,6	19,9	24,4	28,1	
L5- EconomiC-IT (Fonte: INE)						
% Empresas que compraron a través de Internet no último ano						
Empresas de 10 e máis empregados/as	ND	ND	ND	19,9	18,7	
Empresas de menos de 10 empregados/as	ND	ND	ND	8,9	8,9	
% Empresas que venderon a través de Internet no último ano						
Empresas de 10 e máis empregados/as	ND	ND	ND	9,4	12,8	
Empresas de menos de 10 empregados/as	ND	ND	ND	1,9	2,2	
L5- Centro Demostrador TIC (Fonte: propia)						
Nº Actividades desenvolvidas no CDTIC	NA	NA	13	32	33	
Nº Asistentes as xornadas demostradoras	NA	NA	220	652	1.181	
Nº Solucións tecnolóxicas inscritas no mapaTIC.gal	NA	NA	256	392	552	
Nº Provedores tecnolóxicos incluídos no mapaTIC.gal	NA	NA	107	173	227	
Nº visitas medio mensual a web do mapaTIC.gal	NA	NA	NA	776	1.842	
L5- Servizos públicos intelixentes para empresas (Fonte: propia)						
% Solicitudes de datos rexistradas na Oficina Agraria Virtual (OVA)	NA	ND	ND	64	73	
Nº Tarxetas de transporte metropolitano (miles)	NA	NA	75	90	120	
Nº Terminais TICPESC nos portos de Galicia	NA	6	26	30	32	

A práctica totalidade das empresas galegas de 10 ou máis traballadores dispón de acceso a Internet, o 98%, e case o 65% das microempresas, 7 puntos máis que no 2012. Este último segmento empresarial logo dun estancamento no período 2009-2011, está a crecer de xeito importante nos dous últimos anos.

En canto a dispoñibilidade de páxina web, a porcentaxe de empresas galegas de 10 e máis traballadores con conexión a Internet e que dispoñen de páxina web diminúe 5 puntos mentres que o mesmo valor para as microempresas medra case 4 puntos porcentuais.

Respecto do comercio electrónico, os datos de compras son semellantes aos de 2012 sen embargo os de vendas crecen nos dous tamaños de empresas, especialmente no das de 10 ou máis traballadores con 3,4 puntos por riba do ano anterior, nas microempresas o diferencial é só de 3 decimas.

Por último, en canto á actividade do Centro Demostrador das TIC, o número de actividades mantívose case igual ao ano anterior mais o número de asistentes ás xornadas demostradoras chegou a case 1.200 persoas, medrando un 81%. Respecto do mapaTIC.gal, hai crecemento do 41% no número de solucións inscritas no mapa e dun 31% no número de provedores.

Liña 6. InfraTelecom

Axenda Dixital 2014.gal (VIII)					
Descrición do indicador	2009	2010	2011	2012	2013
L6- InfraTeleCom: Plan de Banda Larga (Fonte propia)					
% Poboación galega con acceso á servizos de banda larga	71,8	80,9	87,3	95,0	96,7
Nº Habitantes con acceso a redes de nova xeración (100Mbps)	0	711.575	984.917	1.148.675	1.396.745
Nº Polígonos industriais sen cobertura de banda larga	22	12	6	1	0
Diferenza de acceso a BL entre as provincias da Coruña e Pontevedra con respecto as provincias de Ourense e Lugo	20	11	5,5	3	1,3
L6- InfraTeleCom: Cobertura do centros públicos (Fonte propia)					
% Ampliación da velocidade media de acceso na rede corporativa	29,3	106,4	50,71	33	78,6
Velocidade media de acceso na rede corporativa (Mbps)	ND	ND	ND	16	28,6
% Centros administrativos conectados á rede corporativa	93,0	94,0	95,5	96	97,0
% Centros de saúde con cobertura de banda larga	66,5	92,4	95	97	99,8
% Farmacias con cobertura banda larga	93,0	96,6	97	99	100,0
% Centros Educativos con cobertura banda larga	77,9	88,0	92	97	99,4
% Xulgados con cobertura banda larga	91,5	95,6	97	99	99,6

Na dotación de infraestruturas de telecomunicacións o Plan de Banda Larga (PDBL) mostra, tamén, uns valores altamente positivos, tanto na cobertura xeral do territorio como na dotación dun acceso a Internet de calidade. Case o 97% da poboación está en zonas de cobertura de banda larga, xa sexa coas redes de cables tradicionais ou con redes sen fíos. Con isto, o plan está a acadar os obxectivos establecidos ao inicio, nos que se contemplaba a posibilidade de ata un 6% cuberta con conexión por satélite.

En canto ás redes de nova xeración, ou redes de cando menos 100 Mbps, o despregue de redes está a chegar a case 1,4 millóns de cidadáns, o 50% da poboación de Galicia, e un 21,6% máis que no 2012.

Outro ámbito de mellora resultado do PDBL é o número de polígonos industrias sen cobertura, xa non queda ningún, cando ao inicio do plan eran 12. Ademais a fenda dixital entre as provincias orientais de Galicia (Lugo-Ourense) e as occidentais (A Coruña-Pontevedra) tamén diminuíu de modo significativo, pasando de 20 puntos antes da posta en marcha do PDBL a menos de 2 puntos a finais do 2013.

Por último, no referido á cobertura dos centros administrativos por un servizo de banda larga, os valores de centros de saúde, farmacias, centros educativos e xulgados mostran que practicamente tense acadado o 100% en todos casos.

Liña 7. Medidas instrumentais

Axenda Dixital 2014.gal (III)					
Descrición do indicador	2009	2010	2011	2012	2013
L7- Axencia para a Modernización Tecnolóxica: Amtega (Fonte: Consellería)					
Nº Postos de traballo adscritos á Amtega	NA	NA	NA	282	315
L7- Colaboración coas administracións locais (Fonte: Consellería)					
Nº Entidades locais adheridas ao convenio de administración electrónica	NA	66	322	326	334
Nº Entidades locais que utilizan o servizo de certificación da Xunta	NA	17	17	73	96
Nº Entidades locais que utilizan a plataforma de contratación da Xunta	36	70	92	97	103
Nº Procedementos electrónicos para outras administracións	ND	6	20	44	53
% procedementos coas entidades locais que admiten presentación electrónica	ND	13.3	21.1	41.1	68,8
Nº Usuarios dados de alta no portal EidoLocal	2.736	2.902	3.257	3.573	3.642
L7- Observatorio da Sociedade da Información OSIMGA (Fonte: Consellería)					
Nº Informes realizados	NA	6	17	19	23
Nº Valores seguidos no Sistema de Indicadores de SI de Galicia	NA	130	313	524	650
Nº Visitas a web do Osimga (media mensual)	NA	1.733	2.914	5.391	6.855
Nº Subscritores ao Boletín semanal	NA	1735	1.804	1.835	1.846

Por último, no apartado de medidas instrumentais examínanse os parámetros referidos ao funcionamento da propia Amtega e órganos dependentes como o Osimga, e as relacións con outras administracións, como as locais.

No referido ás administracións locais, é destacable o crecemento do número de entidades que utilizan o servizo de certificación da Xunta de Galicia, un valor que pasou de 17 no 2011 a 96 no 2013. Ademais, no 2013, chegou a 53 o número de procedementos da Xunta con outras administracións, 7 máis que o ano anterior. En termos porcentuais, case 18 puntos máis que no 2012.

Respecto, do funcionamento do Observatorio da Sociedade da Información e Modernización de Galicia (OSIMGA) todos os parámetros teñen incrementos interanuais substanciais, tanto o número de informes elaborados, como o número de indicadores e o número de visitas están a ter porcentaxes de crecemento entre o 20-30% no período 2012-2013.

ⁱ O sector TIC está constituído polos seguintes códigos CNAE-2009: 2611, 2612, 2630, 2640, 2680, 4651, 4652, 5821, 5829, 6110, 6120, 6130, 6190, 6201, 6202, 6203, 6209, 6311, 6312, 9511, 9512


ⁱⁱ Porcentaxe sobre as que empresas que teñen conexión a Internet

Cadro xeral de seguimento da Axenda Dixital


En base a unha distribución temporal de reparto do desenvolvemento da Axenda Dixital 2014.gal, así como a definición dun peso relativo de cada unha das iniciativas dentro de cada liña obtense unha visión xeral do grao de desenvolvemento das liñas estratéxicas, que se mostra no seguinte táboa.

Descrición do indicador	2010	2011	2012	2013	2014
Orzamento executado	19,5	35,4	49,1	65,4	
Administración Intelixente	7,6	39,4	67,9	88,8	
Administración Eficiente	9,2	37,0	62,9	88,8	
Cidadanía Dixital	8,1	47,2	76,7	100,3	
TransformaTIC	8,3	41,2	58,7	76,7	
EconomiC-IT	11,5	52,0	74,8	97,8	
InfraTeleCom	9,0	52,6	73,8	88,8	
Medidas instrumentais	9,7	46,0	67,0	79,1	
Previsión	10%	40%	65%	85%	100%

Trasladados os datos a unha gráfica multidimensional temos:



As liñas de Cidadanía dixital e EconomiC-IT están por riba do previsto. As liñas de Administración intelixente, Administración eficiente e InfraTelecom están de acordo co previsto e TransformaTIC, Medidas instrumentais e o orzamento executado son as que están por debaixo do previsto ao inicio de execución da Axenda Dixital.



2014.gal Axenda Dixital de Galicia

Ano 2013 en imaxes e eventos



Presentación do proxecto “Miradas de Muller” que impulsa o autoemprego feminino

28/1/2013

Un total de 266 mulleres desempregadas de zonas rurais e procedentes de barrios obreiros ou periféricos das cidades participan na iniciativa “Miradas de Muller” que ten como obxectivo fomentar o autoemprego e o emprendemento a través da fotografía dixital.



Galicia liderará o Plan tecnolóxico estatal para modernización da xustiza cun investimento de cinco millóns de euros

31/1/2013

Galicia liderará o Plan tecnolóxico estatal para a modernización da xustiza, a través dun acordo de colaboración entre o Goberno galego e o Goberno do Estado dotado con cinco millóns de euros de investimento ata o ano 2015 e que autorizou o Consello da Xunta.



Xuventude organiza 165 obradoiros sobre o uso correcto das redes sociais para alumnos de secundaria de toda Galicia

4/2/13

Os centros Quérote+, dependentes da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Consellería de Traballo e Benestar organizan o obradoiro ‘Convivencia nas redes sociais’ de 100 minutos de duración e que se vai impartir nas clases de 3º da ESO de 165 institutos de toda Galicia. Está previsto que poidan participar preto de 10.000 alumnos.



O Consello de Turismo de Galicia informa favorablemente sobre o Plan sectorial de Retegal

12/2/2013

O órgano consultivo do Turismo galego reuniuse para informar favorablemente sobre o Plan sectorial de implantación e desenvolvemento das infraestruturas da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia xestionadas por Retegal.



Apoio a formación dixital para a inserción laboral das persoas con discapacidade

19/2/2013

O Presidente da Xunta de Galicia presidiu o acto de entrega de diplomas aos alumnos da primeira promoción 2010-2012 do Programa de Alta Especialización en Animación 3D da Fundación Averhó, no que afirmou que o Goberno galego seguirá traballando para limitar na medida do posible os obstáculos da discapacidade, así o Plan para as Persoas con Discapacidade que, na pasada lexislatura, mobilizou máis de 45 millóns de euros para programas destinados á súa inserción laboral.



Presentado o proxecto 'E-Lectores nas Bibliotecas Escolares' como reforzo do Plan LÍA

20/2/2013

O conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Xesús Vázquez Abad, presentou na Cidade da Cultura de Galicia o proxecto piloto 'E-Lectores nas bibliotecas escolares' (E-LBE), unha nova liña do Plan LÍA 2010/2015 de bibliotecas escolares (Lectura, Información, Aprendizaxe). Este novo eixo de actuación, que reforza os plans da Consellería nesta materia, busca que profesorado e alumnado coñezan de primeira man os novos soportes e dean conta das posibilidades que ofrecen para a mellora da competencia e dos hábitos de lectura entre os máis novos.



O Progrma Innterconecta II está a mobilizar 150 M€ para proxectos de innovación tecnolóxica

20/2/2013

O presidente do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, avanzou a posta en marcha da convocatoria do Programa Interconecta II, dotado con 75 millóns de euros de fondos públicos, o que permitirá unha mobilización de 150 millóns que irán destinados a centros tecnolóxicos, ás empresas que innovan e aos proxectos de innovación que teñan base operativa e base para a mellora da competitividade da nosa economía, obxectivo fundamental da innovación e da investigación.



A Xunta pon en marcha o Dicionario xurídico en liña para todos os profesionais das administracións públicas galegas

22/2/2013

Os 90.000 empregados públicos da Administración autonómica e os traballadores dos concellos galegos teñen desde xa acceso ao Dicionario xurídico galego en liña. Esta ferramenta, froito da colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica, a Consellería de Cultura e Educación e mais Edicións Xerais, contribuirá á normalización da lingua propia de Galicia no ámbito xurídico-administrativo.



Comeza o estudo para migrar a software libre os ordenadores dos empregados públicos

26/2/2013

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) contará a finais de ano cunha análise pormenorizada para poder elaborar un plan de migración a software libre dos ordenadores dos empregados da Administración Xeral. Esta medida, enmarcada no Plan de Software Libre da Xunta, é unha das actuacións recollidas no convenio asinado entre a directora da Amtega, Mar Pereira, e o presidente da Asociación de Empresas Galegas de Software Libre (Agasol), Alejandro Escobar.



A AMTEGA colabora co CPETIG na organización de actividades formativas sobre delitos informáticos

15/3/2013

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) e o Colexio Profesional de Enxeñería Técnica en Informática de Galicia (CPETIG) colaboran na realización de accións formativas no eido da informática xudicial, as análises forenses e o uso seguro de internet e as redes sociais entre os menores.



Elaborado o Plan para a modernización tecnolóxica do sistema galego de servizos sociais

18/3/2013

A Xunta porá en marcha un Plan para a Modernización Tecnolóxica do Sistema Galego de servizos Sociais, un instrumento de apoio á planificación estratéxica deste área clave para a Comunidade, que xestiona a atención e as prestacións de máis de 1,6 millóns de galegos.



O sistema de gravación de vistas con sinatura dixital implántase nas salas dos órganos xudiciais de Galicia

23/3/2013

A Xunta comezará no mes de maio a implantación do novo sistema de gravación de vistas con sinatura dixital en 71 salas dos órganos xudiciais galegos. Trátase da primeira fase deste proceso, que permitirá cumprir coas necesidades establecidas na Nova Oficina Xudicial e avanzar cara o expediente xudicial electrónico.



A Amtega abordará en 2013 iniciativas tecnolóxicas para mellorar a competitividade dos sectores primarios e os servizos de emprego e benestar

25/3/2013

O Consello Reitor da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) aprobou o seu Plan de Acción 2013, que establece 7 obxectivos estratéxicos nos que se aglutinan 32 programas de acción cun orzamento de 94 millóns de euros, tras consolidarse a integración das áreas tecnolóxicas de seis consellerías.



Amtega e o Colexio de Enxeñaría Informática crearán unha rede de asesores tecnolóxicos para pemes e autónomos

2/4/2013

Titorizar ás empresas na selección e adopción da solución TIC máis axeitada ás súas necesidades será o obxectivo da Rede de Asesores Tecnolóxicos que porá en marcha o Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG) coa colaboración da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).



A metade dos galegos terán acceso a redes de fibra óptica de 100 megas a finais de 2013 grazas ao Plan de Banda Larga

3/4/2013

A directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), Mar Pereira, e o conselleiro delegado de R, Arturo Dopico, presentaron o Informe sobre a extensión das redes de 100 Mbps en Galicia no marco do Plan de Banda Larga da Xunta. Ademais realizáronse demostracións de servizos dixitais creados por tres 'startups' galegas e baseados na capacidade destas redes.



A Xunta de Galicia solicítalle a Google a tradución ao galego do sistema operativo Android

8/4/2013

A Xunta, a través da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), vén de solicitarlle a Google a tradución ao galego do sistema operativo Android. Con esta iniciativa, que contou coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística, búscase que este sistema operativo, baseado en software libre, estea dispoñible en galego para todos os cidadáns, independentemente do terminal que empreguen.



Medio Ambiente avanza nunha aplicación que permitirá localizar en tempo real todos os autobuses de transporte público

11/4/2013

A Xunta de Galicia está a avanzar nas tarefas necesarias para dispoñer dunha aplicación que permitirá localizar en tempo real todos os autobuses de transporte público regular de viaxeiros de Galicia. Con estes datos, será posible facilitar aos usuarios información acerca do tempo estimado de espera nas paradas, se se trata dun vehículo accesible, ou se realiza conexión con outros servizos, entre outros datos de interese.



Medio Ambiente está a desenvolver unha aplicación que permitirá localizar en tempo real todos os autobuses de transporte público

15/4/2013

A directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), Mar Pereira, presentou no pleno do Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (Osimga) o Balance 2009-2012 da Axenda Dixital de Galicia 2014.gal. A Xunta mobilizou preto de 900 millóns euros no período 2009-2012 para reducir a fenda dixital, avanzar na modernización dos servizos públicos e impulsar o sector.



Cultura e Educación fomenta a formación dos docentes en novas tecnoloxías, coa organización da I Xornada de coordinadores do proxecto Abalar

19/4/2013

Este encontro, organizado polo Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI) reúne no Pazo de Congresos de Santiago de Compostela a máis de 300 profesoras e profesores. O obxectivo é avanzar nas posibilidades deste proxecto, unha aposta da Consellería pola mellora do ensino a través da introdución das novas tecnoloxías da información e a comunicación (TIC), conforme aos novos tempos. O Abalar contribúe, ademais, a impulsar a igualdade de oportunidades dos escolares no acceso a estas tecnoloxías, con especial atención á introdución das mesmas nas zonas rurais.



A consellería de Cultura e Educación reitera a súa aposta polo ensino rural ao impulsar o desenvolvemento da 'Rede Escolas na nube'

19/4/2013

O conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Xesús Vázquez, e a directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), Mar Pereira, asinaron en San Caetano un convenio de colaboración co Centro de Supercomputación de Galicia, dependente da Axencia Galega da Innovación, representada polo seu director Manuel Varela Rey e polo propio director xerente do CESGA, Javier García Tobío.



A Xunta fomenta o uso das TIC entre as rapazas para superar a actual fenda dixital de xénero e aproveitar o talento feminino

25/4/2013

Nas instalacións do CESGA celebrouse un acto para celebrar o Día Internacional das Rapazas nas TIC no que participaron: a secretaria xeral da Igualdade, Susana López Abella, o presidente do CESGA, Manuel Varela; o director xeral de Educación, FP e Innovación Educativa, Manuel Corredoira; e a directora da AMTEGA, Mar Pereira.



A Xunta renova o seu apoio a Asociación puntoGal na recta final do proceso para conseguir o dominio galego na rede

8/5/2013

A directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), Mar Pereira, e o presidente da Asociación PuntoGal, Manuel González, asinaron un convenio de colaboración.



O número de fogares galegos con servizo de internet contratado creceu un 53,4% no período 2008-2012, máis do dobre que a media estatal

16/5/2013

A directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) e o director do Instituto Galego de Estatística presentaron os resultados do Diagnóstico sobre a Sociedade da Información nos fogares galegos 2012.



As Deputacións recibirán da ATRIGA Información tributaria por vía telemática para aforrar trámites aos cidadáns

17/06/2013

A Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA) cederá información tributaria ás Deputacións provinciais a través de procedementos telemáticos, de modo que os organismos provinciais poderán acceder a esta documentación sen necesidade de pedirlla aos cidadáns. Isto servirá para axilizar os procedementos de resolución de expedientes e dotalos de maior fiabilidade. Na imaxe, a Conselleira de Facenda, Elena Muñoz, xunto co presidente da Deputación de Ourense, logo do acto de sinatura do convenio entre ambas entidades.



O Ministerio de Industria destina 529.000 euros á implantación de novas tecnoloxías nos hoteis e aloxamentos rurais galegos

17/6/2013

O delegado do Goberno na Comunidade Autónoma de Galicia, Samuel Juárez; a directora adxunta de Servizos Públicos Electrónicos da Entidade Pública Red.es, do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo (MINETUR), María Fernández Rancaño; e a directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), Mar Pereira; presentaron a nova liña de axudas para a implantación de solucións tecnolóxicas en hoteis e aloxamentos de turismo rural.



A Xunta e o Goberno Central poñen en marcha un plan para implantar o expediente xudicial electrónico en Galicia no 2015 e impulsar a modernización tecnolóxica da xustiza

2/7/2013

O vicepresidente Alfonso Rueda, xunto coa directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), Mar Pereira, o secretario xeral da Administración de Xustiza, Joaquín Silguero, o presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Miguel Ángel Cadenas e o director de Programas da entidade pública estatal Red.es, Francisco Javier García Vieira, presentaron o Plan de actuacións en materia de modernización tecnolóxica do eido xudicial para o período 2013-2015.



A Xunta completa o traslado dos servizos tecnolóxicos do Sergas ao Centro de Proceso de Datos do Gaiás

5/7/2013

O Servizo Galego de Saúde finalizou a reubicación da infraestrutura tecnolóxica dos seus sistemas de información no Centro de Proceso de Datos (CPDI) situado na Cidade da Cultura, desde o que se xestionan agora servizos como a historia clínica electrónica, a e-receita, a cita previa ou o Expedient-e.



O Centro Demostrador TIC cumpre dous anos servindo de escaparate tecnolóxico de Galicia

7/7/2013

O Centro Demostrador TIC cumpre dous anos de actividade facilitando ás empresas tecnolóxicas galegas os medios para achegar a súa oferta de produtos ao resto dos sectores produtivos. Dende a súa creación o CDTIC acolleu un total de 57 actividades nas que participaron 778 empresas.



Segunda convocatoria de axudas para contratar internet vía satélite nas zonas máis illadas de Galicia

16/7/2013

A Xunta puxo en marcha a segunda convocatoria de axudas para contratar Internet vía satélite destinadas a fogares e pemes das zonas con máis dificultades de cobertura de toda a Comunidade. O programa conta este ano cun investimento de 359.000 euros e permitirá achegar a banda larga a case 2.400 fogares e pemes que non dispoñan de acceso á banda larga de cando menos 2Mbps, mediante outra tecnoloxía.



A Xunta consolida a itinerancia de asuntos entre xulgados e fiscalía para simplificar, axilizar e mellorar a coordinación xudicial

17/7/2013

O vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda, e o fiscal superior de Galicia, Carlos Varela, presidiron unha nova reunión da Comisión Mixta da Fiscalía, na que abordaron, entre outros asuntos, os avances logrados no primeiro semestre do ano en canto a modernización tecnolóxica.



A Xunta asina un protocolo de cooperación co sector TIC, un decálogo para o desenvolvemento dixital de Galicia

23/7/2013

O titular da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, acompañado pola directora da Axencia para Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), Mar Pereira, presidiu na Biblioteca da Cidade da Cultura a sinatura do protocolo de colaboración para a cooperación entre a Xunta de Galicia e o sector TIC, un protocolo que contén o decálogo para potenciar un desenvolvemento dixital de Galicia que favoreza a creación de emprego, a mellora dos servizos públicos e a competitividade das empresas



'Conecta Pemes' persegue impulsar a innovación entre as pequenas e medianas empresas galegas

29/07/13

O conselleiro de Economía e Industria, Francisco Conde, lembrou unha xornada en Lugo sobre os diferentes instrumentos de axuda da GAIN en Lugo que o programa 'Conecta Pemes', posto en marcha a través da Axencia Galega de Innovación (GAIN), permitirá impulsar a innovación entre as pequenas e medianas empresas galegas. O programa que mobilizará 25 millóns de euros, reflicte o especial compromiso da Xunta coa cohesión territorial a través dos plans 'Impulsa' e co estímulo á innovación nas provincias do interior.



Benestar e o Valedor do Pobo lanzan un cómic para fomentar o bo uso de Internet e das redes sociais entre a mocidade

9/9/2013

A Consellería de Traballo e Benestar vén de colaborar co Valedor do Pobo no lanzamento dun cómic que pretende fomentar o bo uso de Internet e as redes sociais entre a mocidade galega de forma "sinxela, directa e accesible". A tirada da primeira edición será de 30.000 exemplares que se distribuirán en centros educativos de Educación Secundaria.



Asinado un acordo de colaboración para o impulso do Camiño de Santiago Intelixente

17/9/2013

A Xunta de Galicia e o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo asinaron un acordo de colaboración para o impulso do Camiño de Santiago Intelixente. O Presidente da Xunta asegurou que a chegada da internet ao Camiño de Santiago "contribúe a que o carácter democrático e universal das rutas xacobeas se vexa aínda máis reforzado"



A Xunta incide na necesaria modernización da administración pública coma base da estratexia 2020 da Unión Europea

19/9/2013

O vicepresidente de la Xunta reuniuse co director de Crecemento Intelixente e Sostible do Sur de Europa da Comisión Europea, Raoul Prado, e logo clausurou na sede da Fundación Galicia Europa o seminario "La reforma del sector público en la Estrategia Europa 2020" no que incidiu na necesaria modernización da administración pública coma base da Estrategia Europa 2020 da Unión Europea para acadar un crecemento intelixente, sostible e integrador.



A Xunta renova o servizo de telecomunicacións do Sergas, que garante unha rede máis completa e moderna nos centros sanitarios pese a que supón un aforro de case un 20 por cento

19/9/2013

O presidente da Xunta anunciou a renovación do servizo de rede de telecomunicacións do Sergas, que garantirá unha rede máis completa e moderna nos centros sanitarios pese a que supón un aforro de case un 20 por cento. Trátase, segundo explicou, da licitación de "todo o servizo telefónico de xestión administrativa e de monitorización das redes informáticas do Sergas, as 24 horas e os 365 días ao ano, en todos os servizos sanitarios propiedade ou titularidade do Servizo Galego de Saúde", unha renovación que se realiza "cun dobre obxectivo: mellorar o servizo e mellorar o custo".



Xornada sobre “Conéctate con Igualdade”

01/10/2013

A secretaria xeral da Igualdade, Susana López Abella, destacou a importancia de potenciar o uso das novas tecnoloxías entre a poboación feminina e diminuír a fenda dixital existente en relación cos homes.



NO 2015 poderanse presentar telematicamente todos os trámites e simplificarase o acceso mediante claves a través do móbil

24/10/2013

O titular do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, garante a consolidación da sede electrónica da Xunta, que fará posible a presentación telemática para todos os trámites en 2015 e simplificará o acceso mediante claves a través do teléfono móbil.



Arranca o proxecto ARPAD que dotará a Galicia dun arquivo dixital único para todas as administracións públicas

4/11/2013

O vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Alfonso Rueda, xunto coa directora da Axencia para Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), Mar Pereira, asistiron á reunión de lanzamento do Proxecto ARPAD, que ten como obxectivos a creación do Arquivo Dixital de Galicia, a conservación e difusión do patrimonio documental conxunto, a habilitación de servizos dixitais e a eliminación do papel nas relacións administrativas na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.



A Lei de telecomunicacións de Galicia clave para garantir o acceso aos servizos dixitais de todos os galegos

6/11/2013

A directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), Mar Pereira, inaugurou unha xornada de presentación da Guía de Boas prácticas para o Despregamento das Infraestruturas de Telecomunicación, organizada polo Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia.



Telefónica adhirese ao pacto dixital de Galicia coa posta en marcha dun centro de emprendemento TIC no Galás

11/11/2013

O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, e o presidente de Telefónica, César Alierta, asinaron a adhesión do operador ao Pacto Dixital de Galicia, un acordo no que tanto o Goberno galego como as empresas asinantes asumen un decálogo de compromisos para atraer investimento a Galicia, favorecer a internacionalización das pemes galegas e lograr a colaboración activa entre as grandes e pequenas empresas para conseguir o crecemento do sector.



A Xunta deseña a Estratexia de Crecemento Dixital para dar continuidade aos logros tecnolóxicos alcanzados en Galicia e converxer coa UE en 2020

14/11/2013

Unha semana despois de aprobar a Estratexia de Especialización Intelixente, o presidente da Xunta avanzou a Estratexia de crecemento dixital para dar continuidade aos logros tecnolóxicos alcanzados en Galicia e converxer coa Unión Europea en 2020.



A Xunta avoga pola colaboración de pais e nais para que os seus fillos fagan un uso seguro e responsable das novas tecnoloxías

16/11/2013

O Goberno galego considera fundamental a colaboración e a implicación dos pais e nais para que os seus fillos fagan un uso seguro e responsable das novas tecnoloxías. Precisamente para afondar sobre este tema celebrouse a duodécima edición da xornada "Educando en Igualdade", que organizou a Secretaría Xeral da Igualdade baixo o título "Cidadanía e convivencia dixital".



A Xunta e as principais asociacións galegas do sector TIC comprométense a impulsar a responsabilidade social empresarial no eido tecnolóxico

20/11/2013

Impulsar a Responsabilidade Social Empresarial no sector TIC galego e fomentar a difusión dos produtos e solucións de tecnoloxía social son os dous obxectivos globais do protocolo asinado en Santiago entre a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, a directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), Mar Pereira, e os presidenteS de Agestic, José María López Bourio; de Eganet, Víctor López García; do Clúster TIC, Antonio Rodríguez del Corral e o vicepresidente de Agasol, Javier Castaño García.



Mar Pereira sinala que os grandes proxectos tecnolóxicos requiren da suma das multinacionais, das pemes e da creatividade dos novos emprendedores

22/11/2013

A directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), Mar Pereira, sinalou que en Galicia contamos coas bases para abordar grandes proxectos tecnolóxicos “nos que precisamos, non só das grandes multinacionais tecnolóxicas, senón tamén das pemes TIC galegas e de startups que sumen as súas iniciativas innovadoras a proxectos transformadores.”



A Xunta está a avanzar en novas medidas para facilitar aos autónomos a integración das TIC nos seus negocios

5/12/2013

Un dos obxectivos da estratexia tecnolóxica da Xunta de Galicia é impulsar o crecemento e a competitividade dos principais sectores produtivos galegos a través da integración das TIC nos seus modelos de negocio. Así o destacaba a directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), Mar Pereira, durante a visita a XX Feira dos Autónomos de Galicia, que se celebra en Expocoruña ata o 8 de decembro, e no que a Amtega conta cun stand.



Feijóo subliña que o Centro de Emprendemento TIC crea na Cidade da Cultura un punto de encontro do talento tecnolóxico no que os emprendedores poderán desenvolver os seus proxectos e recibir orientación e formación

11/12/2013


O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, subliñou que a posta en marcha do Centro de Emprendemento TIC crea na Cidade da Cultura un punto de encontro para o talento TIC no que os emprendedores do sector poderán desenvolver os seus proxectos e recibir orientación e formación. Así o destacou o titular do Goberno galego tras presidir a sinatura do acordo entre a Xunta e Telefónica para que este centro de ‘coworking’ bote a andar no primeiro trimestre de 2014.



Rosa Quintana destaca a importancia o uso das TIC para a posta en valor do labor dos grupos de acción costeira

23/12/2013

A conselleira do Medio Rural e do Mar, Rosa Quintana, participou esta mañá na presentación da plataforma de poxa virtual, Lonxanarede, unha iniciativa do Grupo de Acción Costeira Fisterra-Ría de Muros e Noia, GAC 4. Durante a súa intervención, a conselleira sinalou que a plataforma é un exemplo de traballo conxunto do sector a través do GAC e en beneficio do territorio. Neste sentido, destacou a importancia do uso das tecnoloxías da información e da comunicación –TIC- para a posta en valor do labor dos GAC.



**XUNTA
DE GALICIA**